



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2010.-**

<p><b><u>Sres. Asistentes:</u></b> <b><u>Sr. Alcalde:</u></b> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. <b><u>Sres. Concelleiros:</u></b> D. FRANCISCO GARCIA PREGO. D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO. D<sup>a</sup> ANA MARIA FERNANDEZ COIRA. D<sup>a</sup> VICTORIA MONTENEGRO PAZ. D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ. D. FRANCISCO ECHEVARRIA LAGE. D. FERNANDO OTERO PRIETO. D<sup>a</sup> JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D<sup>a</sup> MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. MANUEL RODRIGUEZ DOVAL. D<sup>a</sup> BELEN ABEAL PEREZ. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.  SR. SECRETARIO: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e dez minutos do día vinte e cinco de febreiro de dous mil dez, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---

**PUNTO NÚM. 1.- APROBACION ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS POLO CONCELLO PLENO OS DÍAS 26-12-2009 E 30-12-2009.-**

Toma a palabra o voceiro do BNG: Sr. Rodríguez Doval: Bos días, con respecto ao Acta do día 30 . Hai un erro nunha das votacións. En concreto é na votación da moción sobre ou Centro de Saúde, perdón, é a do 26 de novembro .Votación sobre o tema do Centro de Saúde da moción do BNG, é a final da votación que hai unha enmenda que presenta o Grupo Popular, primeiro vótase a enmenda e despois vótase a moción

O Sr. Alcalde dí que o no punto número 11.

O Sr. Rodríguez Doval di: Sometida a votación a moción o Pleno do Concello con 7 votos a favor, con 5 do PSdG-PSOE e 2 do BNG e 6 votos en contra e pon, 5 do PP e 2 do BNG. Non foron 2 do BNG, debeu ser un de NAL, porque se son 6 votos deben ser 5 máis 1.

O Sr. Alcalde manifesta: “Sí, rematado o debate sobre a votación e enmenda do PP e o Pleno do Concello 6 votos, 5 PP e 1 NAL e 7 votos en contra 5 PSdeG PSOE e 2 BNG”.



O Sr. Rodríguez Doval di que iso está ben, é 2ª votación, a votación da moción

O Sr. Alcalde manifesta: Vale, 7 votos, 5 do BNG e 2 do PSdG e 6 votos en contra, 5 do PP e 1 de NAL.”

O SR. Rodríguez Doval manifesta que xa na última, na do 30 de decembro, nós ahí percibimos que dentro da Acta, no debate que houbo faltan por recoller afirmacións que se fixeron que baixo o noso punto de vista son sustantivas. Hai en concreto, na intervención do concelleiro non adscrito, Sr. Echevarría Lage, que non está completa, cando él fai referencia a unhas supostas negociacións que se deron para a aprobacións duns orzamentos que incluían según parece, adicación exclusiva en concreto para unha persoa. Non figura recollido dentro da súa intervención esa referencia. Despois, finalmente, no final da Acta, hai unha parte que non se recolle, que eu creo que todos e todas recordamos, que a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Ana Fernandez Coira, pediu a palabra, e non se lle concedeu por parte do Alcalde. Entón esa incidencia non está recollida no acta

O SR. Alcalde dí: Si que está, e eu a vin.

O Sr. Rodríguez Doval di que non, está recollida a primeira petición de palabra. E despois ela pediu a palabra, xustamente cando levantabamos o Pleno

Resposta o Sr. Alcalde:” Intervén a Concelleira Ana Mª Fernandez coira, "¿podo falar?" E intervén ou Alcalde-Presidente que di non. Porque o voceiro do PSOE son eu.

O Sr. Rodríguez Doval di: “Ben, e despois hai unha segunda petición de palabra cando estaba rematando o Pleno, cando estabamos practicamente no último punto que foi a última intervención que se produciu e se levantou o Pleno. Eu creo que estiven nese Pleno e que houbo esa 2ª petición de palabra, pero bueno.

O Sr. Alcalde di que revisaremos o audio.

O Sr. Rodríguez Doval di : Claro hai que revisar

O Sr. Alcalde respostas: Eu sei que efectivamente pediu falar e se lle dixo que mentres non abandonase o grupo socialista que o PSOE ten voceiro

O Voceiro do BNG dí: ”En todo caso que se revise o audio e no caso do outro, tamén, no caso da outra intervención para ver si está incompleta. Porque eu recordo que o señor Echevarria pois dixo algo máis do que ven recollido nesta Acta. Tampouco teño interés en que figuren as intervencións si él non ten interés, pero vamos, para min sí ten interés o que dixo o señor Echevarría. Creo que dixo eso e non está recollido.



O Sr. Alcalde di que revisaremos o audio, se se escoita no audio recóllese. Se no audio non se escoita, entón non se pode recoller. Tamén é certo, que falou sen micrófono un momento

O SR. Secretario di que a Sra. Ana Fernández Coira ten un micro inarámico, e por iso pode ser que non se oíra.

Coas correccións sinaladas anteriormente o Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación as actas das sesión celebradas os días 26 de novembro e 30 de decembro de 2009.

**Punto núm. 2.- DAR CONTA DO AUTO DO TRIBUNAL SUPREMO 17-11-09 (ESTUDIO DETALLE PNC-15).**

Polo Sr. Secretario dase conta que remítese testemuña do Tribunal Supremo, polo cal por auto de 17 de novembro do 2009, acorda que habéndose esgotado o prazo legalmente establecido para interpoñer recurso de casación sen que a parte recorrente presentara recurso. O recurso de interposición debe declararse deserto, este Recurso por imperativo do art. 22.2 da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa co demais procedente. A Sala acorda declarar deserto o recurso.

O Concello Pleno dase por enterado.

**3.- APROBACION SE PROCEDE DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E TÉCNICAS R.S.U. DO CONCELLO DE ARES.-**

Dase conta do prego de Clausulas Administrativas Particulares e Técnicas R.S.U. do Concello de Ares do seguinte teor literal:

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXIRÁN O CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRANSPORTE A ECOPLANTA E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)**

**CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e Cualificación**



O obxectivo do presente contrato é a contratación da prestación do servizo público de Recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e Limpeza Viaria do Concello de Ares (A Coruña).

Os servizos obxecto deste contrato especificaranse no prego de Condicións Técnicas. Os Licitadores desenvolverán as súas ofertas conforme ás especificacións comprendidas, tanto no Prego de Condicións Administrativas coma no Prego de Condicións Técnicas.

A Codificación do presente contrato conforme á clasificación Estatística de Productos por Actividades (CPA) da Comunidade Económica Europea aprobado por Regulamento (CE) 204/2002 dá Comisión do 19 de Decembro de 2001, a Disposición Transitoria Primeira do R. D. 817/2009, do 8 de maio, Regulamento (CE) Nº. 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) nº. 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedimentos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV é o seguinte :

90500000-2

A explotación do servizo realizarase mediante a modalidade de concesión pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de xestión de servizos públicos tal e como establecen os artigos 8, e 251 a 265 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

## **CLÁUSULA SEGUNDA. Ámbito de Aplicación**



O ámbito territorial do presente contrato abarca toda a superficie territorial do Concello de Ares.

### **CLÁUSULA TERCEIRA. Procedemento de Selección e Adxudicación**

A forma de adxudicación do contrato de xestión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de acordo co artigo 141 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá de atenderse a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 134.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e coa cláusula novena deste Prego.

### **CLÁUSULA CUARTA. Prezo.**

O prezo total de licitación o primeiro ano será de 210.000,00 (IVE INCLUÍDO) correspondendo 196.261,69 Euros como Base Imponible e o Imposto sobre o Valor Engadido de 13.738,31 Euros, actualizándose anualmente segundo o Índice Xeral de Prezos ao Consumo (IPC).

No caso de variación nas taxas, modificación ou novos impostos, os prezos axustaránse en función das mesmas. Así as posibles variación do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), aplicaránse dende o momento da súa entrada en vigor, determinando un novo prezo total.

O presente expediente tramítase como anticipado de gasto conforme ao artigo 94.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, polo que a adxudicación sométese á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.



### **CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato**

O contrato terá unha duración de quince (15) anos, contados a partir da data de inicio dá a prestación do servizo nos termos establecidos neste Prego de Condicións Administrativas.

Antes da finalización do prazo establecido, o contrato poderá ser prorrogado, mediante acordo expreso de ambas as dúas partes contratantes, sen que a duración total do contrato, incluída as prórrogas, poida exceder de vinte (20) anos.

As prórrogas deberán ser solicitadas polo concesionario cunha antelación mínima de catro meses antes da finalización do contrato logo de aprobación do Concello. No suposto de denuncia do Contrato, o Adxudicatario terá a obriga de continuar co servizo ata a toma de posesión da nova contrata.

### **CLÁUSULA SEXTA. Clasificación do contratista**

Será requisito indispensable para tomar parte nesta contratación estar en posesión da clasificación **GRUPO :R, SUBGRUPO 5, CATEGORÍA: B**.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior para os empresarios non españoles de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten ante o órgano de contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indican na cláusula seguinte.

No caso de unións temporais de empresas (UTE), deberán de cumprir o establecido no artigo 48 da Lei 37/2007, do 30 de outubro.

### **CLÁUSULA SÉTIMA. Acreditación da Aptitude para Contratar**

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españoas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursoas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.



1. A capacidade de obrar do empresario acreditarase:

a. Dos empresarios que fosen **persoas xurídicas** mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b. Dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c. Dos demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no ámbito territorial da cal radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar reguladas no artigo 49 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público poderá realizarse:

a. Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A solvencia do empresario:

3.1 A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:



a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de xestión de servizos públicos, a solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que poderá acreditarse, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios seguintes:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudio e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudio e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.



f) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

## **CLÁUSULA OITAVA.**

### **Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa**

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de quince días contados a partir do día seguinte ao da última publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia ou no Diario Oficial de Galicia (art. 143.2 Lei 30/2007) e no Perfil do Contratante. Este último co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa a súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil do Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte : [www.concellodeares.com](http://www.concellodeares.com).

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da



oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida neste polo Concello. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibira a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décima da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar á contratación da xestión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria mediante a modalidade de concesión». A denominación dos sobres é a seguinte:



- Sobre «A»: Documentación Administrativa.

**- Sobre «B»: Proposición Económica e Documentación Técnica.**

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada destes:

SOBRE «A»

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado polo Secretario do Concello.

- Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

- Igualmente a persoa con poder bastantado para os efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 49 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Esta declaración incluírá a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva,



polo empresario ao favor do cal se vaia efectuar esta.

d) Os que xustificuen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

e) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

#### SOBRE «B»

#### PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

a) Proposición económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«D. \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, c/ \_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, en representación da Entidade \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_, decatado do expediente para a contratación da xestión do servizo público de \_\_\_\_\_ mediante a modalidade de concesión por procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, anunciado no Boletín Oficial da Provincia n.º \_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_, en o Diario Oficial de Galicia n.º -- -- - de data -----, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe seguinte:

\_\_ Euros (IVE INCLUÍDO) anuais, desglosado en \_\_ Euros correspondentes á Base Imponíble e o Imposto sobre o Valor Engadido de \_\_\_\_ Euros



En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010

Sinatura do licitador

b) Documentos que permitan á Mesa de Contratación valorar as condicións das ofertas segundo os criterios de adxudicación.

### **CLÁUSULA NOVENA. Criterios de Adxudicación**

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación que se puntuarán en orde decrecente:

- Proposta económica 51 puntos

As proposicións económicas valorásense, do seguinte xeito:

$$Ptos = 51 \times \sqrt{A/B}$$

Onde:

A = Importe anual da oferta mínima

B = Importe anual da oferta a valorar

En canto a baixas temerarias estarase ó disposto nos arts. 136 LCSP e 85 do RGLCAP.



- |  |           |
|--|-----------|
| - Plan de prestación do servizo                    | 20 puntos |
| - Maquinaria, medios técnicos e humanos            | 15 puntos |
| - Plan de Calidade e Medio ambiente e Certificados | 9 puntos  |
| - Melloras   | 5 puntos  |

### **CLÁUSULA DÉCIMA. Mesa de Contratación**

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e artigo 21 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio. Polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, estará presidida polo Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario-Interventor, e alomenos catro vocais entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo do Concello.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

Presidente : Alcalde-Presidente.

Vocais :

- O Secretario da Corporación
- Dous Técnicos Municipais.
- O Concelleiro-Delegado de Urbanismo.
- O Concelleiro-Delegado de Obras e Servizos.
- Un representante do P.P.
- Un representante do BNG.
- Un representante de NAL.
- Concelleiro non adscrito.



Secretario : O funcionario José Ángel Carballo Feijo.

### **CLÁUSULA DÉCIMA. Prerrogativas do Concello**

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 194 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

### **CLÁUSULA DÉCIMOPRIMEIRA.**

#### **Apertura de Proposicións e Adxudicación Provisional**

A Mesa de Contratación constituirase o décimo día seguinte hábil agás sábado, as 10 horas tras a finalización do prazo de presentación das proposicións. Cualificará a documentación administrativa contida nos sobres «A», esta fase non será pública.

A Mesa poderá concederá, un prazo de tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsandables observados na documentación presentada

E posteriormente, ás 12 horas procederase á apertura e exame do sobre «B», podendo nese momento a Mesa solicitar cantos informes técnicos considere precisos. (Esta fase será pública).

Recibidos os informes, e reunida de novo a Mesa de Contratación, realizará proposta de adxudicación provisional ao órgano de contratación.



A adxudicación provisional do contrato deberá efectuarse no prazo de 2 meses dende a apertura das proposicións; debendo notificarse a mesma aos licitadores e publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto fronte ó Concello. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

#### **CLÁUSULA DÉCIMOSEGUNDA. Garantía Definitiva.**

O licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban surtir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España que deberá depositarse nos establecementos sinalados, na letra a) anterior.



c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprira satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 88 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

### **CLÁUSULA DÉCIMOTERCEIRA. Adjudicación Definitiva**

A elevación a definitiva da adjudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique aquela no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia e no Perfil do contratante.

Durante este prazo, o adjudicatario provisional deberá achegar os documentos acreditativos de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de constituír a garantía definitiva, e de aboar todos os anuncios de licitación. Así mesmo, poderá esixirse motivadamente ao adjudicatario que acredite de novo a súa personalidade e capacidade para contratar.

A adjudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de quince días anterior, sempre que o adjudicatario presentara a documentación sinalada e constituído a garantía definitiva.

Cando non proceda a adjudicación definitiva do contrato ao licitador que resultase adjudicatario provisional por non cumprir este as condicións necesarias para iso, antes de proceder a unha nova convocatoria o concello poderá efectuar unha nova adjudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adjudicatario prestara a súa conformidade, en cuxo caso se concederá a este un prazo de dez días hábiles para cumprir o sinalado anteriormente.

### **CLÁUSULA DÉCIMOCUARTA. Formalización do Contrato**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adjudicación definitiva; constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.



O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

### **CLÁUSULA DÉCIMOQUINTA. Dereitos e Obrigas**

#### **A) Obrigas do Contratista**

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito a utilizalo nas condicións que fosen establecidas e mediante o abono, se é o caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas.

- Coidar a boa orde do servizo, podendo ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía atribuídos á Concello.

- Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputables ó Concello. Deberá dispor dunha póliza de responsabilidade civil de alomenos 1.500.000,00 € por sinistro, e 250.000,00 € por persoa para cubri-las continxencias que poidan derivarse da execución do presente contrato.

- Respetar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade, respecto das empresas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de subministración consecuencia do de xestión de servizos públicos.

- Obter a axeitada compensación económica para manter o equilibrio económico da concesión, no suposto de modificacións do servizo impostas polo concello que aumenten os custos ou diminúan a retribución; e nos casos en que por causas alleas ás partes contratantes se alterasen as bases económicas da concesión contempladas no momento do seu outorgamento.



- Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais abondos para iso, esta obriga considérase esencial. (Artigo 53.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público).

- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 210 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público para os supostos de subcontratación.

- Gastos esixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

- Aceptación incondicionada da totalidade do contido das Cláusulas Administrativas Particulares sen salvidade e reserva ningunha.

#### B) Obrigas do concello.

- Poñer a disposición do contratista os medios necesarios para a prestación do servizo.

- Se o concello non fixese efectiva ao contratista a contraprestación económica ou non entregase os medios auxiliares a que se obrigou no contrato dentro dos prazos previstos neste e non procedese a resolución do contrato ou non a solicitase o contratista, este terá dereito ao interese de demora das cantidades ou valores económicos que aqueles signifiquen, de conformidade co establecido no artigo 200 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

#### C) Dereitos do Contratista.

O contratista ten dereito ás contraprestacións económicas previstas neste contrato que se levarán a cabo mediante certificacións mensuais como consecuencia do traballo realizado no mes anterior.



O contratista ten dereito a percibir todos os ingresos xerados polas recollidas selectivas de residuos (envases lixeiros, papel-cartón, vidro ou outros) ou dos residuos considerados como non convencionais (voluminosos e outros afíns)

### **CLÁUSULA DECIMOSEXTA. Revisión de Prezos**

#### A) Revisión ordinaria:

Vencido o primeiro exercicio de vixencia do contrato revisarase a tarifa a percibir tendo dereito nos exercicios sucesivos a unha única revisión anual, de acordo coas variacións que experimente o IPC estatal. Os efectos económicos da revisión de prezos aplicaranse a partir do mes de xaneiro de cada ano. Os prezos unitarios incluídos na oferta do concesionario revisaranse así mesmo ao termo do primeiro exercicio de vixencia conforme ao IPC de ámbito nacional, nas mesmas condicións establecidas anteriormente.

#### B) Revisión extraordinaria

Cando por parte do adxudicatario se estimase que existiu unha ruptura do equilibrio financeiro do contrato, pola aparición de circunstancias sobrevidas e imprevisibles, deberá presentarse un estudio económico que as acredite, así como a súa alteración e as medidas a adoptar para a súa restauración. O devandito documento someterase a informe e consideración do Concello, que terá en conta as partidas contables e os seus importes, a documentación que achegou a empresa adxudicataria referentes aos gastos de explotación. A finalidade do devandito trámite administrativo é a de estudar, detidamente, se nos achamos ante un suposto de variación nos considerados gastos ordinarios, ou, se pola contra, queda plenamente acreditada a aparición das denominadas circunstancias sobrevidas e imprevisibles.



Se como resultado do disposto na presente cláusula, se conclúise a alteración do equilibrio financeiro do servizo, o Concello, adoptará calquera das medidas que permita a normativa vixente na forma, contía e co alcance que considere pertinente.

### **CLÁUSULA DECIMOSÉTIMA. Reversión**

Cando finalice o prazo contractual, o servizo reverterá o concello, debendo o contratista entregar a maquinaria, obras ou instalacións ás que estea obrigado conforme ao contrato e no estado de conservación e funcionamento axeitados.

Durante un período de 20 días anteriores á reversión, o Concello adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens se verifique nas condicións convidadas.

### **CLÁUSULA DECIMOITAVA. Execución do Contrato**

O contratista está obrigado a organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados neste.

En todo caso, o concello conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos de que se trate.

### **CLÁUSULA DECIMONOVENA**

#### **Modificación do Contrato e Mantemento do Equilibrio Económico**

O concello poderá modificar por razóns de interese público as características do servizo contratado e as tarifas que han de ser aboadas polos usuarios.



Cando as modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato, o concello deberá compensar o contratista de maneira que se manteña o equilibrio económico do contrato. Non procederá tal compensación, no caso de que os acordos que dite o concello respecto ao desenvolvemento do servizo carezan de transcendencia económica.

O concello deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio de calquera das partes nos seguintes supostos:

- a) Cando o concello modifique, por razóns de interese público, as características do servizo contratado.
- b) Cando actuacións do concello determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.
- c) Cando causas de forza maior determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato, entendéndose por «forza maior» o disposto no artigo 214 da Lei 30/2007, do 30 de outubro.

O restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante medidas que poderán consistir na modificación da tarifa a aboar polo concello, a redución ou ampliación do prazo do contrato, e en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico do contrato.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 140 da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMA. Incumprimento e Penalidades**

#### **A) Incumprimento**

Se do incumprimento por parte do contratista se derivase perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público e o concello non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a súa intervención ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá aboar á Concello os danos e prexuízos que efectivamente se produciran.

#### **B) Penalidades por Incumprimento**



Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais abondos para iso, imporanse penalidades na proporción do 10% do prezo de licitación.

Se o incumprimento é considerado como moi grave e atendendo á súa condición de deber esencial tal e como se establece na cláusula relativa ás obrigas e dereitos, poderá dar lugar á resolución do contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non se poidan deducir das mencionadas certificacións.

A tal efecto serán de aplicacións as seguintes INFRACCIÓNS E SANCIÓNS :

As infraccións que cometa o concesionario poderán ser cualificadas como moi graves, graves e leves.

Terán a consideración de faltas **MOI GRAVES** as seguintes:

- a) A cesión, subcontrato ou traspaso en todo ou en parte do servizo contratado, baixo calquera modalidade ou título, sen cumprir os condicionamentos legais.
- b) A acumulación de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.
- c) O incumprimento das obrigas laborais, de seguridade social, de seguridade e saúde laboral, sempre que revistan carácter esencial.
- d) A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ó concesionario, por un prazo que exceda de 48 horas salvo nos supostos de folga no imputables o contratista.
- e) A resistencia reiterada ós requirimentos efectuados pola Administración mediante resolución expresa, cando produza un prexuízo grave á execución do contrato respecto de prestacións esenciais.
- f) A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes ós previstos nos pregos e nas ofertas do contratista cando produzan un prexuízo grave na execución do contrato.
- g) A prestación dos servizos notoriamente deficiente, irregular ou incompleta que cause perigo para a saúde pública, incomodidade ou prexuízo grave ós cidadáns, salvo que figure tipificada especificamente noutro apartado.
- h) A modificación na prestación do servizo sen previa autorización municipal.

Terán a consideración de faltas **GRAVES** as seguintes:



- a) A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen riscos para a saúde.
- b) A resistencia ós requirimentos efectuados pola Administración, ou a súa inobservancia.
- c) A utilización de sistemas de traballo diferentes ós previstos no proxecto, nos pregos e na oferta do contratista, no seu caso.
- d) A non utilización polo persoal de dispositivos reflíctantes en horario nocturno ou diúrno se neste último caso as circunstancias meteorolóxicas así o esixen.
- e) A utilización de vehículo que traballe sen luces ou outros dispositivos de seguridade previstos na súa homologación.
- f) Manipular os colectores de forma que poida provocar o seu deterioro e non depositalos nos lugares axeitados e en condicións que eviten o seu desprazamento.
- g) A acumulación de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.
- h) Omisión do deber de comunicar situacións contrarias ó bo estado da recollida, cando sexan relevantes.
- i) Non cumprir, agás previa autorización do Concello, o itinerario, as datas ou o horario previstos para a recollida.

Terán a consideración de faltas **LEVES** as seguintes:

- a) A falta de aseo ou uniforme regulamentario do persoal ó servizo do concesionario.
- b) A mera interrupción ou imperfección na prestación dalgún servizo.
- c) O atraso inxustificable de comezo dos servizos cando este requisito sexa esixible.
- d) A falta de respecto ó público, ós inspectores dos servizos técnicos municipais e axentes da autoridade.
- e) Os altercados ou disputas entre persoal do servizo durante a prestación do mesmo.
- f) Outros incumprimentos de normas específicas previstas nos pregos e que non constitúen infracción doutra natureza.

#### **Sancións:**

- Faltas LEVES: multa de ata 300,51 euros.
- Faltas GRAVES: multa de contía comprendida entre 300,51 euros e 3.000 euros.
- Faltas MOI GRAVES: multa de contía comprendida entre 3.000 euros e 5.000 euros.

As contías das sancións entenderanse actualizadas en función da variación do IPC para o conxunto do estado publicado polo INE ou organismo que o substitúa.



Tanto o importe das multas como os das responsabilidades administrativas poderanse esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se é o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbera lugar, en caso de incumprimento na prestación do servizo.

As sancións impóranse previa incoación e instrución do correspondente expediente sancionador con audiencia ó concesionario.

A resolución do expediente sancionador corresponderá o órgano competente do Concello cando se trate de faltas graves ou moi graves e ós Alcaldes cando se trate de faltas leves.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Resolución do Contrato**

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego; nos fixados nos artigos 206, con excepción dos supostos contemplados nas súas letras e) e f); e nos establecidos no artigo 262 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautárase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Concello, no que excedan do importe da garantía.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Réxime Xurídico do Contrato**

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerá polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña á Lei 30/2007; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

## **PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS QUE REXERAN A CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE ARES.**

### **PARTE I: ASPECTOS XERAIS DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

#### **CAPITULO I. OBXECTO DO CONTRATO.**

E obxecto do presente prego de prescrición s técnicas particulares a regulación das condición s de tal natureza no ámbito do obxecto contractual referido no prego de cláusulas administrativas particulares, tendo en conta a forma de xestión e modalidade contractual – concesión de servizo- conforme á regulación que se contén no referido prego de condición s administrativas particulares.

A tales efectos os servizos a prestar son os seguintes:

- 1.- RECOLLIDA DE BOLSA NEGRA
- 2.- RECOLLIDA DE ENVASES LIXEIROS
- 3.- RECOLLIDA DE ENSERES DOMÉSTICOS
- 4.- TRANSPORTE DE RSU
- 5.- SERVIZOS COMUNS
- 6.- LIMPEZA VIARIA

Cada un destes servizos realizaranse nos termos que se indican nos capítulos sucesivos definíndose cada un deles no ámbito territorial e funcional, así como será de aplicación o establecido no Plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia.

#### **CAPITULO II. ÁMBITO DE PRESTACIÓN**

##### **SECCIÓN 1ª - ÁMBITO TERRITORIAL**

Os servizos de recollida e transporte estenderanse a todo o termo municipal do Concello, incluíndo casco urbano e zonas rurais.



## SECCIÓN 2ª - ÁMBITO FUNCIONAL

Os servizos que comprende o presente concurso son:

### 1.- RECOLLIDA DA BOLSA NEGRA.

O servizo de recollida dos residuos da bolsa negra comprenderá as operacións de recollida de carácter domiciliario, procedentes de vivendas, edificios privados ou públicos, comercios, etc., e calquera outros residuos que non tendo a cualificación de perigosos nin estando exceptuados pola súa natureza ou composición, se asimilen ós anteriores.

Por acordo do Pleno do Concello, ou a Xunta de Goberno Local, no seu caso, poderá modificar as operacións de recollida, diferenciando os residuos de carácter orgánico do resto da denominada Bolsa Negra, que obrigará o adxudicatario. En este caso se fixara o novo coste do servizo.

### 2.- RECOLLIDA DE ENVASES LIXEIROS

O servizo consiste na recollida de envases lixeiros, que seleccionados en orixe polos cidadáns e colocados en bolsas sexan depositados nos colectores que se encontrarán nas proximidades dos domicilios ou establecementos públicos e privados, comercios, oficinas, hoteis, bares, etc.

O servizo realizarase recollendo os residuos dos recipientes que os conteñan, e depositándoos en vehículos recolectores-compactador, revertendo os colectores unha vez baleiros ao lugar de orixe. A devandita operación realizarase co máximo coidado, para non ensuciar as beirarrúas e calzadas, debendo proceder inmediatamente á limpeza dos produtos que se vertan na manobra.

### 3.- RECOLLIDA DE ENSERES DOMÉSTICOS

O servizo consiste na recollida de residuos voluminosos (mобles e aparellos domésticos), xa que pola súa natureza e dimensións, volume, peso e outras características fai que teñan que ser recollidos dun modo diferente. Este servizo prestarase unicamente a veciños particulares e colexios, que en momentos puntuais necesitan desprenderse dalgún residuo das características antes citadas, non a establecementos comerciais, industrias, centros sanitarios, etc. Non serán obxecto da presente recollida aqueles produtos que conteñan líquidos, e todos os catalogados como residuos perigosos **RP'S**.

O servizo realizarase recollendo estes residuos da vía pública, nas inmediacións dos inmobles dos usuarios.

### 4.- TRANSPORTES

Os residuos correspondentes coa fracción xenérica e selectiva deberán ser transportados inmediatamente ao finalizar cada percorrido á instalación de transferencia ou



tratamento que determine o **concello** en cada momento, segundo os convenios subscritos ou que se poidan subscribir no futuro.

Para o presente concurso, e os efectos do cálculo económico, considerarase que o destino dos residuos é a planta de transferencia que actualmente dispón **Sogama en Narón**.

No suposto de que o centro de destino se trasládase a unha distancia superior redimensionar se este servizo.

#### 5.- SERVIZOS COMÚNS.

Comprende os servizos técnicos, administrativos, almacéns, control e vixilancia, talleres e análogos, que son comúns a totalidade dos servizos.

#### 6.- LIMPEZA VIARIA.

As operacións a realizar polo adxudicatario son as seguintes:

A limpeza da totalidade das vías públicas, é dicir, rúas, prazas, beirarrúas, paseo marítimo municipal dende a Ponte da Cascada e toda a Avenida Saavedra Meneses, rúas peonís, etc., de todo o casco urbano da capitalidade do municipio, casco urbano de Redes e parroquia de Cervás-Chanteiro, incluídos os parques e xardíns.

Limpezas de repaso naquelas rúas nas que polas súas características, sexa necesario este servizo.

Limpar as rúas ou prazas onde se celebren feiras ou mercados.

Limpeza e baleirado das papeleiras.

Estas operacións desenvolveranse por medio de varrido manual e varrido de repaso e mantemento. Os licitadores fixarán nas súas ofertas o procedemento a utilizar en cada caso.

#### FRECUENCIA E HORARIOS DA LIMPEZA VIARIA.

O servizo de limpeza viaria prestarase tódolos luns, martes, xovés e venres e nos días das alfombras florais, feiróns e patrons no núcleo de Ares, e en Redes e Chanteiro-Cervás dous días á semana e prestaráse en xornada diurna, empezando a primeiras horas da mañá, excepto feiróns.



## **PARTE II: FORMA DE ACTUACIÓN E EXECUCIÓN DOS SERVIZOS.**

### **CAPÍTULO III – SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RSU**

#### **SECCIÓN 1ª - DISPOSICIÓNS XERAIS**

Correspóndelles as empresas licitadoras propoñer para cada un dos servizos definidos na sección 2ª do capítulo II os sistemas máis eficaces para a súa prestación.

Definirán con todo detalle o proxecto de organización para cada un dos servizos considerados con suxeición estricta ás condicións establecidas neste capítulo, de tal xeito que se cumpra o obxectivo fundamental de recoller tódolos residuos axeitadamente. En todo caso o proxecto cumprirá as determinacións mínimas que se establecen no presente prego.

A tal efecto os licitadores explicarán nas súas ofertas os plans de recollida para a consecución dos obxectivos mencionados, definirán para cada un dos servizos que máis adiante se describen:

- Metodoloxía e sistemas para empregar en cada unha das operacións (carga, descarga, transporte).
- Medios técnicos a empregar, características e rendementos debidamente xustificadas.
- Frecuencias e horarios de traballo.

#### **SECCIÓN 2ª - RECOLLIDAS**

##### **2.1.- DEFINICIÓN DO SERVIZO.**

Os traballos consistirán en retirar os residuos de carácter domiciliario, que, en bolsas, deben ser depositados nos recipientes normalizados (colectores), que se encontrarán nas proximidades dos domicilios privados, establecementos industriais, comerciais e edificios públicos.

Os licitadores deben propoñer nas súas ofertas un proxecto de contenerización de **RSU** co obxectivo básico de definir e establecer as necesidades particulares para este tipo de recollida por zona e a localización de cada colector a implantar, así como as características destes e o seu número.

Neste proxecto de contenerización terase en conta a valoración por adquisición, distribución, mantemento e reposición, lavado e desinfección dos devanditos colectores.

A empresa adxudicataria recollerá os residuos dos colectores, depositando os residuos en vehículos recolletores compactador, e devolvendo os colectores unha vez baleiros, no seu lugar de orixe, deixándoos freados, os que dispoñan deste sistema.



Durante as operacións de manipulación ou traslado dos recipientes con residuos **non** poderanse derramar e no caso de suceder, a concesionaria está obrigada a retiralos rapidamente, e quedarán limpos nos lugares onde se efectuou a recollida, e se dispoñerá para iso dos medios e materiais necesarios.

Non se permitirá o transvasamento de lixos dun vehículo a outro. en caso de absoluta necesidade, esta operación só poderá efectuarse nos lugares previamente autorizados polo concello. En todo caso procederá de forma que non se produzan derramos e malos olores.

Os vehículos do servizo situaranse no posible de forma que non obstaculicen o tránsito na vía pública.

Os obxectos de valor que o contratista encontre entre os residuos, deberán ser entregados no departamento municipal habilitado para tal fin.

A recollida de enseres domésticos realizarase recollendo estes residuos da vía pública, nas inmediacións dos inmobles dos usuarios deste servizo e utilizando para iso un camión de caixa aberta.

## 2.2.- HORARIOS E FRECUENCIA

A recollida de residuos efectuarase, 6 veces por semana na zona urbana Ares- Redes (diario do 15 de xuño ao 15 de setembro) e 3 veces no rural Lubre, Chanteiro, Cervás etc., A recollida de aparellos farase 1 vez ao mes. Nos meses de xuño (a partir do día 15), xullo, agosto e setembro (ata o día 15) efectuaráse un servizo de limpeza de papeleiras diario nos arenais e a limpeza dos propios arenais os luns, mércores e venres (A Magdalena, Seselle, O Raso, Area Morta, Sabadelle, Estacas e Chanteiro).

Os itinerarios, horarios e días propoñeranos as empresas licitadoras, sempre que sexan aceptadas polo concello, sendo o criterio deste o que fixará a decisión definitiva.

## SECCIÓN 3ª - TRANSPORTES

Os residuos correspondentes coa fracción xenérica e selectiva deberán ser transportados inmediatamente ao finalizar cada percorrido á instalación de transferencia ou tratamento que determine o **concello** en cada momento, segundo os convenios subscritos ou que se poidan subscribir no futuro.

Para o presente concurso, e os efectos do cálculo económico, considerarase que o destino dos residuos é a planta de transferencia que actualmente dispón **Sogama** en **Narón**.

No suposto de que o centro de destino se trasladase a unha distancia superior redimensionar se este servizo.

## PARTE III. – PERSOAL, MATERIAL E INSTALACIÓNS FIXAS



## **CAPITULO VII – PERSOAL**

### **SECCIÓN 1ª - XERALIDADES**

Os licitadores proporán oferta detallada das previsións de cadro de persoal que consideren necesarias en cada unha das operacións para realizar, co seguinte detalle:

- Persoal necesario para a realización dos traballos.
- Peóns-Condutores.

No seu caso deben indicar o persoal necesario das citadas categorías para asegurar a execución dos traballos cando se produzan baixas por vacacións, absentismo laboral, enfermidade, accidente e outras causas debidamente xustificadas.

Persoal necesario para exercer labores de vixiancia e control que aseguren a correcta execución dos servizos, nas categorías de:

- Encargados.
- Capataces.
- Outros mandos intermedios.

Así mesmo deberán presentar relación detallada de todo o persoal indirecto asignado ós servizos, co fin de garantir o bo funcionamento dos mesmos e dentro da seguinte desagregación:

- Dirección e persoal técnico dos servizos.
- Administración.
- Taller.
- Almacén.
- Outros servizos.

O Concello non terá ningunha relación xurídica laboral nin de calquera outra índole co persoal da concesionaria.

O concesionario deberá ter asegurado a todo o persoal ó seu cargo. Deberá dispor de seguro de responsabilidade civil que cubra posibles danos a terceiros na realización dos traballos previstos, na contía disposta no prego de cláusulas administrativas particulares.

En caso de folga de persoal, o Concello comunicarlle ó concesionario os servizos mínimos que considera necesarios, co fin de cubrir as necesidades do servizo, oído previamente o Comité de Folga.

### **SECCIÓN 2ª - VESTIARIO E MEDIOS AUXILIARES**

Todo o persoal fixo ou eventual dos servizos, deberá ir uniformado por conta da empresa. O tipo de uniforme será distinto no inverno e no verán.



A cantidade e calidade do vestiario para o persoal, cumprirá en todo momento o acordado polos convenios colectivos, non será en ningún caso inferior a dous uniformes anuais, un de inverno e outro de verán, deberase completar en tempo de choiva con pezas impermeables de cor ben visible.

Cumprirase estrictamente a lexislación vixente sobre a prevención de riscos laborais e en relación coa seguridade e hixiene no traballo, protección, formación etc.

Describirase a organización de apoio na xestión coa que se contará dende a organización xeral da empresa, con detalle dos medios xerais da empresa a disposición da contrata pero non asignados de maneira exclusiva a esta.

## **CAPITULO VIII – MATERIAL E MAQUINARIA E OUTROS**

### **SECCIÓN 1ª - MATERIAL E MAQUINARIA**

Os licitadores deberán detallar a totalidade do material e maquinaria necesaria para a realización dos servizos contemplados neste prego de condicións.

En todo momento o contratista deberá ter en funcionamento a maquinaria e material necesario para prestar os servizos, polo que disporá dos equipos de reserva que considere oportunos, debendo indicar nas súas ofertas o plan de reserva proposto.

Os gastos de adquisición, instalación, seguros, mantemento, conservación e xestión do material tanto técnica como económica de tódolos equipos, correrán a cargo da empresa adxudicataria, incluído o vehículo aportado polo Concello.

Tódolos vehículos que traballen na vía pública serán perfectamente visibles e disporán dos sistemas de seguridade obrigatorios, para os operarios que traballen en conexión co conductor.

Aqueles que realicen traballos na vía pública, estarán equipados cos equipos de sinalización precisa para a súa mellor detección e evitar riscos para os peóns e o tráfico rodado.

### **SECCIÓN 2ª - FERRAMENTAS**

O adxudicatario aportará cantas ferramentas manuais, mecánicas ou de outro tipo que se precisen para unha boa realización do servizo proposto, dispoñendo das reservas correspondentes para suplir as normais incidencias que xurdan.

### **SECCIÓN 3ª - IMAXE E IDENTIFICACIÓN**

a.- Tódolos vehículos e material que realicen traballos nas vías públicas disporán da sinalización e sistemas de seguridade obrigatorios. Do mesmo xeito, os operarios adscritos



a estes vehículos, contarán cos elementos de protección e seguridade que lles sexan de aplicación.

- b.- En canto ós aspectos relacionados coa imaxe cara o cidadán deberán cumprir:
- Normas de pintura que se precisen a través da homologación dos equipos que no seu momento se aproben.
  - Niveis de ruído e contaminación non superiores os permitidos.

#### SECCIÓN 4ª - MANTEMENTO DE MAQUINARIA E MATERIAL MÓBIL

Valorarase positivamente a creación dun plan detallado de mantemento preventivo de cada un dos equipos ofertados, indicando a metodoloxía de execución de dito plan de mantemento, sendo os gastos que orixine a execución do mesmo, por conta do adxudicatario.

Tódolos vehículos automóbiles, tanto lixeiros como medios ou pesados, que deban someterse á Inspección Técnica de Vehículos, farano segundo establece a normativa en vigor. Dos resgardos acreditativos desta inspección, enviarase unha copia á xefatura municipal do servizo sempre que a solicite.

### PARTE IV – ORGANIZACIÓN XERAL

#### CAPITULO IX – SERVIZOS COMÚNS

##### Dirección, vixilancia e control:

Á fronte dos servizos e como máximo responsable dos mesmos deberá figurar unha persoa suficientemente cualificada, que manterá contacto ca xefatura municipal. Dita persoa deberá atoparse en todo momento localizable e dispoñible, mais non será precisa a súa dedicación exclusiva.

##### Talleres:

Será obriga do contratista a organización e execución dos traballos de conservación, entretemento e reparacións para que toda a flota de vehículos e demais material móbil existentes se atope sempre en condicións óptimas de servizo.

##### Servizos médicos:

Todo o persoal será sometido as correspondentes revisión médicas, someténdose o concesionario ás normas dictadas polas autoridades laborais competentes na materia.

MAQUINARIA E FERRAMENTAS CEDIDA POLO CONCELLO : Camión marca RENAULT, modelo 260.18 (bom). Matrícula C-1884-CB.



**Persoal adscrito ao servizo :**

<b>Fernandez López Andres</b>	<b>(Conductor)</b>
<b>Tellado Farina Francisco</b>	<b>(Peón)</b>
<b>Martínez Martínez Antonio</b>	<b>(Peón)”</b>

Acto seguinte dase conta do informe do SR. Secretario de data 19 de febreiro de 2010, que seguidamente se transcribe:

**INFORME DE SECRETARÍA**

**ASUNTO : CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.**

En cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, emito o seguinte,

**INFORME**

**PRIMEIRO.** O artigo 8 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, define o contrato de xestión de servizos públicos como aquel en cuxa virtude «unha Administración pública encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo cuxa prestación foi asumida como propia da súa competencia pola Administración encomendante».

Das diferentes modalidades que pode adoptar a xestión de servizos públicos, de conformidade coa letra a) do artigo 253 da Lei 30/3007, a concesión será aquela pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.



**SEGUNDO** A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 8, 22, 42, 93, 94, 116, 117, 122 e seguintes, 134 e seguintes, 141 a 145, 251 a 265 e Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

— A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Os efectos, cumprimento e extinción deste contrato de xestión de servizos públicos regularanse pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, **excluídos** os artigos 196 apartados 2 a 7 (penalidades por demora), 197 (resolución por demora e prórroga), 203 (suspensión dos contratos) e 205 (cumprimento do contrato e recepción da prestación) e polas disposicións especiais do respectivo servizo, en canto non se opoñan a ela.

**TERCEIRO.** Para que a Administración poida xestionar indirectamente, mediante o contrato de xestión de servizos públicos os servizos da súa competencia, de conformidade co artigo 251.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, estes deberán ter un contido económico que os faga susceptibles de explotación por empresarios particulares, e en ningún caso, poderán implicar o exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos.

**CUARTO.** Á vista do canon do contrato referenciado que ascende a 195.300,00 euros e 14.700,00 euros de IVE, o órgano competente para efectuar a presente



contratación e tramitar o expediente e de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, será o Pleno do Concello, pois de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, corresponden aos Alcaldes as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Así mesmo, corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade local].

**QUINTO.** Dadas as características do servizo público que se pretende xestionar, consideraríase como procedemento máis adecuado para a súa adxudicación o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa varios criterios de adxudicación.

No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

**SEXTO.** O procedemento de adxudicación iniciarase coa convocatoria da licitación, que se anunciará no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, tendo en conta que en virtude do artigo 126 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público «Os procedementos para a adxudicación de contratos das Administracións Públicas (...) deberán publicarse no Boletín Oficial do Estado. Non obstante, cando se trate de contratos das Comunidades Autónomas, Entidades Locais ou organismos ou entidades de dereito público dependentes das mesmas, poderase substituír a publicidade no Boletín Oficial do Estado pola que se realice nos diarios ou boletíns oficiais



autonómicos ou provinciais

Este anuncio de licitación publicarase, así mesmo, no Perfil de contratante do órgano de contratación.

**SÉTIMO.** As proposicións dos interesados, que deberán axustarse ao previsto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e implican a aceptación incondicionada do contido de ditas condicións, presentaranse polos interesados no prazo de QUINCE contados desde a publicación do anuncio do contrato.

As proposicións serán secretas e cada licitador non poderá presentar máis dunha. A presentación das proposicións certificarase pola Secretaría.

**OITAVO.** O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación, composta por un Presidente, os Vogais e un Secretario, cuxas funcións serán as enumeradas no artigo 22.1 do Real Decreto 817/2009.

A composición da Mesa axustarase ao disposto no artigo 21 do citado texto legal. Segundo a Disposición adicional segunda punto décimo da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

O artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente



a Lei 30/2007, establece que as mesas de contratación estarán compostas por un Presidente, un Secretario e, polo menos, catro vogais, todos eles designados polo órgano de contratación. Entre os vogais deberá de figurar obrigatoriamente un funcionario dos que teñan encomendado o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor ou, a falta de calquera destes, quen teña atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico ou ao control económico-orzamentario do órgano.

Neste sentido, a Disposición Adicional Segunda apartado décimo da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público opera como «mínimo» e o artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, desenvolve e precisa o anterior, de tal forma que a Mesa de Contratación estará composta por un Presidente, un Secretario **e, polo menos, catro vogais**, entre os vogais figurará o Secretario da Corporación ou quen teña atribuída a función de asesoramento xurídico e o Interventor.

A composición da Mesa de contratación publicarase no perfil de contratante cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei de Contratos do Sector Público.

Ás reunións da mesa de contratación poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos a tratar, os cales actuarán con voz pero sen voto

A Mesa de contratación cualificará previamente a documentación (SOBRE «A») a que se refire o artigo 130 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Se a Mesa observase defectos ou omisións corrixibles na documentación administrativa presentada, outorgará un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou emenden ante a propia mesa de contratación.



De conformidade co artigo 134.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, tales como a calidade, o prezo, a fórmula utilizable para revisar as retribucións ligadas á utilización da obra ou á prestación do servizo, o prazo de execución ou entrega da prestación, o custo de utilización, as características medio ambientais ou vinculadas coa satisfacción de esixencias sociais que respondan a necesidades, definidas nas especificacións do contrato, propias das categorías de poboación especialmente desfavorecidas ás que pertencen os usuarios ou beneficiarios das prestacións a contratar, a rendibilidade, o valor técnico, as características estéticas ou funcionais, a dispoñibilidade e custo dos repostos, o mantemento, a asistencia técnica, o servizo postvenda ou outros semellantes.

A apertura das proposicións deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado desde a data de finalización do prazo para presentar ofertas. Segundo a regulación establecida no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, deberán presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición, os criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor (SOBRE «C»). A estes efectos, a apertura deste sobre levarase a cabo nun acto público, cuxa celebración debe ter lugar nun prazo non superior a sete días a contar desde a apertura da documentación administrativa a que se refire o artigo 130.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A estes efectos, segundo o establecido no artigo 27.1 parágrafo 2.º do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, sempre que resulte precisa a corrección de erros ou omisións na documentación presentada no sobre «C», a Mesa concederá para efectuala un prazo inferior aos sete días establecidos no parágrafo anterior, ao obxecto de que o acto de apertura poida celebrarse dentro del.

Neste acto **só** se abrirá o sobre correspondente aos criterios non cuantificables automaticamente (SOBRE «C») entregándose ao órgano encargado da súa valoración a documentación contida no mesmo; así mesmo, deixarase constancia documental de todo o actuado.



Obrigatoriamente, cando se atribúa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas unha ponderación inferior á correspondente aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, deberá constituírse un comité que conte cun mínimo de tres membros, formado por expertos non integrados no órgano proponente do contrato e con cualificación apropiada, ao que corresponderá realizar a avaliación das ofertas conforme a estes últimos criterios, ou encomendar esta avaliación a un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos.

Dado que para a valoración das proposicións deberán terse en conta criterios distintos ao do prezo, a Mesa poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos.

A ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor darase a coñecer no acto público de apertura do resto da documentación que integra a proposición (sobre «B»).

A valoración dos criterios cuantificables de forma automática (sobre «B»), efectuarase sempre con posterioridade á daqueles cuxa cuantificación dependa de un xuízo de valor (sobre «C»).

De acordo co artigo 145.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector público, o prazo máximo para efectuar a adxudicación provisional será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións, salvo que se establecese outro no prego de cláusulas administrativas particulares.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte a la Administración.



A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que deberá notificarse aos licitadores e publicarse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Perfil de contratante do órgano de contratación.

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique aquela nun diario oficial ou no Perfil de contratante do órgano de contratación.

Durante este prazo, o adxudicatario deberá presentar a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se comprometesen a dedicar ou adscribir á execución do contrato, así como constituír a garantía procedente.

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva no prazo dos dez días hábiles seguintes á expiración do prazo para presentar a documentación xustificativa polo adxudicatario.

A adxudicación definitiva do contrato, que en todo caso deberá ser motivada, notificarase aos licitadores.

Segundo dispón o artigo 138.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, a adxudicación definitiva dos contratos cuxa contía sexa superior ás cantidades indicadas no artigo 122.3 publicarse no Perfil de contratante do órgano de contratación.

Así mesmo, cando o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa igual ou superior a 100.000 euros a dito importe ou o seu prazo de duración exceda de cinco anos, deberá publicarse un anuncio no que se dea conta da adxudicación definitiva no Boletín Oficial da



Provincia de A Coruña, nun prazo non superior a corenta e oito días a contar desde a fecha de adxudicación do contrato.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

De conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, deberanse comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público.

Os datos básicos dos contratos adxudicados que conterán as comunicacións ao Rexistro de Contratos do Sector Público establécense no Anexo I do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

Así mesmo, dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato para o exercicio da función fiscalizadora deberá remitirse ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma unha copia certificada do documento no que se formalizase aquel, acompañada dun extracto do expediente en que se derive, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros (Artigo 29 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público).”

O Sr. Alcalde di que trátase dun prego que levouse á xunta de voceiros, onde dalgunha maneira, expúsoxe a necesidade de renovar a contratación do servizo porque xa estaba caducado. Xa pasou o tempo e xa rematou o actual contrato e trátase de renovar a prestación do servizo de recollida, onde incorpóranse a maiores a limpeza viaria e a limpeza de praias.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández quen manifesta: Eu, moi brevemente, como tí ben dixeches agora, isto foi un tema que foi á



xunta de voceiros e alí cando se deron os datos máis importantes, do que consistía o prego de condicións, aparte da contía, a maiores os servizos de limpeza de praias e limpeza viaria. Eu intevín nesa xunta de voceiros dicindo e opinando o que a día de hoxe sigo opinando. Que si me parece ben ampliar os servizos de recollida de limpeza das praias e a rede viaria, porque é un déficit que temos, sobre todo en datas puntuais, cando o servizo queda coxo por parte do Concello. Entón, reforzar este tipo de servizos, eu creo que o van agradecer sobre todo os cidadáns. E a maiores cando sabemos que o prego sae cunha cantidade non moi elevada de 210.000 € con IVE engadido, e a dificultade que vía e que sigo vendo é que se isto nolo fan por este prezo, encantados da vida. Porque son a maiores do servizo que nós temos contratados nestes momentos, son ao redor de 40.000 € máis. Temos a limpeza viaria e a limpeza de praias. Polo tanto, nós estamos de acordo con este prego de condicións e o temor, xa digo, é que isto quede deserto porque a cantidade, se isto se logra e algunha das empresas veñen a licitación e comprométense a facer o servizo, encantados da vida.

Acto seguinte toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Eu quería facer unha consideración previa, ao respecto do tema da metodoloxía. Creo que cando constituímos os órganos da corporación, nomeadamente ás comisión informativas definimos toda unha batería de competencias. Creo que ás comisións informativas necesitan ter viveza, necesitan ser órganos de debate, órganos de control tamén do que fai ou Goberno pero fundamentalmente de achegas de ideas e de propostas e de debate. Creo que é bastante evidente se alguén repara no contido das comisións informativas que ultimamente están sen unha vida real; e nós pensamos que no caso dunhas teñen asumida unha cantidade de competencias que se nos dispuxéramos a darlle funcionamento entre todos e todas, outro galo cantaría. ¿Que quero dicir con todo isto? Entendémonos que un tema destas características como é a concesión, ou prego de condicións, para a concesión do servizo de recollida do lixo, ampliado como se dixo xa pola persoa que me precedeu; pois outro tipo de funcións é un tema importantísimo que ao noso xuízo debiera de ser obxecto de debate por parte da comisión informativa correspondente. Creo que estamos confundindo o papel das comisións e relegando algunhas das cousas que deben de ir a comisión porque ademais ten que ser así e porque está acordado polo Pleno e ou estamos a trasladar a xuntas de voceiros, que ao meu xuízo teñen unha función que é contrastar posicións políticas sobre temas máis xenéricos que mesmo nalgúns casos non teñen atribuído unha competencia especial. Este tema, efectivamente, pertence a unha comisión, que é a comisión de Obras e Servizos. Polo tanto, nós somos partidarios de recuperar o que para nós debe ser normal e ou que se fai en todas as institucións que é que tódolos temas que sexan competencia dunha comisión deben de ser debatidos e determinado pola comisión correspondente. Ten que ser así, na comisión correspondente están unhas persoas e nas xuntas de voceiros estamos outras persoas e eu non lle quero quitar a capacidade, por moito que eu teña unha decisión política como grupo, non lle quero quitar a capacidade a outros compañeiros e compañeiras que non son voceiros pero que nós os designamos para que formasen parte, para que representasen ao BNG no seo da comisión correspondente. Dende ese punto de vista, está é a primeira razón pola que nós imos solicitar que este tema quede



enriba da mesa e se traslade á comisión que lle corresponde, é dicir, a comisión de Obras e Servizos e que alí se debatan sobre moitas cousas que están na mente e na idea, e sobre todo, cunha grande incognita, de que é o que vai a pasar. A primeira das dúbidas, que nos xurde xa concretamente, sobre o tema de prego e algo que se referiu o voceiro de NAL. Eu contentísimo de que nos regalen os servizos ao Concello pero creo que debemos de ter unha ponderación e un certo sentido común, á hora de ver, se cando aprobamos un prego de condicións e lle poñemos un prezo, valorando o que alí pon e o prezo que lle poñemos e entendemos que iso pode ser obxecto de licitación por parte dalgunha empresa. A min, ao igual que lle pasa ou voceiro de NAL ou a nós como grupo, xúrdenos a primeira incognita. Dado que se produce unha ampliación de sevizios dos que antes había, lóxicamente, con ese precio de 210.000 € parécenos unha cantidade pequena, ao mellor quita a licitación e resulta que veñen moitas empresas porque estamos en crise pero me daba a min a impresión, que eses custos económicos non cubrirían todo o traballo que ven relatado no prego de condicións. Esa é a primeira cuestión coa que discrepabamos. Segunda, duración de 15 anos. Penso que deberíamos de reconsiderar un prazo tan grande. A min paréceme un prazo excesivo de tempo, porque poden xurdir e sobre todo se facemos a contratación neste sentido, é dicir, se é un contrato tan axustado dende ou punto de vista económico e temos a sorte de que nos veña algunha empresa, eu non son futurólogo pero pola experiencia que temos aquí e noutros concellos, é que aos 2 anos xa nos van estar pedindo a revisión etc, etc. e entón, non vai ser real o dos 210.000 € e a min o prazo de 15 anos, paréceme un prazo demasiado elevado.

Tema da mesa de contratación, bueno, a mesa de contratación, non se pode cambiar, a mesa de contratación que a propón no prego de condicións non é a mesa de contratación que ten aprobada este Pleno. Este Pleno o 19/7/2007, aprobou unha mesa de contratación, leo, Preside o señor Alcalde-Presidente, ou o concelleiro en quen delegue, vocais don José Salvador Ferrero Montenegro en representación do PSOE, Jose Manuel Cendan Fernandez en representación do PP; Luis Cendan Fernandez en representación de NAL; don Benito José Calvo Castro técnico municipal, e don Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario da corporación con funcións de asesoramento xurídico. Secretario Jose Ángel Carballo Feijo funcionario administrativo do Concello. O Concello en Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación. Os Plenos aos que eu vin, non se variou en ningún lugar a mesa de contratación, polo tanto, é esa. ¿Por que digo isto? Porque aquí a mesa de contratación que se propón, varía substancialmente. Presidente Alcalde-Presidente, Secretario da corporación dous técnicos municipais, non sei porque dous, en lugar de un. O concelleiro delegado de Urbanismo, e concelleiro delegado de Obras e Servizos pois parece que o máis lóxico sexa o concelleiro delegado de Obras e Servizos, cando non, o voceiro do PSOE que era o que tínhamos definidos en comisión. Un representante do PP, un representante do BNG, un representante de NAL e o concelleiro non adscrito. Entón, xa entramos outra vez aquí no debate de qué grupo é voceiro o concelleiro non adscrito, se non hai grupo non hai voceiro, absolutamente de nada. Polo tanto, creo que estamos infrinxindo nesta proposta que se trae de mesa de contratación; está infrinxindo un acordo plenario e ademáis reitérase, estamos a reiterar na ilegalidade que se



cometeu no acordo plenario do pasado 30 de decembro de incluír como voceiro a un señor que se representa a sí mesmo, e polo tanto non pode selo. Outra consideración ao respecto do prego de condicións que xa para nos é reiteratiba e non entendemos cómo despois de tanto tempo, seguimos aínda falando deste tema, polo menos con esta corporación. Cando se fala do horario de frecuencias, establécese unhas días de recollida para a zona urbana de Ares e Redes e establécese unhas días de recollida para os núcleos rurais, que non están incluídos ahí: Cervás, Chanteiro e Seselle, etc, etc. Obviamente, como se pode ver ahí, para casos dos núcleos rurais os días de recollida son a metade practicamente que para os días de recollida que temos na zona urbana. Entón si agora vamos a facer un prego de condicións e non solvetamos esto, a min que se me diga, cando se vai a solventar; porque cando debatimos as ordenanzas, non se debate, é dicir, só quedan 2 solucións. Si o recibo se lle cobra igual ao conxunto da cidadanía sexan da zona urbana ou da zona rural, temos que facer unha medida que non sexa discriminatoria, que pasaría, ou ben, por poñerlle aos da zona rural os mesmos días de recollida que os que teñen na zona urbana ou ben, por coller o recibo dos traballadores, perdón, das veciñas e veciños da zona rural e poñer unha cantidade diferente os da zona urbana porque non teñen o mesmo servizo, obviamente. Non é o mesmo que se faga a recollida 3 días a semana, que cha fagan exactamente 6 días a semana. Polo tanto a proposta que se trae aquí en canto a horarios e frecuencia, ao noso punto de vista sigue pecando do mesmo erro, porque ademais cando modificamos as ordenanzas tampouco non volvimos a corrixir o tema do precio. En base a todo ese tipo de cuestións e tamén algunhas de carácter técnico, das que non quero falar, e sobre todo e que é un contrato para nós importante. É un contrato dun servizo importante, compartimos esa filosofía de ampliar, digamos, o formato do contrato a recollida de praias, etc,etc, tamén a limpeza viaria, Pero creo que hai que partir da aplicación tamén dun certo sentido común. Sabemos como está o prezo do mercado e cando poñamos a cantidade na que pensamos que vamos a contratar eso, saber si a cantidade que estamos poñendo se sustenta máis ou menos nunha realidade ou non. E é un dos contratos, e remato xa definitivamente, un dos contratos de máis importe económico que temos no noso Concello. Creo que por todas esas razóns procedería e sobre todo, porque este eu creo que é un tema de competencia que hai que pasar, obviamente, para que a comisións de Obras e Servizos de o debate, perda o tempo neso; que para eso van as compañeiras e compañeiros ahí e traian unha posición moito máis matizada na que teñamos menos dúbidas e na que resolvamos este importante tema.

Acto seguinte toma a palabra o voceiro do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán Fernández: Ben, bos días a todos, como dixó o voceiro do BNG, eu vou aumentar un pouco, pero coincido no 90% da súa exposición e eu vou argumentar un pouco máis. Vou empezar dende o principio, este tema se levou á comisión de voceiros, o Alcalde fixo unha exposición alí, sen darnos o documento, sen nada dos servizos que se fan recoller no prego, máis ou menos discutimos un pouco sobre o prezo parecíanos pouco para o servizo que se quería contratar e nós a raíz diso e cando se puxo a disposición o prego, vimos unha serie de anomalías que algunhas as imos detectar e vemos que este prego ten bastantes deficiencias e



que como dixo o voceiro do BNG é un tema de comisión. Cando se quere aprobar unha cousa destas, ten que ir a comisión, achegar, estudar entre todos cun soporte e un estudio económico, porque aquí se fai por parte da Secretaría-Intervención. Teñen que haber un soporte, teñen que haber un estudio económico para quitar este prego en que se basean nos 210.000 que non aparece por ningún lado, despois temos o punto máis importante, de isto, a inversión máis importante, que é os 15 anos, máis 5 anos son 20 anos de contrato. Dicer, que non se recolle no prego a adquisición dun novo camión, dicer que o camión que se comprou hai 15 anos, por certo, cun bo resultado, que tiveron sorte con esta máquina que durou 15 anos e que está en bo estado, pero que non vai durar 20 anos máis. No prego haberá que poñer tamén recoller no prego que a empresa que se adxudique terá que facerse cargo, non soamente, do camión senón de todos os temas, non veñen recollidos tampouco; nin o limpa praias, nin ningún tipo de material que debía vir recollido. Porque as praias, se se da a unha empresa terá o material que pon a disposición por parte do Concello. Este prego está coxo de moitas cousas, volver estudalo, e despois o tema económico, iso non chega. Iso é inviable, porque xa case para RSU xa van os 170-180 mil euros, creo que un condutor e 2 peóns lle sumas o gasto do camión que é xa vaise segundo os salarios e os convenios e creo que de quitalo así, nos levaría consigo e coincidimos co BNG que cando se leve o 20% do contrato, tiñamos que facer unha revisión e ter problemas no futuro. Porque sabemos o que está a pasar en outros concellos que se colle así á baixa e despois unhas folgas temidas como pode ser nos tempos peores, como pode ser na Semana Santa, como pode ser o verán. Creo que está coxo, que este prego vai por debaixo do prezo 50.000 ou 60.000 €, como mínimo e creo, que como xa dixen anteriormente, ten moitas deficiencias e que o que hai que facer, un tema tan importante como este, que é a contratación e dar o servizo a unha empresa durante 20 anos deste servizo, que creo que o hai que meditar ben, estudalo ben e facelo ben. Eu creo que o primeiro que hai que poñer é o prego aos grupos políticos e segundo o soporte económico co que se fixo esta valoración. Porque sin soporte económico por parte de intervención, a ver, porque puxo 210.000 y no puxo 240.000 ou non puxo 180.000, creo que eso ten que haber un estudio económico feito pola intervención do Concello, en qué se basa esta cantidade, creo que eso, como dixeron os anteriores que me precederon na palabra que esto non chega e ogallás no-lo fixeran por esta cantidade, pero creo que eso pode haber algunha empresa, polos motivos de crise que temos, se poida acceder a isto pero que non poidan ir con tres cómo se vai face-la limpeza de praias, cómo se vai face-la recollida de lixo, si hai que meter 3 ou 4 persoas, agora a recogida a limpeza viaria mínimo hai que meter 3 o 4 persoas para face-la limpeza viaria no casco urbán, porque 2 si nos poñemos no verán e sabemos xa o que é a fachada marítima, limpa-lo adoquín, que 2 personas lle leva toda a mañá. Soamente iso. Eu creo que mínimo para contratar a limpeza viaria, mínimo, hai que partir de 4 persoas e creo que que este prego non da para esas cantidades e menos limpar as praias, 3 días se estamos a falar da limpeza de praias de todo o Concello. Creo que como dixen, hai que incrementar, se nós estamos a facer a limpeza viaria e vimos facéndoo coa cuadrilla que nos da a Deputación máis algunha persoa máis que incrementamos co Plan de



Cooperación que mínimo que unha empresa o faga con 3, 4 persoas para poder dar o servizo óptimo. Se ten que andar algunha nunha máquina e outro ten que facelo manual que mínimo tamén 3 ou 4 persoas que se necesitan para ese servizo.

Despois tamén está sen recoller o tema do contenedor amarelo que non vén e sabes que está contratado e que hai 2 persoas que hai que subrogar a media xornada que son os da recollida de lixo, que non veñen recollidas nestas bases. Creo que o que mellor se pode facer é pasa-lo a comisión, estuda-lo ben e face-las cousas ben e que se faga un estudo económico da situación real, e máis, como dixo o portavoz do BNG, que ahí coincidimos, que temos os contratos doutros Concellos da comarca, como pode ser Cabanas ou pode ser Cedeira ou o resto de Concellos que teñen o servizo privatizado ou o mesmo Cedeira que se fixo por 3.000 € que é unha cousa parecida, creo que non podemos meternos a una cosa así a cegas sin estuda-lo ben porque esto conlevaría e como conleva a un contrato de 20 años que conlevaría a un problema que non deberíamos crea-lo, porque a maioría dos que estamos aquí non vamos a estar durante ese tempo e non imos xerar un problema para os 20 próximos anos do Concello. Creo que isto o hai que facer ben, meditalo ben e estudalo ben. Nós coincidimos que isto volva a comisión, que se estude ben.

Interven o SR. Alcalde-Presidente: Efectivamente é un tema que se ten que debater no Pleno e na xunta de voceiros están todos, na Comisión de Obras faltaríanos a opinión dun grupo, porque máis dunha vez levamos as cousas a xunta de voceiros porque na Comisión de Obras non estamos todos. Este é o mesmo razoamento que se fixo nesa ocasión. Pódese debater exactamente igual na xunta de voceiros que en comisión de obras. Aparte sabemos que acordamos os temas que van a pleno, evidentemente, o prego responde a unha coherencia xenérica e esa coherencia xenérica, implica que intentamos pagar o menos posible e obter os máximos servizos, no prego responde a este criterio, intentar aforrar diñeiro e en consecuencia, intentar pagar o xusto e que te fagan o máximo. Se logo, non se presenta ninguén, pois non se presenta ninguén. Se o prego, efectivamente unha vez que se convoca queda deserto, teremos que volver vir ao Pleno e dicir bueno, pois fomos moi ambiciosos pero se efectivamente, se efectua a limpeza viaria e ademais a limpeza dos areas os luns, os mércores e os venres. Está claro que a nós nos quedan as cuadrillas da Deputación para limpar as praias os martes, os xoves, os sábados e os domingos. Có que pasaríamos a ser un pobo que limpa as praias todos os días en verán. Ademais coa limpeza viaria teríamos o persoal do taller integralmente liberado para facer outras cuestións, non se pode ter 7 persoas reparando beirarrúas, atendendo efectivamente, as mil situacións que xurden aquí e aínda enriba van limpar as rúas. O persoal non da para máis. Manuel, dende logo é moi simpático que non prediques co exemplo, porque eu che podería dicir como contrataches o prego de condicións que fixeches en qué comisión o debatemos e o prego de condicións que che fixo o Secretario, cero patatero.

Resposta o Sr. Cendán Fernández: Esa é a túa palabra, estás a mentir como sempre



O Sr. Alcalde di : Ben, estou a dicir, que digan aquí os voceiros en qué comisión debatemos o teu prego, en qué mesa de contratación contratamos a Celtaprix e qué prego de condicións económicas te fixo o Secretario. É que é de coña.

O Sr. Manuel Cendán dí : Estás a mentir. Se aquí hai testemuñas e aquí cho poden dicir concelleiros da oposición. E pregunte a ver.

O Sr. Alcalde di: ¿En que comisión se debateu? Se isto o tivemos que facer de novo, que non había outro anterior feito. Entón, efectivamente, se pode dubidar de se se presentan empresas, se pode dubidar de que é moi ambicioso, agora, o procedemento é inculficable, aquí di a xente o que quere e o vas votar se queres. Daseche a oportunidade para falar, de crítico en xunta de voceiros e de votalo no Pleno. Cousa que ti coa contratación de Celtaprix non llo deches a ninguén, porque os contrataches o teu non vou seguir.

O Sr. Manuel Cendán di : O que queiras

O Sr. Alcalde resposta que tamén coñece as razóns.

Dende esta perspectiva nós ímolo manter, se non se presenta ningunha empresa, pois, que lle imos facer, haberá que reforzar. Pero eu creo que polo menor diñeiro temos que intentar sacar o máximo e se non se preséntase ninguén, pois non pasa nada.

Ten a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Antes de nada, o que quería aclarar, sobre os temas é métodos de debate, porque as veces aquí tamén facemos afirmacións según nos interesa ir para un lado ou ir para outro. Eu obviamente, cando digo que a comisión correspondiente que ten atribuída a competencia debe de dar este debate non lle estou quitando a posibilidade a que a xunta de voceiros nun momento determinado antes do Pleno se reúna e vexa eso desde o punto de vista máis de carácter xenérico porque creo que non debemos confundir as dúas cousas . As comisións, son comisións informativas, que debaten, que teñen unha vida, polo menos que deben de tela moitísimo máis axil. Desde o meu punto de vista, eu non sei porque eu lle teño que furtar a miña compañeira que está presente na comisión de Obras e Servizos, e ademáis leva ese tema o debate, o que non quere dicir, que o de ela, no seo da comisión que debatan e que despois sustanciemos eso previo o debate plenario nuha xunta de voceiros pero eu creo, que no debemos substituír o debate nas comisións, claro, e moito menos, co razoamento de que hai un representante que non está, porque eu creo que eso non vale. Entonces, a comisión, ese representante elixiu en que comisión estaba e nas que non estaba e se dalgunha forma damos o debate nas comisións; as comisións non deciden, as comisións traen un dictamen, debaten e traen o tema trillado e despois a xunta de portavoces, cando convoquemos o Pleno nadie nos impida, que nós , en base a ese debate, agora eu creo que hai cousas máis domésticas que non corresponden a unha xunta de voceiros e ademáis vou dicir unha cousa, unha xunta de voceiros que trata este tema hai que convocala con este tema. Non é unha xunta de voceiros que poña asuntos de



Plenos, e nesa xunta de voceiros aparecer todos con esa sorpresa de que é o que se nos vai a levar, porque entón non xogamos en igualdade de condicións. Eu, Alcalde, cando vou discutir un tema quero ter o expediente, para pronunciarme, entón imaxínate tí que pode chegar un momento que a xunta de voceiros no se pode pronunciar nada, porque eu non sei se tivo acceso ao expediente o portavoz de NAL. Pero, desde logo, non estaba convocada a xunta de voceiros con un punto que puxera : tema...porque sería diferente ademáis dende o punto de vista procedimental, Xunta de voceiros para mirar expediente de pliego de condicións para a contratación do tema do lixo, está o expediente a súa disposición e eso sería un mecanismo igual que o dunha comisión. Pero é diferente que nos convoques a unha xunta de voceiros e alí aparece, pois, en fin, que imos facer unha nova concesión do lixo. Entón, eu penso que se poden compatibilizar as dúas cousas. Pero dende logo, eu me nego a un proceso de xunta de voceiros, e máxime como temos neste momento, que é unha xunta de voceiros claramente ilegal, desde o día 30 de decembro de ano pasado, me nego que exista una xunta de voceiros que lle roube competencias e dereito de decidir, e dereito de discutir a compañeiras e compañeiros que están nas comisións donde hai que discutir e dicidir, porque entón, estamos eu creo que reiterando, o que debe ser o principio de participación democrática nas comisións informativas. Polo tanto, non é igual, eu non lle impido a este señor que na xunta de voceiros, a vista do que diga a comisión correspondente se pronuncie sobre o que queira, non lle quito tal, pero tampouco non lle quero quitar a posibilidade a compañeiros e compañeiras que están nesas comisións que debatan un tema de trascendental importancia. Despois, finalmente, a min a teoría esta de nos vamos a intentar quitar polo menor prezo o mellor servizo. Isto non e o todo a cen, somos unha corporación democrática, creo que debemos de ter un certo sentido de racionalidade, e a min importame facer os números, importame facer os números de cómo chegamos a esos 210.000 €, porque chegaremos en base a algo, creo que me parece un pouco suicida, a cuestión de que si non sae, volvemos a miralo; eu creo, que será mellor coller, e decir, vamos a facer unha cuantificación que esté baseada, non nos datos fehacientes, porque non os vamos a ter, pero si, unha certa referencia do que lle vamos a meter alí, do que tíñamos antes, dunha exploración de cómo está a contratación no resto dos concellos que temos ao noso redor e en base a todo eso, poñer unha cantidade determinada. Eu creo que eso é así.

No que vou a acabar xa Alcalde, e despois simplemente, unha referencia, eu creo que para saber o que se fixo en anteriores corporacións o mellor é repasar as Actas e ver o que fixo cada quen. Pero vou dicir o que penso, para min, a clave non é que esta corporación que saíu das eleccións de 2007, o faga non tan mal como a corporación anterior, se non que o faga ben, esa é a diferenza, a min, a clave. Non é non o facemos tan mal como cando estaba o Partido Popular, eu quero que o fagamos ben e polo tanto eu creo que non se está facendo ben, dende o punto de vista do procedemento e dende o punto de vista real de pliego de condicións. Por certo, nadie me contestou a que hai unha mesa de contratación aprobada e hoxe aquí se pon outra diferente, e todos volamos como si non fora con nós. E que aquí nos estamos cargando acordos plenarios así como quen non quere a cousa, dunha forma real, que eu xa non entendo un pouco de todo esto. En fin, eu creo que unha razón poderosa, non é



aletargar nada, non é retrasar nada, eu creo que é introducirlle esto un pouco de racionalidade, e sobre todo, evitar males maiores porque tomar acordos, para que despois nos queden os pliegos de condicións desertos, eu penso que é mellor retomalos. Perdemos unha semana máis ou 15 días máis, o traemos a un Pleno e xa o debatimos máis con máis datos enriba da mesa, que eu dende logo, perdóneseme a expresión; eu en temas de diñeiro quero que os sevizos desta casa traballen e me poñan enriba da mesa os datos, eu non son economista e quero que alguen me poña os datos 210.000 € saen dalgún sitio, eu quero saber de onde saen,

O Sr. Alcalde-Presidente, resposta:: Os 210.000 € saen dun cálculo de que o anterior contrato está inflado. Entón vendo, efectivamente e chamando a outros concellos ven que o anterior contrato está inflado preto de 50.000 €. O servizo que nos fai Celtaprix vale 50.000 € menos. Entón por 130.000 € fanche o servizo, co que fai que ata 210.000 € tes 80.000 máis e con eses 80.000 máis, fas limpeza viaria e limpeza de praias. É así de sinxelo, estamos a pagar a Celtaprix o ouro e o mouro. Entón cun contrato inflado por enriba do seu valor real, tes diñeiro e sáenche as contas, esa é a razón. ¿que é moi ambicioso? É moi ambicioso porque a recollida do lixo son 130.000 € ata 210.000 hai outros 80 para limpeza viaria e limpeza de praias. Porque estamos a pagalos de máis, pero claro, efectivamente, a situación é ambiciosa, se, pero claro que a pesar de todo é ambicioso, pero as contas foron contrastadas con concellos similares ao noso e o que pagan pola recollida de sólidos-urbanos. ¿Agora que é moi ambicioso?, é moi ambicioso, pero imos o mercado, logo responderá ou non responderá. Efectivamente aquí facemos procesos de contratación e uns saen ben e outros sáennos regular. Pero todos teñen que ser legais, e este é legal. Este é un prego de condicións que se debate, eu comprométome a que a partir de agora as xuntas de voceiros se convoquen cun esbozo da orde do día. Porque iso si que é certo, convócase para Pleno pero non se di nada máis, pois efectivamente, incorporaremos un esbozo da orde do día do Pleno; claro, que podemos mellorar. Agora ese prego de condicións sen dúbida ningunha se pode debater, estámolo a facer aquí e a quen non lle guste ou a quen lle guste votará dun xeito ou votará doutra. Cousa que en anteriores corporacións non se nos deu a oportunidade; e agora inténtase, efectivamente, facer un procedemento que pode gustar ou non, pero é un procedemento legal e transparente e aquí estamos a dicir o que nos parece ben del, ou o que nos parece mal. Agora estes teñen unha coherencia, non o traemos por traer, nós as contas botámolas, estamos a decidir un servizo que estamos a pagar un 25% máis do que vale, e podémolo traer por bastante menos, por iso a diferenza incrementámola en mellorar os servizos.

En canto á mesa de contratación, a mesa de contratación que aproba o Pleno, é a mesa xenérica, é unha mesa xeral. O que non impide que para casos específicos como neste, o Pleno aprobe outra mesa de contratación distinta. Ninguén impide, no xogo democrático está. Se de aquí saen 7 votos, non é máis que a democracia. Entón hai unha mesa de contratación xenérica e para casos específicos o Pleno pode determinar outra distinta, e no xogo efectivamente, democrático pois o imos intentar, que non temos o respaldo do Pleno, pois



este punto non queda aprobado e san se acabou. Agora, efectivamente, estamos aquí para dicir o que pensamos e logo para votar en conciencia, pois exercitamos ese dereito en función do que consideremos oportuno, e san se acabou, eu é que non vexo nese sentido máis problema.

Interven o SR. Manuel Cendán Fernández: Pero, mira, vou empezar, dicirche que un tema que vaia a comisión, sexa a Pleno, dame exactamente igual, díxoo o anterior voceiro do BNG, a min dame exactamente igual, que queremos estar todos, pero o dixo claro e é como ten que ser. Tí convoca-la orde do día da comisión de voceiros e levas o prego, o que non pode ser ,é tí leichea e dixeches 4 cousas do prego que nós non tivemos acceso ao prego e o metes directamente ao Pleno.

O Sr. Alcalde di: Manuel, os temas están enriba da mesa.

Resposta o SR. Cendán Manuel: Non, pero como mo vou estudar se o teu leíchelo a última hora e dixeches ímolo levar o prego.

O Sr. Alcalde di: pero como que a última hora? Manuel, a ver, o teu estás na xunta de voceiros, e alí estaba a documentación.

O Sr. Manuel Cendán dí: Pero é que me da igual, eu creo que un prego destes se convoca a comisión informativa, se non están todos os voceiros, a xunta de voceiros. Cunha orde do día, Prego de condicións para a recollida do lixo e a rede viaria, o que queiras. Está a disposición dos concelleiros, os concelleiros argumentan o quel les da gana e vótase e punto, ese é o tema. Mira, vou contestarche a unhas afirmacións, porque mira, eu tiven un debate dentro do equipo de goberno daquela, precisamente por este tema, porque eu o primeiro que fixen foi privatizar a recollida de lixo, a limpeza de praias traer a Urbaser para aquí. Porque facíao o do chimpín, coa xente sen asegurar, sen nada, porque había calquera accidente ou se cortaba calquera rapaz e había un problema e tan pronto entrei, que eu entrei o 5 de xullo do 99, tiven que contratar para facer esa limpeza a Urbaser e eu tivera contactos con Urbaser porque levaba o de Ferrol, o de Ferrol dicíame que me podían facer unha limpeza para a Semana Santa, que non tiña ningún inconveniente en facer ningún servizo extra máis, porque estaban a un lado e non lle costaba desprazarse a Ares. Pero a miña intención e a miña proposta era darllo a Urbaser, e non puiden defendelo polo prezo, pola contía, porque esta empresa veu moito máis barata. Mira, o que lle estabas a contestar o do BNG, estabas a mentir, e voute dicir porque. O contrato de Cabanas que é moito máis pequeno, é un concello de 3.000 habitantes, acábase de contratar por 160.000 €

Julio: Agora, e non cando o fixeches ti, 160 e ti o contrataches hai 4 anos por 170

Resposta o SR. Manuel Cendán: O de Valdoviño, aténdeme, o de Valdoviño, está por 210.000



O Sr. Alcalde di: Como este, como é o de Ares

O Sr. Cendán Fernández: Non, pero o de Valdoviño non ten a limpeza viaria nin ten a limpeza nada máis que o R.S.U. a bolsa negra. O que é igual que este, o que quitaches agora igual é o que ten Cedeira, limpeza viaria e limpeza de praias por 310.000 €. Ese é o que é igual que o de Ares, o que vas quitar agora, o que ten Cedeira. É exactamente igual, por 310.000 €.

Resposta o SR. Alcalde: Mira, Manuel, eu chamei a todos os concellos, estouche a dicir que chamamos a todos os Concellos e chegamos ao convencemento de que isto está ben.

O Sr. Cendán Fernández di: Bueno, pois che sigo dando datos, mira, con respecto, de aquela levábao un concelleiro do bloque e sábeo porque eu me acordo que estaba de concelleiro; que o camión ao Concello de Ares custoulle 22 millóns de pesetas, hai 15 anos

Resposta o SR. Alcalde: E algún outro que falta, que non sabemos onde está.

O Sr. Manuel Cendán di: Ben, pois ese camión hai que amortizalo, ese camión vai durar agora 20 anos. Hai que amortizar un camión no prego, hai que amortizalo, que pode custar 30 millóns, hai que poñelo ahí, e o teu non me vas dicir a mi que iso está inflado, que estamos a falar de salarios ínfimos e se non compáraos cos do Concello, que está a valoración cual é o convenio dun peón condutor que estamos a falar ou dun peón, falamos de 19.000 €, mira que inflado está se aquí non cobra un peón do Concello 19.000 €. ou o condutor 21.000 €, é o salario dun traballador durante todo o ano. O as rotacións das esas, a ver, calcula, e sálgueche só en salarios e en gastos 158.000 €, sen poñerlle ganancias de ningún tipo. Ti pon o salario dun traballador, sen poñer a ganancia dun empresario.¿cuanto ten en convenio un peón do Concello?, Yo creo que non baixa ningún de 20 e pico mil euros ao ano e estamos aquí a falar dunha persoa que gaña 19.000 ou do condutor 21.000. ¿Canto cobraba Carlos o do Concello? Que era o condutor do ese, e estamos a falar salarios por debaixo do Concello e o teu dis que estaba inflado. Home, por favor, un traballador menos de 1000 € ou 1100 € non vai gañar. Un traballador, se queremos facer unha explotación aquí e que deamos servizo. ¿Que pode saír?, se que cho poden coller, xa che digo eu como, porque van vir cunha persoa para a limpeza de praias e unha persoa para a rede viaria, pero se o teu queres dar un servizo óptimo de 3 ou 4 persoas mínimo, na limpeza viaria e 4 persoas na praia tes que ir a unha adquisición, a un contrato de 250.000 € e nada máis. Estamos a falar de salarios, a ver analízao, que é o que estabamos a falar, que faga o informe económico diso. Cánto gaña cada traballador e cada traballo canto sae?. É moi doado botar os números e non dicir que aquí está inflado, está inflado, ¿baseándose en que?, hai que dicir. O convenio, ¿canto é o convenio que ten esta xente?, pois tanto, 21.000 € ou 19.000 € no convenio, porque a esta xente hai que pagalos polo convenio. Y ¿Canto gasta o camión? y ¿canto gasta o Concello no seguro do camión?.Pues eu recordo que gastaban 3.000 € no seguro do camión que hai que poñelos ahí. A ver se imos empezar, eu creo que hai que sumar todo, e con eses datos e se iso se suma e se o Secretario o da, e o teu dis que está inflado pero eu che digo que non está inflado e iso non pode estar



inflado e iso non se pode falar por falar. Quero deixarte claro que eu, a miña intención cando quitou isto, quitou o servizo este, a miña intención era darllelo a Urbaser; e aquí hai testemuñas que o poden contrastar, que eu a miña proposta era darllo/llelo a Urbaser e non puideron defendela porque esta empresa foi moito máis barata que Urbaser e punto, esa é a situación que eu defendín.

O Sr. Alcalde di: Ben, na mesa de contratación están todos, cando se se saca a concurso ou en función do que pase, estamos todos para fiscalizar as ofertas, se poñen unha xente para varrer ou poñen 5, se poñen unha xente para limpar a praia ou poñen 6 e se non nos gusta dicimos que non, e se nos gusta dicimos **que** sí, e non pasa nada. Eu creo que estamos nunha situación que non é lóxicamente óptima e bueno, Cabanas sacaron un prezo moi por debaixo do noso outros concellos un prezo parecido e efectivamente as contas están botadas. Ogallá, saia ben, porque é o mellor que lle podía pasar ao Concello de Ares que por 210.000 € teñamos un bo servizo, sen ter que pagar, efectivamente máis.

Rematado o debate sometese a votación a proposta do BNG e PP de que o asunto quede sobre a Mesa e pase a estudio da Comisión de Obras e Servicios. Co seguinte resultado 6 votos a favor 4 P.P. e 2 BNG, 6 votos en contra 5 PSdeG-PSOE e 1 do Concelleiro non adscrito, e 1 abstención de NAL.

A vista do empate somete novamente a votación con idéntico resultado, polo que o Sr. Alcalde-Presidente co seu voto de calidade decide rechaza-la proposta dos Grupos Municipais do PP e do BNG.

Acto seguinte somete a votación o Prego de Condicións, e o Pleno do Concello por 7 votos a favor 5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 do Concelleiro non adscrito, 4 votos en contra do Grupo Municipal do P.P. e 2 abstencións do Grupo Municipal do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación.

O Sr. Alcalde manifesta que quedan aprobados os pregos para a contratación do servizo de limpeza, sen perxuízo, de que ao mellor sexa certo o que aquí se falou. Ao mellor queda deserto, porque non hai empresas interesadas e efectivamente, unha cousa non quita a outra, e en consecuencia, volverá e volverémolo discutir, pero en principio hai que ampliar o servizo e intentar aforrar diñeiro.

**PUNTO 4.- APROBACIÓN SE PROCEDE CONVENIO CO CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS IGUALDADE E DO BENESTAR PARA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL DE ARES, INTEGRADA NA REDE DE ESCOLAS INFANTIS DE GALICIA.-**



O Sr. Alcalde manifesta que cando se fixo o convenio de construción da chamada galescola, nós asumimos lóxicamente, tanto a posta da disposicións dos terreos, como unha achega para a construción e redacción dos proxectos, rematada a obra, trátase de poñela en funcionamento e é necesario un convenio de xestión. Ese convenio de xestión é un convenio de xestión tipo, que están suscribindo todos os concellos e que ten por obxeto establecer as obrigas de cada un dos asinantes. En consecuencia para proceder a apertura neste trimestre da escola infantil de Ares. En consecuencia este é o convenio-xestión remitido polo Consorcio. O que están suscribindo os concellos que teñen escolas de infantil.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o Voceiro de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández: Eu simplemente comentar un aspecto que aquí xa se debateu, sobre todo xa se comentou en varias ocasións con respecto ao colexio, ao Centro de Saúde, que neste caso seguramente, xa sei que ten que ser así. Eu o tema máis importante que considero que nos compromete a todos é as obrigas que por parte do Concello ten que facer. Isto no tema do centro de saúde, os temas do gasto de luz e do colexio que se compromete a Consellería en parte a facelos e entendemos que este tema de convenios, estes compromisos que, ou estas obrigas, que fan aos concellos creo que son bastante importantes ao cabo do ano e entendemos que deberan de responsabilizarse se non, na súa totalidade, parte deles a Consellería, porque ao final nós presupostamos unhas cantidades e ao final aparte do que vén aquí, facemos outro tipo a maiores de compromisos e de mantemento das instalacións e ao final isto é unha sangría económica para os Concellos. Polo tanto, facendo constar esta salvidade, eu sei que este tipo de convenios é así, pero quero deixar constancia deste tema.

Interver a Voceira do BNG Sra. Abeal Perez: Bos días, a todos e a todas, xa estamos chegando á meta da escola infantil. Síntome orgullosa de pertencer ao BNG, porque si o BNG non estivera na Xunta nestes últimos anos non poderíamos estar falando dunha escola infantil neste Concello. Levaban toda a vida que se ia a facer, pero nunca chegaba. O mesmo está ocorrendo co Centro de Saúde. Vaise facer decía o PP, si, si agora decía o PSOE e agora volveu o PP e din que se vai a volver a facer, pero xa lle vota máis morro. Agora dice que o van a facer empresas privadas, bla, bla,bla, eso é o que fan, bla, bla, bla. Bueno pois por fin, podemos falar de cousas reais. A escola infantil está a punto de abrir as portas para recibir aos nosos pequenos. Costou moito, moito, levounos meses convecer ao PSOE de que tiñamos que pertencer ao consorcio para traer a Galescola e o Centro de Día. Todo eran atrancos, logo tivemos que ceder no sitio onde poñelos, pois puxéronse dacordo PSOE e PP, e entre os dous decidiron pois o sitio onde está agora e aínda que non era a ubicación que nos tiñamos pensado, pois nos queríamos facelo nas Escolas do Lago, onde sempre estiveron os nosos pequenos e có conseguíamos dúas cousas por un mesmo prezo, rehabilitar un edificio da nosa historia, do noso concello, rehabilitar o edificio, e ademáis ter a escola infantil. e tamén o Centro de Día o tiñamos pensado facer, onde se fixo agora a Galescola, pero non quixemos retrasar a construción e acatamos a maioría de este Pleno, como é normal, porque nós somos responsables e logo chegou o seguinte paso, que ninguén poido parar, xa estaba nas mans do BNG, en menos de



un ano fixemos, proxecto, permiso, adxudicación de obras e construímos o edificio. O BNG sabe facelas cousas, sen bla, bla,bla, sen fotos, nin inauguracións, só traballo. Así é o BNG, pero as cousas son demasiado boas e como nos contos chegou o lobo. Voltou a Xunta o PP. Volveron os atrancos, estivo meses pechada, se continuara o BNG eso non sería así. Xa nos demostramos que sabemos como temos que gastalos cartos, e sabemos onde gastalos, e se non os temos os buscamos debaixo das pedras, eso é o que fai o BNG, pero co PP voltaron as excusas e a escola infantil sen abrir durante meses, ¿e o PSOE? pois o PSOE calado. Só protestou porque non pode meter aos seus para o persoal da galescola. Por certo, señor alcalde, ¿como vai iso? Polo que parece non vai a haber a selección de persoal nun concurso público, para que entren os máis preparados e sen favoritismo, senon que vai a ser como dixo o señor o Alcalde no pleno anterior, unha coladeira infumable, palabras textuais do señor alcalde. Para que entren os interinos que a Xunta decida para consolidar eses postos e que logo teñan máis puntos para cando se convoquen estas oposicións. Son palabras textuais do señor Alcalde no pleno anterior. E por certo señor Alcalde, tamén queremos agradecerlle, que como sempre, como lle estaba comentando o meu compañeiro anteriormente, que nos dira este convenio con 2 días, si, 2 días para poder revisa-lo; aínda que o BNG pideuno nas comisións correspondentes, pero vostede nos dixo que non lle valía o convenio que lle mandaban dende a xunta e que por eso no no llo daba e que agora vemos, que o tiña vostede dende o 15 de outubro do ano pasado e ese mesmo é o mesmo que imos aprobar agora, outra vez, tócalle ao BNG ser responsable. Ser responsable coa xente que está esperando que abra a galescola, que non quere levar outra vez aos nenos a galescola a Mugardos, ou ás privadas que hai na zona e que queren poder compaxinar o seu traballo coa vida familiar, por eso vamos a ser responsables, pero antes de eso teño algunha pregunta que facer porque na comisión correspondente non se fala, só se fala de charlas e cursos, pois teño que preguntalo aquí, porque polo visto o convenio da galescola non se pode levar a comisión non é importante para o PSOE. Primeiro, explíquenos a todos como se vai a valorar ese 30% que lle corresponde ao Concello, xa sei que pode ser pagado en especies, e dicir, co mantemento de luz, auga, limpeza, teléfonos, limpeza de xardín, etc, a pregunta é, que si estes custos non chegan ao 30% o Concello podería aforralo, ou que se ten previsto nestes casos. A 2ª pregunta ¿Cal foi o acordo que se chegou para a selección de persoal para escola infantil?, pois despois de ver o enfado que tiña vostede no último Pleno nos gustaría que nos explicara a todos de que isto non vai a ser unha coladeira infumable, como decia vostede. Para rematar por suposto que imos a votar a favor de este convenio, xa era hora de que neste concello pasaran cousas boas. Desta escola infantil eu doulle as grazas oa BNG, por ter sempre nas súas prioridades os servizos básicos para facilitarnos a vida a todos. Síntome orgullosa de pertencer ao BNG.

Grazas e o seguinte será poñernos a traballar para que comence a funcionar o Centro de día.  
Grazas

Ten a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, eu coa intervención anterior bueno pois, darlle as grazas ao BNG, se hai que darlle as grazas ao BNG,



daselle as grazas ao BNG. Dicer que sempre estivemos de acordo con todas estas infraestruturas. A mín que me correspondeu cando estaba de Alcalde, a mín a Xunta comprometéaseme a facer a infraestrutura. Nós tamén estábamos de acordo en recuperar a Escola do Lago e xa de aquela estaba valorado en 90 millóns de pesetas rehabilitar aquilo para unha escola. O que pasa que a condición que nos poñían, era que nós nos tiñamos que facer cargo de parte do personal, tanto de cociñas, como do persoal de asistencia, e creo que iso era unha contía demasiado elevada que o Concello non podía asumir. Isto cambiou e sempre coincidimos e estivemos de acordo con isto, a voceiro do BNG ben o díxo que coincidiamos tamén na situación e votamos a favor da situación onde está, creo que é un bo sitio, creo que está soleada e que ten bo aparcamento e que non nos levou nada, eu a miña intención en principio tamén coincidía co BNG, que era alí, pero que bueno, que as cousas cando son para mellorar é para recoñecelas e que a situación onde está é mellor sitio soamente unha polo esparcemento dos nenos, outra polo tema do aparcamento, que a xente vaia alí, porque estamos a falar do casco antigo, que non hai alí onde aparcas, rúas estreitas de 3 e pico metros, como pode ser a rúa que vai transversal á rúa Real e creo que a situación é a máis idónea para que un poida chegar cun neno e teña apuro, e teña onde aparcas; diso non hai dúbida, e por iso votamos a favor desa situación. Recoñecemos que por parte da Alcaldía era un acerto, era mellor proposta e así votámola. Creo que coa contía aínda é preocupante e máis agora có que estamos a vivir e coa mingua de recadación dos concellos, que é unha contía bastante importante como pode ser despois poñer o centro de día ou poñer a piscina a funcionar ou poñer os servizos sociais e o tema da xuventude, que é un gasto importante para o Concello, que o Concello ten que soportar, pero que ata onde pode soportar tanto o Concello e moitas veces hai que priorizar os servizos e ata onde pode un chegar. Nós imos darlle o voto favorable ao convenio. A única preocupación é o tema ese que temos que ter no futuro de todos estes servizos que poidamos responder como ten que ser por parte do Concello economicamente.

Ten a palabra o voceiro non adscrito SR. Echevarría Lage, que manifesta que a mín o que me parece un pouco excesivo é a porcentaxe a pagar polo Concello, polo demais o meu voto é favorable

O Sr. Alcalde manifesta que no convenio discrimínase bastante ben as obrigas das partes, na clausula terceira: O consorcio farase cargo de todos os gastos derivados do equipamento material e didactico do centro así como funcionamento e mantemento da escola infantil posterior ás sinaturas deste convenio. O Concello asumirá os custos derivados do mantemento xeral do edificio e dos exteriores así coma a limpeza das aulas e vixilancia e seguridade do mesmo e de ser o caso, proporcionará outros medios precisos para o funcionamento da escola infantil que son os do anexo I. Entón o problema das porcentaxes de 70% -30% é que non sabemos máis ou menos de canto vai ser. Hai unha cantidade estimada que di que sendo a escola infantil que conta con 4 unidades e cunha oferta de 61 prazas, se preve que, inicialmente, ou custo total do servizo, pois sexa 329.400 € por



ano. Correspondele ao Concello asumir a pagamento da contía de 98.820 equivalente ao 30% antes ditado, lóxicamente, presupoñendo sempre que a oferta de 61 prazas estea cuberta, nestes momentos non está cuberta, non hai 61 prazas cubertas. ¿Cantas hai Ana?

Resposta a Sra. Ana Fernández Coria : penso que son trinta e algo?

Enton o custe xa é moito menor e o 30% polo tanto é moito menor, e o 60% pois lóxicamente, tamén. Entón, mentres non estea en funcioamento pois non se sabe moi ben canto é a contía pero está ben que ou conveño teña un tope máximo. Polo menos, efectivamente, temos garantido que de ahí non imos pasar, porque lóxicamente, o custo total son 329.400 € entón polo menos temos as garantías de que efectivamente, coñecemos o tope, agora a concreción do que nos corresponde pois depende de como estea cuberta a oferta. Se nós temos que garantir, como ben efectivamente, aquí na cláusula Terceira o funcionamento e mantenza e no anexo I, lóxicamente explícase que iso consiste na conservación e Mantemento de instalacións e estrutura arquitectónica, e instalación de inxeñerías. Mantemento e sistema de detención e extinción do plan de evacuación do Centro. Mantemento do plan de instalación de acometida de enerxía e subestacións; así como saneamento e recollida selectiva do lixo, baseándose en norma de medio e dotación de material para ou mesmo. Enerxías eléctrica, calorífica e outras, se fose o caso, limpeza xeral das instalacións diaria; así como limpeza extras; limpeza de cristais, mantemento de accesos ao centro; mantemento de exteriores e outros elementos integrados da estrutura do proxecto técnico do Centro; liña telefónica ADSL e seguridade. Entón o máis probable é que con ese 30% nós cubramos xa estas obrigas. Que estas obrigas saen máis baratas que o 30%, pois teremos que complementalo con cartos. Que estas obrigas saen máis caras co 30%, nos terán que devolver. Pero esta claro que está cuantificada a cantidade en torno ao que xiran esas porcentaxes. Que son 329.400 €, ou noso 30% son 98.000, se ao final funciona con 61 prazas cubertas, porque os 329.400 € xurden de multiplicar por 61 ou custo de cada praza. Entón eu penso que no convenio está medianamente claro; agora se alguén prefere que o explique en vez de leelo, pois eu o explico, e efectivamente, esas cousas son as que pon ahí. En canto, ao demáis xa foi obxecto de debate, a Galescola e o Centro de Día, ou a escola infantil e o Centro de Día, lóxicamente non empezaron a súa construción no mesmo tempo, en consecuencia a escola infantil rematou e o Centro de Día pois está a piques de rematar porque faltan unhas pequenas obras de urbanización e do mesmo modo que a escola infantil pois vai a abrir no primeiro trimestre pois o Centro de Día vai abrir no primeiro semestre. En xuño, pois estará todo a punto para a súa apertura cun convenio de xestión similar a este; salvo que se cumpra o indicio que temos de que pode sair a xestión indirecta. Mentres que a escola infantil vai ser obxecto de xestión directa, o Centro de Día podería ser obxeto de xestión indirecta. Empezaría a funcionar en xullo e o modelo de xestión o veremos cando nos remitan o convenio. Pode ser xestión indirecta ou pode ser xestión directa, o que sí é certo é que máis ou menos, cumprimos as expectativas e os prazos e evidentemente cada un lle agradece as cousas a quen quere e a



partir de ahí eu non teño nada máis que dicir, máis que remitirnos aos debates que houbo aquí sobre este tema, nese sentido, está clariño a postura de todos.

Rematado o turno de intervención o Sr. Alcalde, somete a votación o asunto e o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

### **CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.**

#### **5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolución adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán Fernández: Eu volvo reiterar a contratación dun traballador, a mi paréceme ben que a xustificación que se pon na resolución me parece ben, pero é que o contrato, o que me parece mal é que o contrato se faga por 6 meses se unha persoa está de baixa e non vas deixar o servizo coxo, o que hai que facer, é facer un contrato polo tempo que esta persoa está de baixa. No momento que esta persoa se dea de alta, esta persoa terá que pasar ao paro. Porque un contrato de 6 meses si se incorpora non sabendo se esta persoa se vai incorporar ou non se vai incorporar, si está ben a argumentación da resolución, pero o que si hai que facer, se esta persoa facerlle un contrato de temporalidade no tempo que esta persoa está de baixa. Eu creo que isto é o máis lóxico e o máis normal, creo que xa non vou reiterar máis, porque xa veño reiterando o mesmo ademais sempre as mesmas persoas dende o ano 2008 e eu quero que por parte de Secretaría, porque antes a mín se me advertía como Alcalde se faga un reparo á nómina e a legalidade desta situación porque eu creo que a mín se me diría que nada máis se podía contratar a unha persoa por 6 meses que tal, e agora parece ser que todo vale, e eu espero que por parte da Secretaría se repare a nómina e se faga un informe desta situación, e o máis lóxico, que unha persoa se dea de baixa, eso non o pode predecir ninguén, pero no momento que esa persoa se da de baixa se mete a outro traballador e no momento que esa persoa teña o alta médica, esa outra persoa ten que ir para o paro. Iso é o máis lóxico e o máis normal e o máis coherente e así faise en todas as administracións. Quero deixar a miña constancia disto.

O Sr. Alcalde resposta : Sobre este tema xa falamos varias veces e é que cando hai traballadores de baixa, nós cubrimos o servizo e san se acabou.

O Voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán manifesta : Pero está ben que o cubras, ¿quen che di que non?, pero no momento que esta persoa se da de alta, terá que ir a outra para o paro, digo eu. Eu creo que as administracións teñen un regulamento, a mín antes, eu non sei se cambiou a lexislación do 2007 para aquí, pero antes a mi facíase e reparábase unha nómina. Ao



mellor tiña unha urxencia e reparábaseme unha nómina, fanse informes; a min díxoseme que unha persoa nada máis se podía contratar 6 meses e este leva dende o 2008.

O Sr. Alcalde di que non é o mesmo contrato.

O Sr. Manuel Cendán manifesta : Pero é o que digo eu, a mín díxoseme que non a podía aínda que se faga outro contrato, non sei se isto é legal e a mín reparábaseme nóminas.

O Sr. Alcalde di que estase a substituír unha persoa que está de baixa e mentres estea de baixa, está contratada.

O Sr. Manuel Cendán Fernández: Eu espero que por parte da Secretaría-Intervención que se aplique a legalidade e eu teño que dar esta queixa porque a mín paréceme ben. Eu non te vou criticar. Unha persoa dase de baixa e hai que poñer outra, non vai quedar o servizo coxo, pero que se faga como hai que facelo. Cando se dea de alta esta persoa pois que a outra pase ao paro, é o máis lóxico.

#### **PUNTO NÚM. 6.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-**

##### **a) MOCIÓN DO BNG: "ADHESIÓN O MANIFESTO GALICIA TEN DEREITO".**

Dase conta da Moción do BNG sobre Adhesión o manifesto Galicia Ten Dereito, do seguinte teor literal:

**O pasado 5 de Febreiro, foi presentando en Compostela o manifestó "Caliza ten dereito", nun acto no que asinaron o documento o portavoz nacional do BNG, Guillerme Vázquez, o secretario xeral do PP galego, Alfonso Rueda; o secretario xeral da CIG, Suso Seixo; a secretaria de Organización de UXT, Irene Martínez; o secretario de Desenvolvemento Organizativo de CC OO de Galiza, Carlos Pardo; e o presidente da Confederación de Empresarios de Galiza, Antonio Fontenla.**

**Tal e como se adiantaba no devandito acto, o obxectivo desta iniciativa é abrir o manifestó as adhesións de perseas, institucións e entidades galegas; partindo a idea de que Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do País, a elaborar leis en beneficio da sociedade e da economía galegas e a que o Estado respecte o noso autogoberno.**

Neste sentido, desde o Grupo Municipal do BNG solicitamos presentamos a seguinte Moción ao Pleno, solicitando deste a adhesión formal ao Manifestó "Galiza ten dereito", que adxuntamos á presente **Galiza ten dereito**



**Estamos asistindo a un proceso de reordenación barcaria, impulsado polo Banco de España e o goberno central, que conleva o risco de que Galiza perda as súas caixas de aforro pola deslocalización dos seus centros de decisión, e que estas entidades de carácter social se transformen en entidades financeiras privadas.**

**Frente a este risco, as institucións galegas de autogoberno reaxiron. O Parlamento galego adoptou por unanimidade o acordó de establecer como prioridade o mantemento da galegitude das caixas, a súa solvencia, e a necesidade de tramitar por urxencia a reforma da Lei galega de Caixas.**

**O Parlamento de Galiza aprobou por ampla maioría unha reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente alavancas de desenvolvemento da economía produtiva do País.**

**A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galiza que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colócalas na situación idónea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.**

**Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galiza ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.**

**Conscientes da gravidade da situación, manifestamos:**

1.- Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do

**País, regulado polo seu Parlamento, como expresión do autogoberno. É vital, por tanto, preservar a Lei de Caixas de Galiza.**

2.- Galiza ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego.

**Que non nos deán tratamento de autonomía de segunda, cuestionando a constitucionalidade da lei galega, si non se fixo coa vasca, a catalá ou a andaluza. Por que se recorre a nosa e non a deses outros territorios? O Goberno central debe reconsiderar o asunto e aceptar que as institucións galegas de autogoberno, dentro do marco competencial vixente, teñen capacidade para dotarnos do marco xurídico que se**



**considere máis acaido para defender os intereses de todas as galegas e galegos, como ordena o Estatuto de Autonomía de Galiza.**

**3.- Galiza ten dereito a propiciar a fusión das súas caixas. O goberno central tamén debe aceptar que as institucións galegas teñen tanto dereito como as de calquera outra Comunidade Autónoma para impulsar unha fusión dentro do país, cando se cumpren as mesmas condicións. Galiza ten dereito a preservar e garantir a galegitude das caixas galegas coa súa fusión. Unha fusión paritaria, da que xurda unha Caixa solvente como mellor garantía para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos.**

**Está en xogo boa parte do noso futuro, a dignidade do noso autogoberno e perto de 80.000 millóns de euros en activos, isto é, a maior parte do aforro das galegas e dos galegos. Está en xogo que ese aforro se invista aquí ou se desvíe cara a financiar o desenvolvemento doutros territorios.**

**Galiza debe defender o seu. Ten dereito.**

O Sr. Alcalde Presidente manifesta que hai dúas moncións máis ou menos sobre a mesma temática, unha é do BNG, e outra é do PP, imaxino que volverán a coincidir porque o tema é o mesmo, que é a adhesión o manifesto Galiza ten dereito. É certo que o contido das mesmas expresa verbas diferentes, pero a resolución a acadar é precisamente, a adhesión ao manifesto Galiza ten dereito. ¿Debatímolos xuntas?

Toma a palabra o Voceiro de P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: Eu quería falalo co voceiro do BNG, eu creo que lle falta a proposta de acordo á moción do BNG. Creo que é o mesmo o que está aquí é o argumentario de Galiza ten dereito, pero é que ao final lle falta a diferenza, aínda que cambia un pouco, pero que a diferenza é que, a proposta de acordo que nós poñemos: o concello de Ares acorda adherirse ao manifesto Galiza ten dereito, dando traslado do Pleno ao Parlamento de Galicia, Xunta de Galicia e Goberno de España. Creo que se a fundimos porque se xa aprobamos o manifesto e non llo trasladamos a ninguén pois, o resto coincidimos na mesma moción e o argumentario mesmo, eu creo que, ou se non, se él quere as aprobamos así, as votamos individualmente e non pasa nada, nós non imos a poñerlle pegas pero creo que cando se toma un acordo se fai un manifesto que hai que poñer a proposta de acordo; ou ao mellor foi un erro e lle falta unha folla, non sei se lle falta unha folla ou non, pero o normal é que o acordo que tomemos no Pleno se trasladen ás Administracións competentes no asunto. Nada máis, ímos votar a favor.

O Sr. Alcalde Presidente di : Que sería entón unha enmenda á moción do BNG e retiras a do PP



Resposta o SR. Cendán Fernández: Non, a mi dame igual, eu creo que a moción ven sendo a mesma. Que a adhesión ao manifesto ese que é o mesmo pero que lle falta a proposta de acordo.

Pregunta o Sr. Alcalde: Entón se o BNG acepta a túa enmenda retiras a túa moción?

Resposta o Sr. Cendán Fernández: Non, non a retiro pero se chegamos a un acordo, pois votamos unha porque non imos discutir dúas cousas ou votar dúas cousas sendo a mesma.

O Sr. Alcalde: Para ordenar o debate. Entendo que está a propoñer unha enmenda á moción do BNG, que se se acepta implica a retirada da moción do PP.

O Sr. Manuel Cendán Fernández di: Non, propoñemos as dúas mocións podemos fundi-las e si a aproba a corporación a min dame o mesmo que sexa do PP ou que sexa do tal, vimos aquí a corporación de Ares, acorda adherirse ao manifesto Galicia ten dereito nada máis, non quero protagonismo de ningún tipo.

O SR. Alcalde manifesta: Entón se o BNG acepta a suxerencia do PP, votamos só a do BNG, a túa non.

Resposta o Sr. Cendán Fernández: Dame exactamente igual

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Non hai que complicar tanto as cousas, que son máis sinxelas cando se propón o mesmo. E sobre todo cando está asumido públicamente porque parece que aquí si intentase esconder algo non, nada en absoluto. Nos a proposta tal e como a traíamos a Pleno pedíase simplemente que o concello se adherira formalmente con acordo plenario ao manifesto , pero indudablemente, todo aquilo que sexa facerlle chegar as institucións interesadas, neste caso do Goberno Central e da Xunta de Galiza, este acordo que se adoptou , pois nós non soamente non temos nada en contra senon que estamos totalmente a favor dende o punto de vista todo o que se quere incorporar no sentido de publicitar este acordo que esperamos que se tome aquí, para nós o punto de vista e favorable, é decir, incorporamos esa petición como engadega e da igual, como si temos nós que votar a moción do PP, nos da absolutamente igual, e nos da exactamente igual porque esto como está asinado públicamente por nada máis e nada menos que polo Presidente da Confederación de Empresarios, con representates de CCOO de UGT e da CIG do PP e do Bloque Nacionalista Galego, pois non hai nada que ocultar; está claro, e é evidente que hai unha sensibilidade masiva, non digo unánime, pero si sensibilidade masiva de determinadas forzas moi distantes como é obvio, pero que neste caso concreto fixeron un exercicio, e me consta además, un exercicio que levou moito traballo de poñer e quitar cousas, no nome de algo que para nos é o fundamental. Neste momento hai unha reestructuración do aparello bancario a nivel de Estado, como consecuencia da aprobación do FROP, por parte do Goberno de estado que dalgunha forma provoca, casi, casi, acelera dunha maneira tremenda a necesidade de que a cidadanía , e en concreto, os que pensamos que as Caixas deben de seguir



mantendo primeiro un pensamento e unha estrutura próxima ao país e en segundo lugar, a labor social que sempre levaron a cabo. Eu creo que a ninguén se lle escapa que detrás de este movemento de tipo económico que hai de restructuración bancaria se vai nunha liña que nós non compartimos que é bancarizar as Caixas de Aforro. Para nos, e reitero, o fundamental e manter as caixas asentadas nunca realidade a que deben de cumprir porque así naceron e independentemente que hoxe estamos non século XXI e cando naceron eran outros momentos, o que é evidente e que nos pensamos que hai que seguir mantendo os pes na terra e sobre todo a axuda a labor social que tradicionalmente prestaron as caixas e que é unha vía pola que se vai digamos, camiñando para desfacer todo este aparello que tiñan feito na obra social das caixas galegas con a aplicación de este FROP por parte do Goberno do Estado. Eu non me vou a explicar aquí moito eu creo que se trata dun manifesto plural que non parte doutro tipo de consideracions que cada un as temos sobre as gatadas, por denominalo dunha maneira suave, verdade, que nos fan as caixas a cada un de nós, que temos cartos ahí metidos. O que se está sustanciando aquí non é se nos vale o modo reestructural de Caixa Galicia, Caixanova se non si sobre para nos é bon que este momento se manteña o criterio de asistencia dunha caixa, de esa filosofía de pensar no país e sobre todo con o valor social que ten. Eu non quero dicir aquí, que desgraciadamente agora non tanto pero nun determinado momento, acórdome que cando eu era Alcalde practicamente os únicos actos culturais que nos chegaban ao concello nese momento eran a través da obra social de Caixa Galicia. Había unha deriva, que se foi perdendo dunha maneira progresiva, pero evidente que foi así e nos apostamos por que eso podía ser un complemento a cousas que non se poden facer noutro momento as institucións públicas. Hai que amarrar as Caixas Galegas, e despois por unha razón fundamental ou agora apostamos por un modelo, donde podamos contar con unhas caixas fusionadas mantendo, naturalmente, que non sexa un acordo agresivo para ningunha delas. Pódese facer eso, ou se non o escenario que nos vamos a atopar, e eso sería tremendo, vai ser un escenario no que seguramente neste ano o que vamos a ter é unhas caixas galegas, 2, que existían a 25 de febreiro do ano 2010, que ao mellor en setembro de este mesmo ano non van a existir ou van a estar absorvidas, naturalmente por Caixa Madrid ou por outro tipo de organismo que non vai estar tan próximo a nós. O outro día, e remato, comentábame un compañeiro que a súa preocupación polo tema dos efectos que podería ter, nos traballadores e traballadoras que están aquí e eu creo que é un tema naturalmente importantísimo cando se produce un sistema, perdón, un mecanismo de este tipo sempre hai danos colaterais. Nós defendemos que ese é un dos temas polos que habería que mirar pero lle respostaba que, os danos colaterais haberíaos de todas maneiras, vaíamos a unha caixa única en Galicia ou vaíamos a unha caixa absorvida por outra de fora, pero a diferenza é sustancial, tí como te defendes mellor a hora de mirar polos teus dereitos? Enfrentándote a alguen que sabes que tes próximo, que sabes que lle podes ir alí a reclamar ou simplemente, sendo absorvido por unha caixa, evidentemente, que veña de fora. Nese sentido, creemos que o que se está xogando, tamén para os concellos, por certo, e a min si que me parece un dato importante, tamén unha forma de poñer especial fincapé en que as caixas para as corporacións locais



deberían de volver, porque é certo que xa ultimamente non estaban prestando esa función. É certo que nos incluso, os últimos créditos que pedimos, xa non os pedimos algún deles nas caixas de aforro pero tamén sería unha forma, naturalmente, de solicitar, de que seguiran prestando esa función. E depois, penso que temos poder político no noso país, creo que o poder político, ten 2 parámetros nos que se move, que son a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía, e o Estatuto de Autonomía explicita claramente que unha das funcións que ten atribuídas o Goberno Galego é , precisamente, a posibilidade de regulación do mercado financeiro dentro de eses límites que realmente existen. Por tanto, tampouco non podemos acreditar supostos de inconstitucionalidade en casos como os que estamos donde sabemos que efectivamente, aquí o que hai é un problema de carácter político e que eses supostos de inconstitucionalidade non se deron, naturalmente, noutras zonas do estado, donde se aprobaron propostas que van incluso moitísimo máis a nivel competencial en defensa de cada unha das autonomías do que vai neste caso a proposta da Lei de Caixas Galegas. Trátase, entendemos nós dun problema do país, trátase, naturalmente, de ter algo que pode ser mellorable ou abrir a ventana ao día seguinte e encontrarnos con que non dispoñemos absolutamente de nada. Polo tanto, nese sentido, nós somos favorables a adherirnos a este manifesto plural, aberto, afortunadamente, que son as cousas que necesita o país. Facer un chamamento para que se adhiran o resto dos grupos, obviamente, xa parece que o Partido Popular que o ten asinado, se vai a unir, pero nos apostaríamos porque déramos un bon exemplo como deron no concello de Moeche no pasado fin de semana e que polo tanto, pudiera saír esta proposta aprobada por unanimidade con esa incorporación de que se envíen os acordos a todas estas institucións que aquí se propuxeron por parte do Partido Popular.

Pide a palabra o Sr. Manuel Cendán e di: Vou falar eu un pouco ¿non?

O Sr. Alcalde resposta: Non, non, perdoa, en mocións, efectivamente, imos facer unha cousa, ¿vale?, se me permites imos mante-la orde, porque entón xa non sabemos que estamos a facer. Agora interveu o que presenta a moción. E agora abrimos a quenda e empezamos polo máis pequeno. A moción xa a expuxo o que a presentou, agora abrimos a quenda para debater a moción, na que falarás tamén, sobre a moción do bloque, e tí exporás as razóns que están na túa moción e como che aceptaron a emenda é nos mesmos termos,¿vale?

Toma a palabra o Voceiro de Nal Sr. Luis Cendán Fernández: Eu simplemente vou intervir para explicar o sentido do voto, sen entrar no fondo da cuestión e das disxuntivas que se orixinaron sobre este asunto nos últimos días. Si simplemente dicir as obviedades que hai unha grande maioría da sociedade galega que adhírese a este manifesto e ademais ter en conta que aparte dos ditames que hai do consello Consultivo, de que podía incumprir algúns artigos do convenio, simplemente dicir que nestes momentos hai unha reunión para tratar de abordar este asunto e buscarlle unha solución e eu, persoalmente, creo que isto vai ser así,



cambiándolles algúns matices vai haber un acordo positivo. Polo tanto, simplemente dicir, que o noso voto vai ser favorable.

Interven o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán Fernández: Ben, eu vou ser breve tamén, pero un pouco redundar o que dixo o voceiro do BNG, tamén propoñente da moción pero facer un pouco de memoria cómo vén isto. Estamos asistindo a un proceso de ordeación bancaria a nivel nacional impulsado polo Banco de España que, vendo a xogada, nos encontramos que Galicia con 2 caixas, veíamos que podían quedar obsoletas e absorbidas por outras caixas a nivel nacional e o Parlamento de Galicia por unanimidade acordou adherirse e a galeguizar o que son, por unanimidade de todos, a galeguizar o que son as caixas galegas, creo que está claro, que nos desde o autogoberno de Galicia, todas as forzas políticas temos que apoiarnos ter a nosa financiación porque xa se sabe é unha das riquezas de Galicia, e temos que defendela, parte da obra social que fai, é unha caixa nosa e é unha financiación que temos aquí para toda o tecido industrial, económico e social de todo o país e creo que nós non podemos deixar de loitar porque as nosas caixas compitan a nivel de facer unha caixa forte; a nivel estatal, creo que é unha boa idea e que nós podíamos competir ao nivel das outras caixas fortes como pode ser a madrileña, como pode ser a catalá, como no resto de España anteriormente se dixo, pero como pode ser na Comunidade Vasca, como pode ser en Andalucía ou como pode ser en Cataluña se aprobou e non houbo ningún inconvinte. Creo que está claro que este é un tema meramente político. Eu estiven escoitando onte a tarde ao voceiro e ao responsable do BNG a nivel galego, falando de que eles non eran partidarios da negociación que se estivo facendo estes días, porque daba uns argumentos que a min convencíanme, porque estaba claro que a inconstitucionalidade non a ten que dicir ningún funcionario porque tamén son funcionarios os da Xunta de Galicia e que está claro que a súa opinión era que non había que sentarse a negociar que ese era un acordo do Parlamento de Galicia e que debía ser así. Creo que á vista do que pasou onte, ou antonte, a situación veñe a dar a razón, se levantaron da negociación sen acordo e sen data para volver negociarse, este é un tema político que interesa por outros intereses que as caixas galegas sexan absorbidas por outras de outras comunidades e ese é o fin. Creo que nós, e así a gran cidadanía, aquí están todas as forzas sociais e políticas agás o Partido Socialista como poden ser todos os sindicatos, as entidades empresariais e os partidos políticos deben defender o noso, neste caso ter un financiamento galego e temos que defendelo, por enriba de que se un artigo está por enriba da constitución ou non está. Como dixo o voceiro do BNG temos un Estatuto de Galicia que se adapta bastante ao estatuto de Galicia como se adaptaron os demais e que se hai algún inconveniente... pero xa metelo non constitucional e con ameazas, iso non conduce a nada e o único que é impedir que Galicia teña un financiamento propio e galeguista. Nada máis se trata de iso e que nos imos a apoiar a moción.

Ten a palabra o voceiro non adscrito Sr. Echevaría Lage: Creo que o voceiro do BNG o explicou moi ben eu estou por ter un sistema financeiro propio que non se reciban ordes doutros bancos, polo tanto eu vou votar a favor.



Interven o Sr. Alcalde: Queda a explicación do voto do grupo socialista e evidentemente, está claro que o Partido Socialista sobre isto ten unha opinión propia e loxicamente é a opinión que casa máis, tanto co sistema constitucional, coma coa propia configuración da economía de libre mercado na que estamos inmersa e que tamén vén garantido o dereito á propiedade privada e á herdanza na Constitución. As fusións só poden facerse por decisión das asembleas e dos consellos de administración das entidades que están implicadas, en consecuencia, dende esa perspectiva quen ten que decidir a fusión é Caixa Galicia e Caixanova e as súas respectivas asembleas. O problema é que Caixanova non quere, como Caixanova non quere faise unha lei para obrigar a unha entidade que é dos seus participantes, evidentemente, para entrar polo aro da fusión. Loxicamente, hai unha lei estatal que é a LORG que aquí nunha lei orgánica e que aquí ten rango inmediatamente por debaixo da Constitución e por enriba dos Estatutos de Autonomía que sinala que para a fusión se necesita un acordo de 2/3 nas asembleas de cada unha das entidades que se queren fusionar. 2/3 é moito e con Caixanova que non quere é imposible. En Galicia faise unha lei que solo esixe a metade máis un, coa metade máis un xa contan que pode ser posible porque ademais diminúen a representación de absolutamente todo o mundo, menos da Xunta. A representación da Xunta a dóbran para poder alcanzar a metade máis un e como nos actuais consellos de administración hai directivos que se resisten á lei do Estado di que se renovarán por metade, pero como a Xunta quere varrer aos de Caixanova de golpe porque non queren a Lei Galega determina que a renovación dos cargos directivos é total; é dicir, faise unha lei para dobre a Caixanova que ten os seus accionistas en asemblea e o seu Consello de Administración e para intervíla e obrígala a unha fusión. Por suposto se a LORG di que son 2/3 e a lei galega di a metade máis un, iso chámase inconstitucionalidade. Se efectivamente a LORG establece que mecanismos de representación; e os da Xunta os dóbra, iso chámase inconstitucionalidade. Se a LORG di que a renovación dos órganos directivos por metade e a Lei Galega di que é na súa totalidade, iso chámase inconstitucionalidade; e a inconstitucionalidade foi ditaminada polo Consello de Estado, onde están todos os ex presidentes e polo tanto os hai de todas as cores. Aznar tamén forma parte do Consello de Estado. Ademais, efectivamente, admitiuse a trámite polo Tribunal Constitucional. Evidentemente, o partido socialista non está a favor nin en contra da fusión, o que pasa é que sabe e ten moi claro os que deben decidir a fusión, que son as xuntas de accionistas e os consellos de administración. En consecuencia, é unha lei sen dúbida algunha á medida duns intereses moi concretos que sinalou o expresidente de Caixa Madrid, que dixo que deixou todo preparadísimo para que Caixa Galicia e Caixa Vigo fosen absorbidos por Caixa Madrid. Esas son as instrucións que ten Nuñez Feijoo, ¿que lle baila as augas tamén o BNG?, bueno, é un criterio que terán que explicar, pero explicando de verdade porque a LORG ten a súa data, e antes da LORG a LORG non existía. Polo tanto as leis autonómicas que permitían estas cousas anteriores á LORG son constitucionais, o problema é que a lei galega a fixemos despois de existir a LORG e evidentemente, hai outras leis autonómicas como a andaluza, que se fixeron antes da LORG poden dicir cousas que a de Galicia non pode dicir porque é posterior. En consecuencia, é o principio de legalidade, está claro que é unha situación que o



partido socialista coñece e como a coñece non pode votar a adhesión a ese manifesto porque como acabo de explicar, existen razóns obxectivas máis que utópicas ou de deber ser ou de querer, existen razóns reais que determinen que o partido socialista ten unha posición moi clara que pasa polo máximo respecto ás Xuntas de Accionistas e Consellos de Administración e non pasa por dobregar a Caixanova a unha fusión que Caixanova non quere.

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Eu non vou abrir un debate que pertence ao Parlamento Galego, pero con certo privilexio que me da, porque asín a ese debate e naturalmente son testigo presencial de todas as intervencións que houbo alí, tamén da do partido socialista, por certo, feita por unha persoa que foi no seu día militante do BNG. O señor Leiceaga que teño que decilo, e ademais quero que conste así en Acta, lle tiña moito máis aprezo, dende o punto de vista de economista da lixeireza que lle vin alí, falando dalgúns temas para defender o indefendible porque o punto de partida era un acordo por unanimidade que despois ao final, non sei porqué se acordou por unanimidade dos tres grupos, de facer a revisión do sistema de caixas en Galiza, ao final se abandona supostamente por algúns artigos consideráranse como inconstitucionais. Aquí o único que pode considerar os artigos como inconstitucionais é o Tribunal Constitucional. Polo tanto aquí, eu podo dicir que o que é inconstitucional é o recurso que presenta o Goberno de Estado. Podo dicir tamén eso ¿non? Podo dicir que por exemplo, e teño datos e o lín, estudos que fixeron persoas contrastadas desde o punto de vista xurídico e dicen que o FROP é inconstitucional, porque invade competencias das comunidades autónomas. Por certo, hai un acordo do parlamento galego tomado por maioría, entre o Partido Popular e o BNG de recurrir o FROP, espero que ese acordo tamén se poda levar a cabo. Polo tanto aquí todos podemos dicir o que nos parece, e eu non tacho de mentiroso a nadie, eu digo a nosa opinión. Coñezo o proxecto de lei de caixas que presentou o BNG, que foi o que deu lugar a este debate, coñezo as modificacións que houbo e son testigo presencial de un debate onde cada un pode quitar as conclusións. En calquera caso, sí que é unha lei intervencionista. ¿Se pode ser intervencionista se a Constitución o permite? Pois creo que si, e se necesita ser intervencionista se a Constitución o permite, pois si, porque eu prefiro que sexa o Parlamento Galego quen sexa intervencionista, que o intervencionismo non o faga Galloso e Mendez, así de claro, que queredes que vos diga, pois eu prefiro que o 51% chegue, e que non que estén blindados ahí señores que levan toda a súa puñeteira vida enganándonos, entón, vamos a decilo con toda claridade, aquí parece que uns defendemos a Caixa Galicia e outros se dice defenden a Caixanova, pois eu creo que estamos falando dun sistema, e aquí o de menos, é que neste momento existan 2 caixas ogallá existiran, por certo, noutro momento, existiron e habería que falar de cómo Caixanova absorbeu, como naceu Caixanova absorbendo Caixa Ourense, non nos equivoquemos. Aquí todo isto naturalmente ten unha historia, e de cómo nos tratan cada unha das 2 entidades, unhas e máis outras, co que nos cobran, etc, etc. Pero o que eso non é o que está en debate o que está en debate é a concepción ao respecto dun procedemento, que neste momento está pechado, porque hai un prazo ata mediados de este ano para que o se produza esa fusión de caixas galegas ou, evidentemente, xa llas entregamos a que as colla Caixa Madrid ou outra. A



miña pregunta é supoñamos que a teoría famosa de que todo eso está cocido en Madrid e a Nuñez Feijoo lle dixeron que tiña que facelo para entregarlle todo a Caja Madrid ¿qué preferimos entregarllo directamente ou forzar antes un debate, incluso a nivel político, a nivel social para ver si se poden manter as caixas galegas con autoridade propia? Ese é o debate, no que estamos agora mesmo aquí. Eu non sei quen vai a levar todo esto, eu non estou facendo futuribles, estou dicindo de si un país como se defenderon outros, por exemplo que son menos radicais como o caso de Andalucía, que non está gobernada por nacionalistas, que está gobernada polo partido socialista; eu, animo a que vexades si a lei de Andalucía é intervencionsita ou non, e a comparedes con a proposta que aprobou o Parlamento Galego o día 28 de decembro do ano pasado. Polo tanto, nesa situación estamos, todos sabemos que é un tema eminentemente político cada un se suma as cousas ou non se suma pero eu creo que é ben que introduzamos certos grados de seriedade e de racionalidad nas cousas que se están facendo, porque é moi bonito dicir que un está servindo aos intereses de un; con o tempo que ven pasando xa vexo a a quen serve cada quen. Pero os que non se sumaron a esto teño as miñas dúbidas, e a clave é a posición que dixo o alcalde, supoño que en representación do grupo socialista, dice. O PSOE non está nin a favor nin en contra, pois hai que estar, hai que mollarse o digo sinceramente, e aínda que mollarse nun determinado momento leve a construír fotos das que algúns lle fan tanta gracia para algunhas cousas e para outras non lle interesan, onde apareza o portavoz do Partido Popular hablaba do portavoz do BNG, pero ¿esto se deu agora?, pero esto non se fixo xa hai moitísimo tempo cando había que facelo no seu momento, non sei porque lle chama a atención. Despois, curiosamente, os que critican esa foto, son os que se unen ao Partido Popular para aprobar unha ley do solo donde se fala de legalizar vivendas construídas ilegalmente ata o ano 2003. Eu xa non entendo nada. De verdade, non me gusta falar de eso, porque me gusta falar das cousas, porque si falamos dos agravios comparativos aquí como todos temos moitísimo que rascar e eu non quero ironizar sobre ningunha foto, o digo sinceramente, eu respeto a posición do partido socialista como non podía ser menos pero non quero ironizar sobre a quen está servindo o partido socialista, porque eu creo que estamos en Ares, non estamos en Vigo, pero o discurso que acabo de escoitar hai un momento, en fin, politicamente eu non lle teño ningún respecto ao alcalde Caballero, o digo con toda sinceridade, porque me parece que o discurso que lanzou a estas alturas non emula, senón que supera ao discurso que tivemos durante 25 anos cun señor chamado Francisco Vázquez na cidade da Coruña, de efectos tan desgraciados para a cidade da Coruña como para Galicia, e para todo o conxunto da cidadanía. Por tanto, eu quero falar, do que quero falar, aquí hai un manifesto o que quera se suma e o que quera non. O que está en xogo xa o veremos e non tardaremos ademáis moito, a mediados de ano, ou a finais de ano veremos a que estivo servindo cada quen, xa veremos.

Acto seguinte toma a a palabra o Voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: Eu creo que está bastante debatido, pero algunhas matizacións. Creo que aquí se falou por parte do partido socialista, o voceiro do partido socialista, que non é a realidade. Precisamente tómasse é acordo do 51% e a lei de caixas, para democratizar as caixas de Galicia, precisamente para



iso; e dicir que o señor xefe do PSOE galego, o señor Vázquez pois primeiro sí e despois que non, e dixo antes de que se pronunciase o Consello de Estado, o señor Vázquez xa se adiantou a dicir que era inconstitucional, ese señor xa o dixo públicamente. E despois que o goberno central que o ía, e tardou unha semana ou 2 semanas nas manifestacións do responsable do PSOE galego en levalo o goberno ao constitucional. Eu creo que xa se ve a intencionalidade política e eu creo que o presidente do Banco de España, non ten ningunha dúbida, e eu lle escoitei hai 2 días pedindo e esixindo a fusión das caixas galegas; polo ben da economía galega, está a recomendar iso, o Presidente do Banco de España, non o nomeou o PP, eu non sei se é de dúbida ese personaxe, eu escoiteino antonte, e creo que é un tema político e se hai unha negociación e se hai 6 puntos chegar a un acordo, e se é inconstitucional que digan os puntos que infrinxe iso. Unha negociación e que se diga publicamente, por parte do partido socialista, que se diga onde está e si se pode conducir, si se pode corrixir. Creo que estamos nun debate e unha aprobación e se pode debater entre unha Comunidade Autónoma e o Goberno do Estado, négóciase e se non se chegou a un acordo e se quedan uns flecos pois volverse reunir. Pero levantarse dunha negociación e non lle poñer data á próxima negociación cando hai 6 meses para acabar con isto se ve a intención política que non queren a fusión das caixas galegas, que é a intencionalidade política, porque se houberse intencionalidade se lles poría data ás seguintes negociacións para chegar a un acordo. Ao mellor, por parte do goberno galego estase a intentar chegar a un acordo e baixando un pouco de máis, por chegar a un acordo e quitalo adiante, pero creo que ao final a decisión está tomada polo partido socialista e que como dixer, ao final as declaracións que fixo onte o responsable do BNG a nivel galego, poida ser que coincida e que dea como certo. Nada máis

O Sr. Alcalde manifesta: Eu o único que expuxen son as posicións do partido socialista e é tan lexítima como a do BNG, me imaxino, non é nin mellor nin peor. Entón ápoiasse nos criterios de inconstitucionalidade que apreciou o Consello de Estado e é que ademais son doados de ver. Colles o artigo da lei galega e o artigo da lei estatal onde din 2/3, a lei galega di a metade, onde di a representación a lei galega di o dobre; onde di a fusión iso é doado de velo e de feito o presidente Feijoo está a negociar cambiar a lei, ¿por que? porque evidentemente é inconstitucional. O banco de España recomenda a fusión pero se os 2 bancos queren ou se as 2 caixas queren ou se as 2 empresas queren. O Banco de España pode dicir fusionarvos, pero é que Caixanova di que non, entón coma se lle recomendan fusión outros bancos. Un dí que non e dí que non. O que pasa que detrás de todo isto está o control da obra social, está o control das entidades de crédito.

O mellor era nacionaliza-la banca, que é mellor nacionalizar, polo menos non enganas nin vas pola porta de atrás. Eu comprendo que o BNG estea de acordo coa intervención, pero o que non entendo xa é o do PP, iso xa é alucinante.



Procedemos a votar, por favor, votamos en consecuencia a moción do BNG coa emenda do PP, a emenda que o explicou. Votamos ¿vale?

Acto seguinte sometese a votación a Moción do BNG coa seguinte menda: “ Adherirse ou manifesto e dar traslado ao parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia e ou Parlamento de España”, e o Pleno da Corporación por 8 votos a favor 2 BNG, 4 PP, 1 NAL e 1 non Adscrito, e 5 abstencións do PSde-G PSOE, acorda presetarlle a súa aprobación.

### **B) MOCIÓN DO BNG “MANTEMENTO E MELLORA TRANSPORTE COLECTIVO NO NOSO CONCELLO”**

Dada conta Moción do BNG sobre o Mantemento e Mellora Transporte Colectivo no Noso Concello do seguinte teor literal:

Desde hai bastantes anos, véñse producindo un recorte dos servizos de transporte que tradicionalmente viña realizando a empresa concesionaria; tanto no referente as conexións con outros concellos como, fundamentalmente, aos servizos que se prestan das diferentes parroquias do concello coa vila. De feito, os servizos que se prestan eos núcleos de Chanteiro, Cervás e Caamouco quedaron reducidos nos últimos tempos á mínimos; derivando nunha práctica incomunicación das vecinas e vecinos desas parroquias, que non teñen outro sistema de transporte máis que o recurso ao vehículo particular.

Segundo os datos tirados a día de hoxe da web da empresa ARRIVA - que ten a concesión para o servizo do transporte - os servizos que se prestan entre as parroquias do concello son os seguintes:

Traxecto	Liña	Horario
Ares-Redes	O Seixo-Pontedeume, por Mugardos e Ares	9,55
Redes-Ares	Pontedeume-Mugardos, por Ares	11,55
Ares-Chanteiro	Pontedeume-Mugardos, por Ares	11,55
Chanteiro-Ares	Chanteiro-Ferrol, por Ares-Mugardos-O Seixo	5,25
Chanteiro-Ares	Chanteiro-Ferrol, por Ares-Mugardos-O Seixo	7,30
Chanteiro-Ares	O Seixo-Pontedeume, por Mugardos e Ares	9,45

Asimesmo, na mesma información sinálase que os devanditos horarios son “...orientativos, variábeis segundo as condicións do tráfico...”.

Desta realidade deu boa proba a situación creada pola suspensión das liñas de transporte a Chanteiro, motivada polo corte da estrada para a realización da canalización do saneamento para a EDAR; e da posta en marcha dunha medida "provisional" por parte do concello para garantir cun servizo de taxi o transporte das xentes que teñan que desprazarse a Ares. Entendendo a necesidade de dadle unha solución urxente a esta situación concreta, non é menos certo que a empresa adxudicataria ten unha obriga



co mantemento desta liña e, lóxicamente, da procura de alternativas para situacións como a comentada.

Por outra banda, chama realmente a atención que, formando parte o noso concello do denominado "*Plan de Transporte Metropolitano*" promovido desde a Xunta, e que implica unha achega económica importante da institución municipal; se produza unha redución dos servizos, cando dentro dos obxectivos do devandito Plan figura como un dos seus obxectivos:

*"Mellora da oferta de servizos: concretarase no incremento das frecuencias nos corredores metropolitanos e no aumento da cobertura do sistema de transporte público sobre o territorio".*

Á vista da situación antedita, desde o Grupo Municipal do BNG no concello de Ares propomos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

### A C O R D O S

**1.- Constituir - dentro da comisión correspondente ou ben na Xunta de Voceiros -un grupo de traballo sobre a situación do transporte colectivo no noso concello ( tanto no que afecta á comunicación entre as parroquias como con outros concellos ) e das posíbeis alternativas que garantan á maioría da poboación un transporte colectivo efectivo do punto de vista social.**

**2.- Iniciar, como primeira medida, as negociacións coa empresa adjudicataria do transporte colectivo que afecta ao noso concello; co obxecto de mellorar e ampliar a cobertura dos servizos que actualmente se prestan, nomeadamente para os núcleos de Chanteiro-Cervás e Caamouco.**

**3.- Articular alternativas - na liña das conclusións do primeiro apartado - que procuren solucións mancomunadas e intermodais ( por exemplo, promoción do servizo de transporte marítimo na ría de Ferrol...) ao transporte colectivo entre os diversos concellos da comarca."**

Toma a palabra a Voceira do BNG Sra. Abeal Perez: Grazas, señor Alcalde. Ca moción que defendemos hoxe dende o BNG queremos axudar a todos os veciños e veciñas do noso concello que teñen un problema co transporte. Este problema cada día é maior, o transporte público non se pode mirar en función de beneficios e pérdidas. O transporte público é un servizo social, nestes momentos o transporte público no noso concello ten cousas sen xeito; por exemplo dende Redes so podes vir a Ares as 12 de mañá, o sea, que se tes que vir o médico ou tes que facer unha analítica pois non, tes que ir a buscarte a vida porque non chegas ao médico nin a analítica as 12 da mañá. Pero o colmo é a volta ¿cómo volves a Redes? Pois non tes, a ningunha hora, a ningunha hora do día. E agora imos a falar de Chanteiro. Chanteiro e Cervás. Pois para vir para Ares aínda non hai queixa as 5,25, as 7, 30, as 9,45 pero a volta so a teñen as 12 da mañá. O sea, solo hai transporte polas mañás cun corto espazo



entre a ida e a volta, polo que nin se quera teñen tempo para facer nada. Iso non é normal e non teñen transporte en toda a tarde, ningún, de ningunha das parroquias, eso é un sin sentido. Dende Redes si tes transporte por exemplo para ir a Pontedeume, tes mellor transporte para ir a Pontedeume que para vir a Ares, e non se pode entender. A xente de Redes ten que vir o seu concello, ten que vir o médico a Ares, ten que vir a arranxar os papeis o xulgado e ten moitas cousas máis que facer aquí en Ares por exemplo, o sea, é un sin xeito. Para o BNG o noso concello existe dende Chanteiro a Redes, pasando por todas as parroquias e para nós todo o mundo ten o mesmo dereito, ten que ter un transporte digno, público e donde se poda vivir, se necesita un transporte digno. Queremos que todo o mundo teña a súa vida laboral e familiar fácil e cómoda. Todos temos dereito. O transporte público non se pode mirar en función de beneficios e perdas, o transporte público é un servizo social, un dos problemas das parroquias é o despoblamento, sabedes que ocorre en toda Galiza, pero ¿como non vai a ser así? Non é fácil traer á tua familia a un lugar onde non tes ningún transporte mínimo, mínimo para que os teus fillos teñan un transporte para que vaian a estudar a traballar ou as actividades deportivas o culturais ou simplemente para ir onde os amigos. Sen transporte o único que conseguimos é aislamiento e carencias de todo tipo. Dende o BNG queremos que se mellore este transporte coas parroquias. Pensamos que se ten que negociar con Arriva, que é a empresa adxudicataria do transporte colectivo que afecta o noso concello co obxecto de mellorar e ampliar a cobertura dos servizos que actualmente se prestan. O transporte público non son beneficios e perdas, o transporte público en servizo social, os beneficios teñen que mirarse en función da xente, e se hai perdas, pois as terán que poñelas as administracións. Así pensamos dende o BNG, esa son as nosas políticas, as cousas públicas son para a xente. Esas son as nosas políticas; e tan necesario é resolver este problema que o máis acaído é que todos os grupos traballen nel é que se fagan 2 fases, unha inmediata negociando con Arriva, para que haxa solucións xa e outra de maior alcance creando un grupo de traballo cujos resultados rematen con propostas integrais e de futuro para resolver o problema de aillamento das parroquias en canto ao transporte público, por eso as propostas de BNG para esta moción, que por certo, temos unha pequena engádega nas propostas.

A engada é simplemente que para que no grupo de traballo tamén estean as asociacións que queiran integrarse nel, esa é a engádega que temos. Os acordos son: primeiro, construír dentro da comisión correspondente ou ben na xunta de voceiros un grupo de traballo sobre a situación do transporte e aquí está a engádega, a engádega sería: abrindo participación do movemento asociativo existente nas parroquias e continuando logo co acordo que ben. Sobre o traballo da situación do transporte colectivo no noso concello, tanto no que afecta á comunicación entre as parroquias como aos outros concellos e das posibles alternativas que garantan a maioría da poboación un transporte colectivo efectivo do punto de vista social. O 2º punto é iniciar, como primeira medida como xa dixen, coa empresa adxudicataria do transporte colectivo que afecta ao noso concello, co obxecto de mellorar e ampliar a cobertura dos servizos que actualmente se prestan, sobre todo nos núcleos, de Chanteiro, Cervás e Caamouco.



Articular alternativas na línea das conclusións do primeiro apartado que procuren solucións mancomunadas, podería ser, e intermodales, por exemplo a promoción o servizo de transporte marítimo na ría de Ferrol ou transporte colectivo entre os diversos concellos da comarca. Esperamos que todos esteamos dacordo para poder arranxar un problema, un problema que ten a nosa sociedade, o noso concello e temos que arranxalo ao antes posible. Grazas.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Dicar que estou de acordo na totalidade do que se expón aquí a través desta moción. Pero si ao mesmo tempo dicir que hai moitas dificultades, hai que ser realista e a situación é a que é. Todo o que sexa mellorar o servizo público aparte de mellorar como dixo o expoñente da moción; dicir que o servizo público, para nada ten que ver os custos ou a rendibilidade das empresas, iso non é así tan doado, choca directamente con outro tipo de intereses ou outro tipo de servizos que están a vivir diariamente con iso. Esa é a realidade, outra cousa é o que nós pensamos de que debía incluír un servizo público ás parroquias. A propoñente di tamén a dificultade, nas parroquias hai moitísima menos xente e ademais na exposición de motivos aínda maior a nivel comarcal o tema do servizo de lancha en Mugarodos, concretamente aquí con ese tema estívose batallando moitísimo tempo e ao final é o mesmo, as institucións tanto municipais, como provinciais, mesmo a Xunta buscando, tratando de buscar solucións para dar ese servizo histórico que se viña realizando entre Mugarodos e Ferrol e realmente non se pode dar porque a xente aparte dos custos que ten o servizo, a xente non acode ao servizo, esa é a realidade. No tema que nos concierne aquí que é o tema do transporte público no Concello a realidade é tozuda e a xente desgraciadamente utilízao moi pouco, si hai alguén que o utiliza pero sabemos que hai deficiencia por outro lado de que a empresa non da os servizos como anteriormente, describíches de que ata tal hora, se vai pola mañá, pola tarde mesmo non ten para regresar ao seu destino, polo tanto, eu creo que é un tema moi complexo, que si estou de acordo nos 3 puntos mesmo có engadido que lle acabas de facer; de que estean representados os colectivos nas parroquias, pero como dixen, non deixo de recoñecer a dificultade porque hai outros intereses e a rendibilidade desgraciadamente á hora de poñer en funcionamento un servizo ou ampliálo ten uns custos, e o empresario sabemos que non vén a perder diñeiro, nin a dar o servizo pola cara ao concello, nin aos cidadáns de Ares. Ademais aquí hai unha experiencia que eu no seu día xa o dixen, que foi o tema, cando puxemos o servizo en funcionamento de transporte adaptado estableceuse, eu sabía que ía traer estas consecuencias, indiscriminadamente para todo tipo de solicitudes que se viñan dando simplemente, con chamar por teléfono había xente que o estaba a utilizar para ir a Alcampo e outras cousas. Primeiro enfrontamento e primeiro colectivo que se cabreaba, porque ademais levaba un axudante, que lle levaba as bolsas ás persoas, có cal, o servizo de taxis de Ares non podía funcionar, polo tanto, isto non se pode obviar porque é unha realidade. Este tipo de intereses ten moito que ver nesta moción, agora o que sexa traballar no sentido de que



teñamos un mellor servizo e sobre todo de claridade, nós non imos dicir que non, senón estamos de acordo na súa totalidade, e nese sentido imos votar afirmativamente. Pero quero facer esta salvidade e estes pequenos matices, porque isto é a realidade.

Ten a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán Fernández: Eu coincido nisto. Todo o que sexa mellorar o servizo hai que traballar por elo, eu cando estaba de Alcalde, tiñamos algunhas reunións có Director Xeral de Transporte. O concello de Ares eu creo que aportamos ao transporte colectivo, estou a falar de memoria, paréceme que 6.000 € ao ano, creo que hai que esixir; coa Xunta do bipartito deixei de ser Alcalde si se volveron facer estas reunións creo que hai que formular por parte do Concello e o Alcalde que é o que ten que ir a esta representación, formular as deficiencias que ten este servizo, tanto á Xunta de Galicia como ao representante da empresa. Creo que sabemos que os servizos son deficitarios pero as institucións estamos a aportar por un lado a Xunta e polo outro está a aportar o Concello, temos dereito a esixir polo menos non que sexa cada hora, pero o servizo ás parroquias unha vez ao día que iso hai que cubri-lo e que hai que telo ben cuberto, porque é verdade, unha persoa que vén de Redes despois para volver, ten que volver en taxi. Creo que ese servizo, xa por poñer un exemplo, hai que intentar poñelo porque antigamente ese servizo se facía, viña o coche, aínda se segue facendo como estiven a ver eu, levaba moitos anos sin andar no transporte colectivo son unha das persoas, que é un déficit que temos toda a cidadanía; non soamente nesta comunidade que proba evidente estivo na lancha, que non usamos os servizos públicos e que se deberían usar, creo que é así. Como vén aquí no recadro que vén a moción que dende Pontedeume o servizo cara a Pontedeume se vén dando dende fai 30 ou 40 anos. Pero que eu recordo, que eu estudei en Pontedeume, e sabía os traslados que había de Ares a Pontedeume e de Pontedeume a Ares, pero que a maiores había un traslado que quitou que é o que eu creo que hai que poñer, que era á 13.30.

Ás 13.30 saía un coche da Caixa de Aforros cara a Redes e cara a Pontedeume, durou anos e anos, eu creo que ese hai que loitar por él, porque é o xeito de que a xente volva e teña un servizo para volver a esas parroquias. Creo que iso é o que hai que botar de menos e empezar a traballar. Estou dacordo nos 3 puntos e que hai responsabilidade por parte do goberno local de que iso hai que amañalo, non que sexa unha panacea, pero os servizos mínimos á cidadanía, duns servizos públicos hai que telos e traballar por eles, creo que é a nosa responsabilidade e aparte que nós como digo, non sei agora que falo de memoria, creo que nós achegabamos 6.000 € ao ano ao servizo colectivo e para financiar o servizo á xente, creo que nós temos que esixir que o servizo, o que é o transporte ao Concello polo menos que **estea** servido unha vez ao día.

Ten a palabra o voceiro non Adscrito Sr. Echevarría Lage quen manifesta: Eu, estou de acordo en todo o que se expuxo.

Rematado o debate sometese a votación a Moción e o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.



### **C) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: “ADHESIÓN A DECLARACIÓN DE CÁDIZ”.**

Dase conta da Moición do PSdeG-PSOE sobre Adhexión a Declaración de Cádiz, do seguinte teor literal:

O Grupo Municipal Socialista de Ares, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que pida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación est MOCION en base a seguinte

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Recentemente celebrouse na cidade de Cadiz o II Cumio Europeo de Mulleres no Poder, coincidindo coa presidencia Española da Unión Europea, e a instancias dos gobernos de España e Reino Unido. Así se aprobou a xa coñecida como a “Declaración de Cádiz” cara a unha sociedade máis eficaz e sostible” subscrita por ministras e líderes políticas dos Estados membros da UE.

Unha das conclusións foi a de ser conscientes de que en tempos de crise aparecen oportunidades para o cambio, xa que a igualdade entre mulleres e homes é unha condición previa para o crecemento sostible, o emprego, a innovación, a competitividade e a cohesión social.

Quedaron perfectamente definidos os compromisos da Comisión Europea de cara ao 2010 respecto da promoción da igualdade e a adopción de estratexias que reempracen a actual folla de ruta.

A participación e a representación das mulleres nos niveis máis altos de responsabilidade e toma de decisión é escasa, especialmente no eido da economía e da política. Así o aumento do nivel formativo das mulleres non se corresponde ca súa presenza nos espazos de toma de decisión, incluídos os postos directivos das grandes empresas e aqueles nos que se xera novo coñecemento. Este déficit de representación supón, ademáis dun déficit democrático, unha perda do talento das mulleres para o conxunto da sociedade, especialmente no xa comentado contexto de superación da crise económica e financeira.

O acceso de máis mulleres a postos de decisión política favorece a incorporación da igualdade en todas as accións dos gobernos e o acceso de máis mulleres a postos de decisión económica contribúe, non so a promover a igualdade senón tamén a acadar os obxectivos en materia de crecemento sostible, emprego, competitividade, excelencia científica e cohesión social.



Polo tanto, e tendo en conta os importantes proesos destes anos, é necesario continuar avanzando para acadar una igualdade real e efectiva para todas mulleres e homes, tamen como resposta sostible para os retos do futuro, especialmente aqueles que se deben encarar na vindeira década.

Por todo o exposto, O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno:

O Concello de Ares comprométese a traballar para asegurar unha participación equilibrada de mulleres e homes en todos os espazos de responsabilidade desta entidade local.

O Concello de Ares porá en marcha as accións de sensibilización necesarias para promover a corresponsabilidade de mulleres e homes no eido doméstico.

Desde o Concello de Ares se incorporará a dimensión de xénero en todos os Plans Programas e demais actuacións que se poñan en marcha desde o ente local, como resposta á crise económica, financeira e de emprego, tendo en conta o distinto impacto que esta ten en mulleres e homes.

O Concello de Ares adhirese á “Declaración de Cádiz, cara a unha sociedade máis eficaz e sostible”, subscrita por ministras e líderes políticas dos Estados membros da UE.

Darase traslado deste acordo ao Parlamento de Galicia, ao Ministerio de Igualdade e ao Parlamento Europeo.”

O Sr. Alcalde Presidente manifesta que hai 2 mocións porque queda a C e a D que son mocións que se presentaron con ocasión do día da muller traballadora do 8 de marzo. Entón hai unha moción do grupo socialista que é un pouco ao alimón do que acordamos nunha Xunta de Voceiros é que, nestas ocasións nos adherísemos a declaracións doutras institucións como por exemplo a FEGAMP, a FEMP, neste caso, sería a adhesión á declaración de Cádiz de Ministras da Unión Europea. No cumio europeo de mulleres fíxose esta declaración e logo hai unha moción do BNG que non é de adhesión a ningunha declaración de ningunha institución senón que recolle concretamente, 3 acordos.¿como se debaten?

Non teñen nada que ver unha con outra, ou sexa que, creo que podemos vota-las por separado. Eu creo que non coinciden, unha é de adhesión a unha declaración institucional de ministras da Unión Europea e a outra ten acordos moi concretos e específicos; en consecuencia procedemos a vota-la moción do grupo socialista. A moción do grupo socialista simplemente é adherirse á declaración de Cádiz cara unha sociedade máis eficaz e sustible, subscritas por ministras e líderes políticas dos estados membros da Unión Europea e darase traslado deste acordo ao Parlamento de Galicia, ao Ministerio de Igualdade e ao Parlamento Europeo, esta sería unha pouco a moción.



Aberto o turno de intervencións tomaa palabra ou voceiro de NAL o SR. Luis Cendán Fernández: Imos ver alcalde, a mín gústame ser serio e ser coherente cos acordos que se toman. Ademais estes temas merécenme moito respecto e ademais estase a debater. Aquí hai acordos neste sentido tanto a través coma da moción que presenta o PSOE como do BNG, creo que 20 acordos, mínimo, por dicir unha cantidade, se non digo máis. O último acordo que tomamos foi de que isto pasase pola Xunta de Voceiros, un manifesto de toda a corporación e non traelo ao Pleno así. Aos 15 días ou un mes de acordar isto, e de que non volve se suceder, que nos adherimos fose cal fose a institución que fixese a declaración, dábanos igual, pero facer unha declaración conxunta entre tódolos grupos municipais e traelo a Pleno. Pois nada, a miña sorpresa é que vén outra vez a Pleno, un por parte do PSOE e outro polo BNG, a mín paréceme lexítimo o que están a facer, pero en coherencia co que se acordou. Eu creo que isto debe pasar a comisión, estou dacordo votalas, dame igual como veñan pero que pase a comisión que se faga unha declaración institucional e eu por respecto, xa vou contestar ás dúas, eu voume abster na votación destas mocións. Simplemente que se emita isto á xunta de voceiros; que se faga a declaración dende alí, dame igual unha que outra, a que se queira, ao mellor a do BNG se é verdade que é diferente ao manifesto que trae o PSOE, pero haberá unha institución que polo día 8 de marzo a través da Deputación, da Xunta ou a Comunidade Europea, pois que faga o manifesto e me vale perfectamente. Polo tanto, vólume reiterar, voume abster xa nas 2.

O SR. Alcalde di: En principio quedáramos en adherirnos, a do grupo socialista é adherirse á declaración de Cadiz, nada mais. É dicir, o que fan outras declaracións institucionais. Nese sentido no grupo socialista pensamos que estabamos a respectar ese acordo de adherirnos ás doutros, por iso presentamos a moción

Ten a palabra o voceiro do BNG Sra. Abeal Perez: Imos ver, o que di NAL é certo se fixo, ou sexa, xa levamos moito tempo loitando coa declaración que non somos capaces de sacar unha declaración institucional, dende ás comisións, primeiro non se levaban, logo se levan pero non se chega a ningún acordo, bueno, en realidade neso ten razón o señor Alcalde, dixo que alí tomará unha decisión nesa comisión de que se ía a acoller a declaración da FEGAMP, foi a enmenda que se fixo

O Sr. Alcalde di: Ou de outras institucións, porque ás veces a FEGAMP tampouco a fai

Resposta a Sra. Abeal Pérez: Alí dende logo o que se falou foi de adherirse á declaración da FEGAMP, na que todos estivechedes dacordo, menos o BNG. O BNG dixo que deberíamos de ser capaces de facer unha declaración propia dende o Concello. Nós acatamos ás maiorías, e a vós decidides que non haxa declaración, pois non hai. Adherímonos á que sexa, pero o que quero dicir tamén é que o que traemos nós, non é unha declaración, é unha moción pedindo cousas. Entón non ten nada que ver, ¿vale? Grazas



Sí, un inciso, por suposto non temos ningún tipo de problema por votar a favor da declaración de Cádiz que nos parece bastante coherente, sobre todo a luita das mulleres, calquer que tipo de declaración así nos vai.

Ten a palabra o portavoz do PP Sr. Manuel Cendán Fernández: Eu creo que quedou claro que xa se falou, que tomamos un acordo de que cando haxa días así internacionais, que se faga, se tomou a referencia da FEGAMP pero neste caso que a mín o que me estraña, que o Bloque presente unha moción cando no Consello da Muller, están representados tódolos grupos políticos e creo que esa declaración institucional que fai o Consello Local da Muller, están todos os grupos, que ese deberíámolo traer tódolos anos aquí e punto e rematamos. Ahí están tódolos partidos, fan unha declaración institucional neste caso concreto, o que pasa é que como se falou, como hai tantos días internacionais tomamos unha referencia do tema da FEGAMP porque ahí estamos representados todos, pero neste caso concreto, no Día da Muller Internacional, a ver se o aclaramos dunha vez, pois tomar a declaración institucional elaborada polo Consello Local da Muller, e rematou o problema xa e deixámonos de mocións. Ahí estamos todos e é un Consello que nos representan todos e o acordo que se tome polo Consello da Muller pois traelo aquí e aprobalo por unanimidade, iso é o máis coherente e nos deixamos de debater 40 mocións e para que queremos eses organismos, vaia, se está composto; se está funcionado, para qué non lle imos, o Consello este local da muller porque non o imos dar. Ben, pois lle damos protagonismo, traémolo aquí este é a declaración institucional do Consello local da muller a nivel galego e apoiámolo en toda regra, eu creo que estamos representados e están representadas todas ás mulleres é o máis coherente e deixámonos de debater, e traer mocións individualmente, nós tamén temos unha moción e eu creo que traer 3 mocións aquí e estar a debater unha hora, cando o acordo se tomou e eu creo que o máis lóxico e coherente, é traer o acordo institucional do Consello Local da Muller e punto e dalo por ben. Eu creo que é o que temos que facer e adherirnos todos a él. Para iso están aprobados, ese Consello está aprobado e ten que dar un pouco, témoslle que dar un pouco de protagonismo o resto das institucións.

Rematado o debate sometese a votación e o Pleno do Concello por 12 votos a favor ( 5 PSdeG-PSOE, 4 P.P, 2 BNG 1 do Concelleiro non Adscrito) e 1 abstención de NAL. Acorda prestarlle a súa aprobación a Moción.

**d) MOCIÓN DO BNG. "CELEBRACIÓN DO 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES".**

Dase conta Moción do BNG sobre a celebración do 8 de marzo día internacional das Mulleres do seguinte teor literal:

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO CONCELLO DE ARES. RELATIVA Á CELEBRACIÓN DO 8 DE MARZO "DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES"**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**



A conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, lonxe do carácter testemuñal, cerimonial ou anestesiante que algúns pretenden, ten un sentido reivindicativo e visualizador da situación de discriminación que padecen as mulleres en xeral, e as galegas en particular.

Coincide este ano 2010 con dúas efemérides importantes que non deben pasar desapercibidas. A primeira delas é o Centenario da Instauración do 8 de Marzo como Día Internacional da Muller Traballadora. A segunda, o 125 aniversario do pasamento de Rosalía de Castro, relevante no noso contexto nacional por recuperar a tradición escrita da nosa lingua, mais tamén por ser precursora do pensamento feminista na Caliza. A súa obra contén unha preocupación pola condición das mulleres e o seu papel na historia e na sociedade. Mais tamén unha denuncia do papel subordinado e discriminado das mulleres naquela altura.

A análise sobre a situación das mulleres na Caliza -ao igual que no resto do mundo- evidencia que a reivindicación de igualdade real segúe tendo plena vixencia. Todos os indicadores evidencian a persistencia da discriminación de xénero.

A nivel laboral, as mulleres padecen taxas de paro moi elevadas, unha maior temporalidade e precariedade e cobran salarios inferiores. Unhas condicións que empeoran como consecuencia da crise económica. Tanto polo que supón a destrución de emprego, como polos recortes a nivel de dereitos laborais, que repercutirán negativamente nunhas condicións laborais xa precarias.

As discriminacións de xénero non se evidencian so no terreo laboral, o desigual reparto das tarefas derivadas do coidado e as reprodutivas é outro indicador relevante. Así todos os estudos revelan que son maioritariamente as mulleres que asumen estas tarefas, con consecuencias negativas no seu desenvolvemento persoal e laboral. Son maioritariamente mulleres quen abandonan os seus postos de traballo ante a necesidade de atender a menores ou perseas dependentes, quen utilizan os -escasos-recursos de conciliación da vida laboral e persoal, quen son penalizadas no acceso ao emprego remunerado nos períodos "potencialmente" reprodutivos... Unha situación inxusta que precisa de accións correctoras.

A chegada do PP á Xunta de Caliza após o 1 de marzo de 2009 está a supor un retroceso no desenvolvemento de políticas públicas que supoñan un avance real na superación das discriminacións de xénero. Os exemplos que podemos utilizar son múltiples:

- A primeira decisión que adopta o Presidente da Xunta de Caliza foi nomear un goberno que non é paritario, incumprindo a legalidade vixente que obriga a que o Consello da Xunta sexa paritaria.

- A segunda decisión, é apoiar unha Iniciativa Lexislativa Popular promovida por asociacións antiabortistas, que pretende crear unha rede, en mans destas asociacións, destinada a impedir que as mulleres decidan libremente sobre a súa maternidade.

En paralelo, paralizan a actuación dos centros Quérote e desmantelan servizos de información as mulleres como as equipas de igualdade das oficinas de I+B (que realizan traballo no ámbito rural) ou suprimen os Puntos de Información as Mulleres.

- Desmantelan a rede de servizos sociais, canalizada a través do Consorcio, que sentaba as bases para a creación dunha rede de servizos públicos (de atención á infancia, dependentes e perseas maiores). Servizos que son básicos para "liberar" as mulleres das tarefas do coidado,



facilitando a súa participación e desenvolvemento a nivel laboral, persoal ou cultural. Ai están as galescolas ou centros de día construídos e sen abrir, a cancelación da posta en marcha dun sen/izo de "kanguros" ou a vocación de privatización destes recursos.

A promesa electoral de que se garantiría o principio de "a igual traballo, igual salario" ficou niso, nunha promesa, sen que se teña adoptado nin unha soa medida neste terreo. Mais no ámbito laboral, e apoio á incorporación das mulleres ao mundo laboral, eliminaron as axudas á cotitularidade, as axudas as redeiras...

- Denunciamos o pasado 25 de novembro, a relaxación do goberno no desenvolvemento da Lei Galega contra a Violencia de Xénero. Cancelan a celebración de premios como o "Eu tamén navegar" (medida de sensibilización social), ponen atrancos no desenvolvemento do Programa Rodela, paralizan a plataforma de teleformación en violencia de xénero, ou segué pendente a posta en marcha de órganos como o Observatorio Galego de Violencia de Xénero ou o Consello Galego das Mulleres.

Ante esta parause urxe reclamar un cambio de rumbo e unha aposta real por superar as barreiras que perpetúan a discriminación das mulleres.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno do concello de Ares a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

- 1. Realizar actos de conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, que impliquen a sensibilización social sobre a discriminación das mulleres, comprometendo ao conxunto de vecinos e vecinas, asociacións e entidades deste concello.**
- 2. Realizar ao longo deste ano actos que promovan a difusión masiva da obra e vida de Rosalía de Castro, resaltando, tanto o seu papel na dignificación e recuperación da lingua galega, como no contido feminista da súa obra.**
- 3. Reclamar á Xunta de Caliza a posta en marcha das seguintes actuacións:**
  - Elaboración dun Plan de Emprego para as Mulleres, que incida na incorporación das mulleres ao emprego remunerado, que recolla medidas concretas para garantir o principio de a igual traballo igual salario, que incorpore liñas específicas para atallar a discriminación das mulleres nos ámbitos produtivos (labregas, mariscadoras, redeiras...) nos que hai un importante presenza feminina.
  - Paralización do proceso de desmantelamento dos servizos sociais públicos, demandando a provisión con carácter público de novas prazas de escolas infantís, centros de día, prazas en residencias e a posta en marcha dun sen/izo público de Kangur@s.
  - Readmisión das traballadoras despedidas do Consorcio e aposta por estender as equipas de igualdade ñas oficinas de I+B.
  - Desenvolvemento das actuacións previstas na Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero.



Toma a palabra a Voceira do BNG Sra. Abeal Pérez: Bueno, como xa dixen antes, penso que non está mal gastar 10 ou 15 minutos en falar das mulleres, penso que non é un agravio nin nada conflictivo. Son 10 minutos un día ao ano, o sea que o que vamos a facer. Este día é para recordar a toda sociedade que as mulleres aínda teñen moito que insistir para deixar atrás a discriminación que padecen. Este día non é só de celebracións, o Día Internacional das Mulleres é mais necesario que fai un ano, parece increíble, ¿verdad? pero esto empeorou, ¿os motivos? a crisis, o PP na Xunta de Galiza, parece mentira de que pasaron xa 100 anos desde que se propuxo o 8 de marzo para o Día Internacional da Muller e aínda temos que seguir insistindo neste. Os traballos das mulleres siguen sendo precarios, temporais, peor pagados e isto empeorou todavía máis coa consecuencia da crise económica. Aquí en Galicia as cousas van peor, van peor, dende que chegou a PP ao goberno galego vai unha tras outra quitando logros das mulleres que costaron moitos anos conseguir. A primeira decisión que toma o PP foi nomear un goberno que no é paritario. Mulleres ¿para que, non? dirían eles. A 2ª decisión é apoiar as asociacións antiabortistas que pretenden crear unha rede destinada a impedir que as mulleres decidan libremente sobre a súa maternidade. En paralelo, paralizan tamén a actuación dos centros “Quérote” e desmantelan servizos de información as mulleres, coma os equipos de igualdade das oficinas de I+B que realizaban un traballo moi bon no rural. Ou suprimen os puntos de información as mulleres. 4º punto, desmantelan tamén a rede dos servizos sociais do consorcio, que levaban a atención a infancia, a dependentes, a apersoas maior, servizos que son básicos para liberar as mulleres das tarifas do coidado, facilitando así a súa vida laboral e persoal ou cultural. Ahí están as Galescolas e Centros de Día, construídos e siguen si abrir, pechados. Outra cousa que tamén a promesa electoral de que iba a garantir o principio de igual traballo, igual salario, pois ficou neso, nunha promesa. Pero sí eliminaron as axudas de cotitularidade que había para as mulleres e as axudas ás herdeiras, Moitas axudas máis. Tamén denunciámos o pasado 25 de novembro a relaxación do Goberno, no desenvolvemento da lei galega contra a violencia de xénero, poñen atrancos ao programa “Rodela”, paralizan a plataforma de teleformación en violencia de xénero. Isto non é un paso atrás, son moitos, moitos xuntos. As institucións temos moito traballo que facer, e toda a sociedade temos que revelarnos contra estes pasos atrás, todos temos que facelo. Por eso o grupo municipal do BNG solicita do Pleno do Concello de Ares a adopción dos seguintes acordos: 1º realizar actos de conmemoración do 8 de marzo, día internacional das mulleres, actos que impliquen a sensibilización social sobre a discriminación das mulleres comprometendo ao conxunto de veciñas e veciños, asociacións e entidades deste Concello; e se a xente non vai a estes actos, os actos terán q ir xunto a xente, hai que usar a imaxinación, eso é o que temos que usar a imaxinación. O 2º punto, realizar ao longo de este ano actos que promuevan a difusión masiva da vida de Rosalía de Castro que como sabedes este ano é o 125 aniversario do pasamento de Rosalia de Castro, tanto polo seu papel de dignificación de recuperación da lingua galega, como de contido feminista que tiña a súa obra. Rosalia de castro tiña un contido moi feminista. Xa fai máis de 150 anos loitaba polas mulleres Rosalía de Castro. No punto 3 , pedimos reclamar a Xunta de Galicia a posta en marcha das seguintes actuacións:



elaboración dun plan de emprego para as mulleres que incida na incorporación das mulleres ao emprego remunerado, que recolla medidas concretas para garantir o principio de igual traballo, igual salario. Que incorpore liñas específicas para tallar a discriminación das mulleres nos ámbitos productivos, labregas, mariscadoras, redeiras, eso que comentábase antes que desapareceu. En todos estes empregos hai unha importante presenza feminina e é moi importante apoialos.

O outro punto é a paralización do proceso de desmantelamento dos servizos sociais públicos, demandando a provisión con carácter público, e explico por qué público de novas prazas e Centros Infantís e Centros de Día, que como decía o señor Alcalde non se sabe cómo vai a abrir este Centro de Día. Pedimos prazas tamén en residencias e a posta en marcha dun servizo público de canguros que tamén é necesario. Este traballo aínda non se rematou, hai que continuar, aínda necesitamos máis prazas infantís e máis Centros de Día. Outro punto é a readmisión das traballadoras despedidas no Consorcio, e a posta por extender as equipas de igualdade de I+B, si, queremos continuar con elas. Pensade que é agora de todas esas mulleres que eran axudadas por estas traballadoras, ¿onde están? ¿que lle está ocorrendo? Pensadeo; e o último punto, desenvolvemento das actuacións previstas na Lei Galega para a previsión e tratamento integral na violencia de xénero, aínda temos que seguir traballando, espero sobre todo o apoio de esta moción das Concelleiras deste Concello. Elas saben do que falo, do que aínda nos queda por traballar. Grazas

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Eu simplemente dixen que me ía abster, entendo que isto debía de facer unha declaración institucional por parte do Alcalde, que fose a Comisión e entrar noutro tipo de matices e cuestións políticas non vou entrar porque creo que a metade das reivindicacións que se están a facer por parte do proponente non veñen a conto e daría para moito o debate, entón, mellor vou quedar coa abstención e o que dixen levar isto a Comisión e facer unha Declaración Institucional polo día 8 de marzo, Día Internacional da Muller que así foi o que acordamos. Dame igual facer a declaración, que sexa da Deputación, da FEGAMP, da FEMP, da Comunidade Europea ou do Goberno Central, me adhiro totalmente a ela, iso foi o que acordamos e insisto no mesmo e mantéñome na mesma posición polo tanto voume abster.

Ten a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. José Manuel Cendán Fernández: Eu en principio paréceme ben que se presente unha moción para o Día Internacional da Muller e para a defensa da muller pero que se aproveite para criticar e facer política en contra do Goberno da Xunta, creo que iso nós non o podemos apoiar e imos desmembrar todo isto, todas estas acusacións que se dixo aquí por parte do BNG, porque leeu o papel pero que de coñecemento da realidade nanai da china.

O papel ben, queda ben; pero mira, esas persoas que falaches do Consorcio, das oficinas de I+B, esas oficinas, esa xente na moción anterior que dixeches grazas ao BNG, deixei non quixen, grazas ao BNG fíxose un contrato temporal, esa xente rematou,



rematou o contrato que a Xunta lles fixo. Organizouse porque había un escándalo, un clamor en contra de todo isto, de quioscos paralelos aos concellos e por parte de todos os concellos, de tódalas cores políticas, excepto o BNG. Os que máis protestaron, os alcaldes que máis protestaron nestes quioscos foron os alcaldes socialistas, esa é a realidade, deixouse sen cobertura orzamentaria o plan integral de apoio á familia. No tema do persoal os 104 que traballaban nas oficinas de I+B e os servizos centrais do Consorcio foron contratados polo goberno anterior, como che dixen, cun contrato temporal, dicir que as oficinas estas están a funcionar, que dis que se desmantelaron, e che vou dicir, hai 18 oficinas funcionando de I+B agora mesmo, están 18 oficinas funcionando que desenvolven os seguintes plans: 2º Plan Galego de Inclusión Social, Plan Integral de Apoio ás familias, Plan estratéxico de infancia e adolescencia e Plan de igualdade e oportunidades, está garantida a acción enmarcadas nestes 4 plans, e decirche que de privatización, che podo asegurar que os estades quitando, está no debate político que non se vai privatizar servizos sociais, estar tranquilos. Non se van privatizar

Non se vai a privatizar, ás privatizacións se fan cando a xente ten que ir coller dos seus cartos, ter que ir a residencias privadas, iso é privatizar, pero dende a Xunta de Galicia non se vai privatizar ningún servizo dese tipo, vai ser público, notorio e transparente. Creo que ás redes, que se abriron co tema este que iso foi, con contratos laborais, a xente enmarcada unha das responsables de contratar este persoal, que era a responsable de facer a contratación fora compañía miña e do señor Doval na Deputación que era Concelleira de Santiago, esa a nombrou o BNG para facer estas oficinas, ela era a que facía a selección. Creo que o modelo de xestión fracasou porque se aprobou por parte do bipartito, plan Quintana, que se aprobou pero sen financiamento. Entón este plan duraría 15 anos en poñelo en funcionamento porque o tema económico tururu..., 116 obras que quedaron sen fondos e que se aprobaron sen financiamento, 116 obras; e agora estase a repoñer e estase poñer en funcionamento unha serie de obras, que se están facendo 116 en 70 concellos. Creo que pouco a pouco se vai ir funcionando e se vai ir precisando todas estas cousas.

Creo que aínda no consorcio quedou 1 millón de euros en facturas que aínda non se aclararon, están sin aclarar de gastos que non sabe de que son e están ahí sen aclarar e sen pagar. Que se fixo en redución porque esa era un programa, que o que se fixo por parte da Xunta agora foi baixarlle o 70% de publicidade. Mediron todos os medios de comunicación e o único que se fixo foi reducir o gasto en publicidade. Creo que o resto do persoal, o 80% do persoal que se foi contratado era temporal, que había moito fraude de lei ahí, hai moitas denuncias por iso está así como está, pouco a pouco irase poñendo en funcionamento e que hai máis de 7.000 € en infraccións pola inspección de traballo deste persoal. Aínda hai infraccións porque foron contratados ilegalmente e multaron á Xunta con 7.000 € en sancións da Inspección de traballo, iso é ou que hai, creo que non é o momento se queremos defender á muller, quitar outros temas aquí políticos e debater política autonómica nunha moción en defensa das reivindicacións das mulleres, creo que a Xunta e as Administracións están en mellorar estes servizos e para iso están as Administracións, pero que disto a querer levar unha crítica dun



gobierno que aínda non fai nin un ano que está non poder, que as eleccións foron en marzo e entrou 2 meses despois, o 1 de xuño e estase facendo unha crítica exhaustiva despois de todos estes quioscos que quedan demostrados. Xa che dixen que non foi por parte, as queixas e as reivindicacións negativas a estes quioscos que non foi feita polos alcaldes do PP, senon que a maioría todos foron alcaldes socialistas, creo que a xente estaba en contra de que se montasen estas oficinas en paralelo aos Concellos e creo que iso se vai a reconducir e estase reconducindo e que nada de nada e do tema da privatización, que estades tranquilos, que vai ser público e transparente, que nós imos votar en contra disto porque non ten razón de ser, que desta moción se aproveite para facer política en contra dunha administración, reivindicación que nos tiña que levar aquí e perder o tempo en reivindicacións, como dixo ela mesmo, en reivindicacións para a mellora da muller traballadora

Interven o Sr. Alcalde-Presidente: Eu simplemente, puntualizar un tema, na moción que a iniciativa lexisativa popular promovida por asociacións antiabortistas que pretende crear unha rede, en mans destas asociacións, non está destinada a impedir que as mulleres decidan libremente, non van impedir que aborte, van dar información, a muller pode colle-la ou non. Creo que esa rede de asociacións non está destinada a impedir que as mulleres decidan libremente sobre a súa maternidade, iso é un delito, queren informar, creo eu, dígoo para os efectos de que impedir que as mulleres decidan libremente sobre a súa maternidade sería colle-las e impedir-lles que abortasen, creo que ninguén pode coller a ninguén e impedir que aborte nunha sociedade libre coma a nosa, onde abonda mesmo ter 16 anos e non ter consentimento paterno, por iso digo que quizais esa exposición de motivos tería que ser corrixida, porque eu ata penso que pode ser inxuriosa para esas Asociacións porque se lles dí que fan unha cousa que non fan, non impiden que as mulleres decidan libremente, non coaccionan, iso é un delito. Se o queres corrixir, a corrixes se non a moción é vosa e facede o que queirades pero eu penso que isto non é correcto.

Ten a palabra a voceira do BNG Sra. Abeal Pérez: Falando xa có que ti dis, eu penso que sí se impide que sí se impide as mulleres que decidan libremente sobre esta maternidade, pero bueno, tampouco tería ningún problema con quitar a palabra impedir. Ou podemos cambiala por outra palabra, si ese é o problema para dicir que sí a esta moción pero que si non vou a quitar, é que si apoia as asociacións antiabortistas. Eso si que o teño que deixar porque é certo e eu sigo dicindo que si que se impide, si que se impide libremente elixir a súa maternidade. Tamén ao señor concellerio de PP, home, menos mal que solo levades un ano, porque ao ritmo que levades non sei como acabaremos cando rematen os 4 anos, porque as perdas que se están facendo son moitas e a realidade que hai é que costa moito falar en serio de este tema, e esta é una moción seria, costa moita falar en serio de este tema, é moi bonito facer declaracións, claro, declaracións institucionais e festas para celebrar o día 8 de marzo, eso é moi bonito. Nós quermos falar en serio de este tema, e a muller ten que estar enriba da mesa porque aínda é necesario. E o que digas de I+B, todo eso que dixeches é falso, é falso, é falso, o tempo dará a razón a quen a teña, ti dis o teu e eu digo o meu, o tempo dará a razón, pero o



que sí sei é que a xente sí sabe en que se gastaron estes cartos, e a xente si que o notou cando ian polas casas as mulleres que ian apoiadas nas oficinas de I+B. Eso sí que o sabían, e cando iban aos centros “quérote”, e cando se facía todo, e a publicidade é necesaria, a muller non pode estar oculta. A muller ten que estar presente na sociedade. E eso é o que queremos dende o BNG para eso é o día 8 de marzo, o día internacional da muller. Grazas

Ten a palabra ou voceiro do PP Sr. Manuel Cendán Fernández: Un inciso, hoxe o día 25 de febreiro, hoxe no Consello da Xunta se vai a aprobar a cesión dun edificio para a muller maltratada, que se vai a facer unha rede ao longo de toda Galicia, hoxe, se vai a aprobar o 25 de febreiro de 2010, pero xa che quero dicir que iso non existía, 4 anos de goberno que estivo participando o BNG, e o responsable do BNG non se puxo en funcionamento, hoxe a aproba, se aprobou xa non Consello da Xunta, hoxe o 25 de febreiro, vale? Hoxe que temos que reivindicar e que temos que aplaudir, pois se vai poñer en funcionamento un edificio a nivel, para enlazar toda a rede deste servizo a nivel galego que se vai a poñer a disposición das mulleres, do tema da muller, hoxe xa vai aprobar a cesión esa no Consello da Xunta, vanlle chamar Centro de Recuperación Integral das Mulleres Víctimas da Violencia de Xénero, hoxe se vai a aprobar na Xunta de Galicia. Penso que é un bo acordo e unha boa noticia para todas as galegas que padecen esta lacra. Creo o PP, como dís que o PP non fai nada, pois mira, se vai a poñer esa infraestrutura ao servizo desta asociación para todas estas mulleres que padecen esta lacra, como dixen anteriormente. creo que o tempo nos vai a dar a razón, que non hai nada de nada, que nós somos coherentes e vamos en defensa da muller traballadora, nos coincidimos tamén atraballo iguais que a muller cobre exactamente igual e que sea dignificada en todo momento coma o home e lucharemos por eso, pola igualdade que vamos a defender todas estas políticas que se viñan dando, que nós non vamos a variar nada. O único que fixemos foi reorganizar os chiringuitos estes que pasamos a 18 e que estamos reorganizando e poñendo a funcionar. Está claro que de privatizar ningún servizo nada de nada, que vai a ser público e transparente e que o tempo como pode ser o tema da dependencia que xa empezaron a pagar e cousas así, que se ven que daba tempo e que sabemos estamos pasando unha crise e que pouco a pouco se vai ir mellorando e se vai ir indo todo isto, porque era a panacea, pero levará tempo poñer en funcionamento e que a xente lle chegue ás casas e ás familias todo isto que se pon en funcionamento. Por enriba dos grupos políticos que esté gobernando, porque ao final dentro de 20 ou 30 anos nadie se vai a acordar si estivo un de conselleiro ou estivo outro, ou que se van a acordar que ahí un servizo público de axuda a todos estes servizos e que iso é o que ten que imperar a todos que hoxe estamos aquí e mañán non estamos e o mellor estamos dentro duns anos percibindo ou asistindo a estes servizos que poñen as administracións, tanto como sean local como se é autonómica.

Antes de iniciar a votación a voceita do BNG Sra. Abeal Perez matiza: se querías cambiar, eu por exemplo en vez de impedir, que non axuda a que as mulleres decidan libremente sobre a súa maternidade.



Resposta o SR. Alcalde: Ou axuda a que as mulleres decidan máis libremente, porque lle din que hai outra posibilidade. Eu non sei, non vou entrar neso, porque mesmo hai mulleres que poden ser moi feministas e defender os seus dereitos e están en contra do aborto, ese é un tema moi persoal. Non é ser feminista non equipara automaticamente a ser pro abortista eu penso que iso é unha decisión persoal.

Respostas a Sra. Abeal Perez: Por iso que é persoal, é persoal das mulleres

Sometida a votación a Moción Votos a favor da moción. Votos en contra. Abstencións. queda aprobada a moción o Pleno do Concello por 7 votos a favor ( 2 BNG e 5 PSdG-PSOE e 4 votos en contra do P.P, e dúas abstencións 1 NAL e 1 concelleiro non adscrito), acorda prestarlle a súa aprobación a Moción .

#### **E) MOCIÓN DO P.P. “ADHESIÓN O MANIFESTO GALICIA TEN DEREITO.**

Dase conta da Moción do P.P. do seguinte teor literal:

O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCION, con base os motivos e consideracións desenvoltos na seguinte:

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS.**

As caixas de aforros de Galicia, en canto entidades financeiras de carácter social e de natureza fundacional, teñen unha clara vinculación co territorio no que se asentán, sendo un instrumento fundamental no financiamento da economía galega. É precisamente esa función, a que ha de contribuir a mellorar o nivel socioeconómico de Galicia, máis necesaria que nunca nun contexto coma o actual de recesión económica e dificultades financeiras.

O 29 de decembro de 2009 o Parlamento de Galicia, en desenvolvemento do artigo 30.1.5 do Estatuto de Autonomía, aprobou cunha maioría cualificada de 2/3, a Lei 10/2009 do 30 de decembro, pola que se efectúa unha modificación legislativa das caixas de aforros de Galicia.

A reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente pezas claves para o desenvolvemento da economía produtiva do País.

A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galicia que conleva a



paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idónea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.

Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galicia ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.

Por iso, o 5 de febreiro de 2010, reunidos no Parlamento de Galicia, o representante dos empresarios Galegos, os representantes das organizacións sindicais CIG, CCOO e UGT, e máis os representantes dos partidos políticos BNG e PP, acordaron asinar o manifesto "Galicia ten dereito" sobre o futuro do sistema financeiro galego, e trasladar ó resto da sociedade o seu contido para que sumen todos aquelas institucións, organización, asociación, entidades ou persoas que coincidan cos seus postulados.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

O Pleno do Concello de Ares acorda adherirse ao Manifesto "Galicia ten dereito" dando traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.

A moción do PP para a adhesión ao manifesto Galiza ten Dereito xa decae porque foi aprobada, incorporouse como enmenda a outra moción anterior.

Acto seguinte polo Sr. Alcalde, preguntase os Voceiros se teñen algúnha Moción pola vía de urxencia presentándose polo BNG a seguinte Moción:

#### " MOCIÓN POLA VIA DE URXENCIA AO PLENO DO CONCELLO DO 25 DE FEBREIRO DE 2010

##### Exposición de motivos

O Artigo 24 do R.D. 2568/1986, do 28 de Novembro, relativo á constitución de grupos políticos no seo das corporacións municipais explícita o seguinte:

**"Os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por todos os seus integrantes que se presentará na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da corporación. No mesmo escrito de constitución faráse constar a designación de Voceiro do grupo, podendo designarse tamén suplentes".**



En aplicación do devandito artigo e, após da constitución da nova corporación que saíu das eleccións municipais celebradas no ano 2007, o Pleno da Corporación en sesión celebrada o 19 de Xullo do 2007, tomaba coñecimento da constitución dos seguintes grupos e da designación dos correspondentes Voceiros:

**Punto núm 2.- CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS.**

**Polo Sr. Secretario dase conta de que se presentan os escritos de Constitución, por**

**Orde de Entrada:**

- Partido Popular que constitue en Grupo Municipal Popular, Portavoz D.

José Manuel Cendán Fernández e suplente a D. José Francisco Echevarría Lage.

- Nova Alianza que constitue en Grupo Municipal Mixto, Portavoz D. Luis Cendán Fernández.

- P.S de G-P.S.O.E. que constitue o Grupo Municipal Socialista, Portavoz, D. José Juan Vilasánchez Pazos, suplente D<sup>a</sup> Ana María Fernández Coira.

- Bloque Nacionalista Galego, que constitue en Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), Portavoz D. Manuel Rodríguez Doval e suplente D<sup>a</sup> María Belén Abeal Pérez.

En contraposición a esta disposición legal, o pleno da corporación celebrado o pasado 30 de Decembro de 2009 adoptaba - eos votos a favor das concelleiras e concelleiros do PSOE e do concelleiro de NAL - un novo acordó asumindo a petición do concelleiro agora non adscrito, José Francisco Echevarría Lage ( concelleiro elixido dentro das listas electoraís do PP ) no sentido de abandonar a disciplina do PP e integranse en varias comisións informativas e, ademáis, tamén na Xunta de Voceiros.o debate deste punto, o BNG fixo fincapé na ilegalidade do acordó adoptado e ñas consecuencias do mesmo; solicitando a emisión dun informe da Secretaría Xeral ao respecto. Neste informe - asinado con data 25 de Xaneiro de 2010 - ratifícase toda a argumentación exposta polo BNG a respecto do tema no devandito pleno do 30 de Decembro; concluíndo nun parágrafo que non deixa lugar a interpretación sobre o transfondo do tema que nos ocupa:

*"Unha vez transcurrido o prazo de cinco días sinalado para a constitución dos Grupos Políticos, non poden formarse outros durante a legislatura, sendo un prazo de caducidade, pasado o que, nen siquera aqueles que, con posterioridade, adquiran a condición de concelleiros poden formar grupo propio".*

A situación provocada polo devandito acordó plenario sitúa o funcionamento da Xunta de Voceiros nun escenario de clara anormalidade pero, sobor de todo, de evidente ilegalidade; xa que as sucesivas reunións deste órgano convocadas desde a Alcaldía con posterioridade ao Pleno do 30 de Decembro de 2009 incorporan como "novo voceiro" - violando o acordó plenario do 19 de Xullo de 2007, que foi adoptado en



cumprimento da legalidade vixente - ao concelleiro non adscrito que, precisamente por selo, non ten representación de grupo político algún e, derivado precisamente diso, en ningún caso pode formar da Xunta de Voceiros.

Neste sentido e, entendendo que nen procede o mantemento desta situación nen tampouco un proceso de xudicialización sobre unha cuestión que se presenta con tanta claridade do punto de vista xurídico, propomos ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordó:

**"O Pleno do Concello de Ares, en aplicación estrita da legalidade a respecto da constitución de Grupos Políticos no seo da corporación e do nomeamento dos correspondentes voceiros dos mesmos, acorda revogar o acordó adoptado en data 30 de Decembro de 2009 e, consecuentemente, articular a Xunta de Voceiros en base ao acordó adoptado no punto número 2 do Pleno da Corporación celebrado o 19 de Xullo de 2007, no que se da conta da creación dos seguintes grupos no seo da corporación: Partido Popular, Nova Alianza, PSdeG-PSOE e Bloque Nacionalista Galego"**

Interven o SR. Rodríguez Doval : Podo dar lectura alcalde? Mellor, e así xa a defendo, nada máis que vou a dar lecura para defendela

Resposta o Sr. Alcalde : Pero a lectura é se procede a urxencia

O Sr. Rodríguez Doval : Pero terei que xustificar a urxencia, terei que dicir antes porque eu considero que é de urxencia.

O Sr. Alcalde dí:: Non, pero eu primeiro terei que ver que é ou que presentas. Vai dirixido a Alcaldia.-Presidencia.

Resposta o Sr. Rodríguez Doval: Pero se queres vouno explicando e despois votamos a urxencia non?, eu xustifico a urxencia e despois a votamos.

O Sr. Alcalde manifesta: Sí, moi ben, pero digo que quero ver primeiro de que vai. Se ti vas a ter a palabra tamén pero digo acábame de entregar, antes de abri-la quenda quería ver... entón para expoñer a urxencia ten a palabra o voceiro do BNG

Interven o Sr. Rodríguez Doval: No pleno do día 30 de decembro, onde se votou a acordo ao que facemos referencia ao respecto dun novo nomeamento, da introducción de dentro da Xunta de Voceiros, dun representante non adscrito neste momento, fixemos referencia a que naquel momento que avanzaban que o acordo que estábamos tomando non estaba soportado, ou non tiña soporte de carácter legar, ao marxe de, desde o noso punto de vista, dar lugar a unha situación de carcater de agravio comparativo có noso grupo, porque como se



sabe os voceiros, son os voceiros dos grupos que existen e non os voceiros dos grupos que aparezan despois. Nós fixemos fincapé nese propio pleno na necesidade de que se revisara a decisión que se tiña pensado tomar, porque incluso hai unha manifestación que se contén expresamente na Acta que acabamos de aprobar recentemente, do 30 de decembro, na que o Sr. Alcalde manifesta que asume que ese acordo non está atado a lei, hai un parágrafo que está escrito desa maneira. Nós creemos que hai unha xunta de voceiros que está aprobada conforme a lei, que é a que aprobamos o día 19 de xuño do ano 2007, non hai dúbida ningunha que os voceiros son os voceiros dos grupos que saen das eleccións e polo tanto aquí hai 4 grupos políticos que saen das eleccións e os voceiros son dos grupos políticos, non son de si mesmos, dos amigos, nin das familias, son voceiros dos grupos e os grupos saen das eleccións. Polo tanto solo houbo unhas eleccións, solo houbo un nomeamento da Constitución dos grupos políticos que é a que se adoptou no punto nº2 de 19 de xullo do 2007, e polo tanto é evidente que o que se dice aquí, o que dice a lei, e o que reflite o Secretario nese informe de data 25 de xaneiro que leo: unha vez transcurrido o prazo de 5 días sinalado para a constitución dos grupos políticos non poden formarse outros durante a lexislatura. Sendo un prazo de caducidade, pasado que nin se quera aqueles que con posterioridade adqueiran a condición de concelleiros poden formar grupo propio. Nunha palabra apelando á boa fe e ao sentido común, o noso grupo leva 2 meses exactamente agora, decindo que se mantén un acordo que resulta claramente contrario a lei. So hai unha explicación de tipo político, a todo isto. En política non todo é lícito, eu creo que o cumprimento da lei esa que falamos tanto no punto das caixas de anticonstitucional, a min que se me explique como aquí nunha aseveración que se fai nada máis e nada menos que no máximo órgano da corporación que é o Pleno, se asume que o que se está acordando é unha ilegalidade, pero convén politicamente. Polo tanto a proposta que facemos a este Pleno é 1º nós non queremos que ese tema se xudicialice, non hai máis interpretación que a que temos. Hai un informe do Secretario que eu non o vin, sei que o ten pedido un grupo político, neste caso o Partido Popular pero supoño que dirá o que dixo o día 25 de xaneiro, que non cabe un voceiro dun grupo non adscrito non cabe, porque non hai grupo non adscrito, hai concelleiro non adscrito. Polo tanto non cabe un voceiro dunha cousa que non hai, e ahí un agravio comparativo porque nos en defensa da legalidade e en prexuízo dos dereitos que temos a cobrar por asistencias, non estamos asistindo a 3 ou 4 reunións que se fixeron da xunta de voceiros porque lle pedimos ao alcalde que revocara ese acordo e que se respetara a ilegalidade. Por tanto, tamén hai un prexuízo para o noso grupo, que non é o principal o económico pero sí o político, polo tanto ¿que é o que queremos?, que se revoque o acordo do día 30 e tamén quería dicir unha cousa, son responsables dos acordos as persoas que votan a favor, e a min de verdade, levo bastante tempo neste concello e é a primeira vez que con unha advertencia de tanta claridade por parte do Secretario dicindo que o acordo que se vai a adoptar que non ten cobertura legal, se adopte ese acordo e se manteña durante 2 meses.

Entón eu non quero que isto se xudicialice, creo que pasou a etapa de ir aos xulgados para resolver os debates políticos e o que temos que facer e ter cintura política para dicir que o



acordo que se tomou , non se pode manter e que os voceiros dos grupos políticos somos os voceiros dos grupos políticos, do partido socialista, do partido popular, de NAL e do bloque nacionalista galego. E o concelleiro xa ten representación nas comisións nas que pideu ,pero non pode representar a ningún grupo porque non o hai. É tan xinselo como eso.polo tanto a urxencia ven determinada porque nos estamos fartos de todo isto. E creemos que non se sostén e menos despois do que pasou aquí durante 8 anos. Manter esta situación é bochornoso desde o punto de vista político, pero para min , tamén é bochornoso desde o punto de vista e o vou dicir con toda claridade, peroal. Porque crein que en política non valia todo, e me estou dando conta que que si que vale. Nos non vamos a entrar neso, pedimos a revocación, pedimos que se retome esa decisión e naturalmente que a xunta de voceiros sexa a xunta de voceiros que ten que ser legalmente, non vale esperar un ano a que o tema vaia aos xulgados. Está meridianamente claro, desde o punto de vista político, e desde o punto de vista xurídico. E insisto hai un perxuízo claro ao noso grupo. Entón tampouco non vamos a quedar de brazos cruzados eh! O digo con toda claridade.

O Sr. Alcalde-Presidente manifesta: Paréceme moi ben, pero digo que este tipo puido ser polo BNG e non o recorreu se non o recorre, pero o PP presentou un recurso, o recurso decídeo o Alcalde e a Alcaldía vai asumir a responsabilidade da decisión dese recurso e se isto remata xudicializado, pois termina xudicializado. Pero non precede a urxencia porque está pendente dunha resolución dun recurso que teño que resolver eu. Esa é a razón pola que o grupo socialista se vai opoñer á urxencia porque o recurso xa está presentado polo Partido Popular e a Alcaldía fará o que considere oportuno coa resolución dese recurso. Sobre este tema hai un recurso presentado polo PP e a Alcaldía pode darlle a razón, non darllela expresamente ir ao silencio negativo, pode facer o que considere oportuno e o PP que presentou un recurso saberá o que ten que facer, esa é a razón pola que non compartimos a urxencia.

Toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Simplemente dicir que na miña opinión está a quitar isto de texto, porque non lle daría maior importancia, si ben o tema legal o día que me pronunciei xa o víñ, hai unha proposta dun concelleiro, escribín ademais, viñan 2 puntos pero a proposta viña conxunta de asistir ás comisións e ademais por lei lle viña, a maiores poñía a Xunta de Voceiros, dicir que un voceiro, entrar en esas decisións xa sabemos que é, pero que á fin e ó cabo que asista para informarse dos asuntos que van ao pleno da comisión do tal, eu creo que non ten maior trascendencia ese tema, outra cousa é que prexudicase ao resto dos grupos, ou na repartición da contía económica que lle corresponde a cada grupo, que este non é o caso. Este señor se asiste á comisión se a convocan asistirá á Xunta de Voceiros, sen outra prerrogativa, quitar isto de texto por outro tipo de razóns que quite, eu non lle dou maior trascendencia, sabemos que non é un grupo político, é un representante non adscrito, creo que o están a convocar e se están a dirixir a él neses termos. Agora, por asistir á xunta de voceiros, a xunta de voceiros é practicamente, agás nalgúns temas puntuais que poden ir con convocatoria previa, normalmente é para dar conta... non é unha xunta de libre deliberativa senón de información, eu xa sei ata onde pode ser legal ou non legal, pero creo que se está a



esaxerar demasiado. Agora, se os grupos así o consideran e por exemplo, como di o voceiro do BNG que está sendo prexudicado digamos as cousas como son, a vostede non lle está a prexudicar o sistema, vostede non acode ás xuntas voluntariamente. Vostede non vai a ás xuntas de voceiros porque non quere.

O Sr. Rodríguez Doval di : Eu asisto á xunta de voceiros que é legal que aprobaches ti ilegalmente.

Resposta o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Eu non aprobei nada.

O Sr. Rodríguez Doval : Eu voto có meu voto, non apeles á legalidade cando ten convén e a non legalidade cando non che convén.

Resposta o Sr. Luis Cendán: Non estou a dicir iso.

O Sr. Rodríguez Doval: Ti o votaches e és responsable diso

Resposta o Sr. Luis Cendán Fernández: Estou no uso da palabra, a mi non me queima nada que eu teño que votar e o teño...

O Sr. Rodríguez Doval: Pero contando mentiras

Resposta o Sr. Luis Cendán:, Non mentira ningunha

O Sr. Rodríguez Doval di : É unha inxuria dicir que eu non vou porque non quero compañeiro, eu non vou porque hai unha comisión imposta en contra da lei e o sabes. Que mire ben o que dí, non me destaco por pasar dos temas do Concello, e o sabes. Eu non vou porque son coherente.

O Sr. Alcalde manifesta: Non é unha inxuria

O Sr. Rodríguez Doval di: 5 e 1 son 6 e 6 mais 1 son 7, verdade?

O Sr. Alcalde dille o Sr. Rodríguez Doval: Manuel, non vas porque non che da a gana.

Resposta o SR. Rodríguez Doval : Iso é outra inxuria

O Sr. Alcalde di: Non vas porque non che da a gana. ¿ti podes ir?, ¿prohibinche vir?

Resposta o SR. Rodríguez Doval: Sí,

O Sr. Alcalde di: Bueno Manolo, iso sí que é unha inxuria

O Voceiro de NAL Sr. Luis Cendan manifesta: Eu estaba no uso da palabra, eu dicir que isto está a quitar, porque non lle daba maior importancia eu sei que o que se estaba a votar había que excluír o tema da participación tal, pero non ten maior trascendencia, eu non lla vexo e esa é a



miña opinión e así o digo honradamente e argumentar outro tipo de cuestións que se está a argumentar aquí para tratar de xustificarse certas actuacións, vostede é moi libre de facer o que queira, presente os escritos, denuncie e mesmo lle van dar a razón seguramente porque a ten porque non é un grupo. Na miña opinión, e iso díxeno o día que votei, é quitar fora de texto todo isto porque ese señor ou mañá outro, participa na xunta de voceiros onde non é deliberativa e non prexudica a ningún grupo, nin concelleiro e o que se dea por prexudicado, é moi libre de facer o que queira. Esa é a miña opinión e creo que se debe respectar, a súa é coller un escrito, denunciar e ao mesmo tempo non asistir ás convocatorias que fai a xunta de voceiros, é moi libre pero eu non estou a dicir mentira. Vostede faino libremente e non vai porque non lle da a gana e as cousas son así, quite vostede as conxecturas que queira, poderei estar acertado ou non, pero eses son os feitos, o día que me pronunciei, porque a proposta do concelleiro non adscrito viña todo en conxunto no mesmo escrito, participar en tódalas comisións que o propoñía entre elas, a xunta de voceiros, ata ahí chego, polo tanto, non se vexan outro tipo de disquisicións no meu tema e no meu pronunciamento. Isto me cabrea porque non é así ademais, a mín ese señor non me prexudica en nada, ademais nas subvencións que se fixo os grupos fíxose como se tiña que facer, repartíuse como correspondía, e a ese señor non lle deron por ser un grupo municipal ¿cómo que ten que ver? se fose grupo municipal ou recoñecido haberíalle que dar a contía que lle pertencía.

O Sr. Rodríguez Doval: Luis, a xunta de voceiros está formada polos voceiros. É voceiro?

Resposta o Sr. Luis Cendan: Xa o sei

Toma a palabra o Sr. Alcalde: Estamos a discutir o fondo e non a urxencia, e aquí hai que discutir a urxencia, e se procede a urxencia, discutir o fondo e creo que nos estamos a anticipar. Cada grupo político no momento da votación expuxo as razóns, por razóns de transparencia, por razóns de democracia e por razóns de participación a ninguén se lle nega estar en nada. É a razón pola que no seu momento o grupo municipal socialista votou a favor do escrito que presentou o non adscrito.

Ten a palabra o voceiro de Partido popular SR. Manuel Cendán Fernández: Pensaba intervenir este tema en Rogos, creo que é unha situación lamentable por parte dos grupos que tomaron esta decisión, porque practicamente os dous que se xactan moito de ser escrupulosos coa legalidade e todo por enriba da legalidade, que cunha advertencia do Secretario tomen un acordo para nomear voceiro a unha persoa, cando sabiamos de sobra que non, a maiores diso, este grupo presentou un recurso de reposición da legalidade a ese escrito, sabendo xa que iso infrinxía a legalidade, estaba claro, e evidente e ademais a sabendas, a sorpresa cando eu lle pregunto o outro día na Xunta de Voceiros ao Alcalde, preguntolle se vai a contestar ao recurso e o vai levar ao pleno e dime que non o vai levar, que vaia á vía administrativa-penal.

Claro, que imos ir, se non se reconduce isto imos ir á vía administrativa, sabemos que imos pagar 2.000 ou 3.000 €, pero a coherencia política e a honradez, cumprir a legalidade ímolo



facer por riba de todo, aínda que nos custe diñeiro. Sei que vas xogar con isto, imos gastar pero despois de ter que traelo ao Pleno e traer que recobrar o acordo por unha orde xudicial cando a cousa se pode solucionar aquí sen máis espaventos e non pasa nada. Foi un tema que puidesches ter unha equivocación ou tiñas algunhas dúbidas, pero que bueno, xa có informe do Secretario que con ese informe cando se vaia ao xulgado contencioso-administrativo está claro que ningún concelleiro pode mellorar politicamente nin economicamente que é este caso e que non se pode tomar ese acordo, eu creo que hai que revogalo, e poste colorado unha vez pero non te pos 40, creo que está a situación así, coincido có BNG que é unha decisión política porque interesa neste momento darlle chance a esta persoa; que queres que diga?, teño que aguantar porque foi unha persoa que foi do meu grupo, tiven que aguantar aquí sandeces, fómonos do pleno, contáronse unha serie de babosadas e de mentiras que tiven que aguantar e non vou entrar ao trapo porque hai dúas cousas: pobre home e home pobre; e este é un pobre home e non vou entrar en detalles, nin me vou poñer a debater.

O Sr. Alcalde Presidente di : Mira Manuel xa che presentaron unha querela segundo leín onte no xornal, mídete porque che van meter outra.

O Sr. Manuel Cendan di: Déixame falar

Resposta o Sr. Alcalde: Non porque non podes falar faltándolle o respecto a ninguén

O Sr. Manuel Cendan di: Que me deixes falar, non lle estou a faltar o respecto a ninguén

O Sr. Alcalde di: Sí, porque o de pobre home e home pobre é unha falta de respecto

O Sr. Manuel Cendán di: Que pouco sabes, pouquiño sabes.

Resposta o SR. Alcalde: Perdín moito tempo na universidade estudando outras cousas, porque tiven que estudar dereito.

Manuel: Para que che quede constancia, vouno aclarar aquí, si eu insultei, para que vexas que me puxeron unha querela e todo o que veña vouno repetir aquí o que dixen na prensa.

O Sr. Alcalde di: Expúlsote do Pleno como o digas

Resposta o Sr. Manuel Cendan: ¿Como me expulsas do Pleno? Que me vas expulsar a mi

O Sr. Alcalde: Non che consinto que insultes a ninguén, como insultes...

Resposta o Sr. Manuel Cendán: Tí tesme que deixar falar

O Sr. Alcalde di : O que repetiches... que suba a Policía Local, por favor. Atrévete a volver dicilo aquí que te boto do Pleno.

O Sr. Manuel Cendán: Tí non me botas de nada



SR. Alcalde: Estás advertido

SR. Manuel Cendán: Tí non me botas de nada, tesme que deixar falar

Sr. Alcalde: Estás apercebido, vale, e retíroche a palabra agora mesmo

Sr.Manuel Cendán: ¿pero porque? Que coño me vas quitar a palabra

Sr. Alcalde: Porque son o que dirixe o Pleno, gústeche ou non e aquí non insultas a ninguén

Sr.Manuel Cendán: Eu non insultei a ninguén

Sr. Alcalde: Como que non? Se estás a dicir que o vas volver repetir, que non che consinto que o volvas repetir.

SR. Manuel Cendán: Pero que non me da a gana que eu podo dicir libremente, estamos nun estado de dereito e se as miñas palabras ofenden e son constitutivas de delito lévasme ao xulgado.

Sr. Alcalde: Que non, expúlsoche do Pleno, che o estou apercebindo, como lle faltas ao respecto a un concelleiro

Sr. Manuel Cendán: Tí a mín non me ameazas para nada, rapaz, que coño te crees tí, que és?

SR.Alcalde : Moi ben, perfecto

Sr. Manuel Cendán: A mín non me ameaces, déixasme falar

SR. Alcalde: Gusteche ou non o Alcalde ¿vale?

SR. Manuel Cendán: Pero é que non che faltei a respecto

SR. Alcalde: Gústeche ou non son o Alcalde

Sr. Manuel Cendán : ¿Me estas ameazando?

Sr. Alcalde: Estouche a dicir que como insultes alguén te insulto do Pleno

Sr. Manuel Cendán : Pero tí estasme a ameazar e non cho consinto

Sr. Alcalde: Quédache claro? Listo, que suba a policía

Sr. Manuel Cendán: Que non me ameaces que eu fago o que me da a gana, na miña quenda.

Sr. Alcalde: Exactamente, pero non insultes a ninguén

Sr. Manuel Cendan: Pero tí non me ameaces que non me tes que avisar



Sr. Alcalde: Estás avisado, de acordo? Segue falando, como insultes alguén suspendo a sesión e expúlsote, ¿de acordo?

SR. Manuel Cendán: O que queiras que tí tesme que deixar falar

SR. Alcalde: Pero sen insultar a ninguén

Sr. Manuel Cendán: Non me tes que ameazar, a mi non me tes que dicir cada vez que eu teña que falar se eu ameazo, se vou insultar ou non vou insultar, eu respecto a todo o mundo.

Sr. Alcalde: Eu respecteiche mentres fuches Alcalde e nunca intervín cando tí retiráchesme a palabra, pídoche por favor.

SR. Manuel Cendán: Eu nunca che retirei a palabra

SR. Alcalde: Pídoche por favor que te cingas a falar da urxencia da moción do Bloque. Cíñete á urxencia.

Sr. Manuel Cendán: Cíngome do que vou falar, non che interesa, porque cando deixaches, cando a este señor deixáchelo falar e eu pedinche a palabra no Pleno e levantámonos

Sr. Alcalde: Pero se che dixen que che ía buscar fóra, cando termira de falar, díxenche que te ía buscar.

Sr. Manuel Cendán: Díxenche que non era de contesto e deixáchelo falar e a mi estábame a faltar.

Sr. Alcalde: Non, estábache a criticar, non che estaba a insultar

SR. Manuel Cendán : E eu que vou facer.

SR. Alcalde: Dixeches que ías a reproducir os motivos da querela. Dixeches que o ías volver dicir aquí. E os motivos da querela é que lle chamaches borracho e eu non consinto que o repitas aquí, ¿quedouche claro?.

SR. Manuel Cendán: Sí, eu, que tí non és quen para dicirme a mi nada

Julio: Bueno, pois segue falando, pero como reproduzas o motivo da querela che expulso

SR. Manuel Cendán :No vasma dicir a nada, que a mi non me vas a “acojonar”, nin ameazar que non cho vou consentir que iso o podes facer cós concelleiros socialistas, pero non connigo. Mira, eu creo que está claro, que xa na discusión que vai a intencionalidade porque a este señor cando eu intervín, cando interveu, deixóuselle falar, deixóuselle faltar, que contase mentiras, que me faltase o respecto, que me chamase de todo.



Sr. Alcalde: Por favor, ¿cínquete á urxencia da moción do BNG?, que é o tema que estamos a debater.

Sr. Manuel Cendán: Estou a falar do tema

Sr. Alcalde: Non, estás a falar do que o voceiro non adscrito dixo noutro Pleno e tiveches a Acta diante e aprobouse a Acta, rematouse, agora cínquete á urxencia da moción.

Sr. Manuel Cendán: Estoume a cinguir,

SR. Alcalde: , Non cínquete á urxencia da moción

Sr. Manuel Cendán: Aquí hai un tema que o dixo claramente o voceiro do BNG que presenta a emenda, que aquí hai un interese político, que cres que che vai axudar isto e non che vai axudar en nada. Porque te vai explotar nas mans, no mesmo grupo socialista. Vaite explotar nas mans.

Sr. Alcalde: E non pasa nada

Sr. Manuel Cendán: Estouche a advertir hoxe o 25 de febreiro de 2010

Sr. Alcalde: E non pasa nada

Sr. Manuel Cendán: Por favor, déixame falar, non me interrompas,

Sr. Alcalde: Que non pasa nada

SR. Manuel Cendán: Mira o que che estou a aclarar vaiche romper, o 25 de febreiro, o que che estou a dicir. O 25 de febreiro vaiche a reventar no mesmo grupo socialista Non no grupo municipal, senón na agrupación socialista de Ares. Acórdate o que che di o voceiro do PP hoxe, do que estás a facer sobre esta persoa e a inclinación que che está, pensas que por quitar agora, a un ano das eleccións, que che aproveitar dunha persoa destas que che vai a explotar nas mans.

Sr. Alcalde: Dis onde está a urxencia, por favor, non te estás a cinguir; non, estás a falar da agrupación socialista, cínquete á urxencia.

SR. Manuel Cendán : Que me estou a cinguir ao tema,,me estou a cinguir ao tema. Aquí hai un interese político eu creo que che interesa esta situación que te vai reventar nas mans. Que nós podemos quedar dous, eu quedei eu solo e volvemos gañar as eleccións con un despois do que pasei e o viviches, e non me vou poñer colorado, non me pasa nada disto, e rendibilidade política, ningunha. Isto díxocho o do BNG, en 30 anos que leva a democracia nunca pasou, de que nunca un informe de secretaría dicíndoche que tes que revogar un acordo e non o fagas, nunca pasou, e estalo a levar porque che interesa agora, utilizar esta persoa e nós vai apoiar isto. Eu creo que o imos apoiar, senón, como claramente mandachesme vas o contencioso, e



nós imos ir a ao contencioso-administrativo ou as vías que así vexamos. Nada máis, o quero deixar claro, imos apoiar a moción porque creo que se o podemos evitar ir ao xulgado e poñernos colorados aquí e ter que reabrir este debate dentro de 6 meses ou 9 meses, volver reabrir este debate cando pode quedar hoxe resolto, se o teu queres pasar por esas, pasas, pero valo pasar. Nada máis, que teñas claro que nós imos ir ao contencioso-administrativo iso fixo, iso que o deas por feito. E dixen a verdade e non minto, ademais con cento e pico persoas de testemuña, iso é o que digo eu.

O Sr. Alcalde: Entón debatido o tema da urxencia, cada un vota con responsabilidade, o debate que implica pensar diferente é lexítimo, eu o que pido é que se respecte que a xente pensa diferente. A xente pensa diferente e non pasa nada e listo. Neste tema hai un recurso e xa se resolverá e eu vou asumir a responsabilidade. En función diso creo que non hai razóns para a urxencia, porque o tema está canalizado en vía administrativa e logo se se quere canalizar en vía contencioso-administrativa ou en vía penal que se faga. Aquí ninguén esconde ningún tipo de responsabilidade e listo.

Toma a palabra o Voceiro do BNG SR. Rodríguez Doval: Eu hai un disco de Siniestro Total, que se chama Ante todo Mucha Calma, está moi ben, eu non son de Siniestro pero sempre apelo cando algo non me gusta para chamar un pouco, creo que este se debe discutir, nesta Corporación, Alcalde.

Resposta o Sr. Alcalde: Estase a discutir

O Sr. Rodríguez Doval: Eu non, nin quero, porque proablemente puidera, non quero ir aos xulgados, porque creo que se sustancia aplicando o sentido común, e creo que despois dalgún tempo e despois e despois do que pasamos aquí o sentido común dalgunhas cousas deberían imperar por encima de outras cousas. Polo tanto, non me planteo nin sequera e ei que estaría gañado pero a miña batalla non é esa, a miña batalla é poñerlle un certo grado de normalidade a esta situación. Por outra parte non se pode decir que xa sabemos que non é legal pero mantelo.

Sr. Alcalde: Pero ninguén dixo iso, o que ten que decidir son eu

SR. Rodríguez Doval: Alcalde, Alcalde, bo pero eu me fio dous informes do Secretario e da Lei.

Sr. Alcalde: Ah! Pero quen decide son eu ¿eh?

Sr. Rodríguez Doval: Ben, dacordo, ti podes decidir, pero eu formo parte de esta corporación. Alcalde, eu non fun o despacho da alcaldía a pedir que fixera X ou fixera B. Veño a este Pleno, porque o acordo o adoptou este Pleno e pido que este mesmo Pleno o revoque. Creo que é de bastante sentido común. ¿porque teño que ir a un xulgado? Veño aquí e san se acabou. Sacomosllo aquí, volvemos a normalidade e punto e ese señor, ten, para non presentarse as eleccións ten moitísimos dereitos. Porque entre outras cousas Alcalde ti sabes perfectamente



que mellora a súa situación con respecto a que tiña no Partido Popular, claro que si lle mellora, e sabes que a lei non permite eso, ¿entendes?, ese señor lle dixen cando queira ten información, cando queira tal, e eu ese señor lla vou a dar, eu non me nego a eso, pero as xuntas de voceiros é un órgano colexiado formal. Non é un grupo de amigos que se reúnen e que chaman a un que ven pola calle, home me interesa que tamén sepas o que vamos a discutir, hai que ser un pouco serios e de iso sabe o alcalde máis ca min.

SR. Alcalde: Non o estás a entender.

SR. Rodríguez Doval: Sí que nos entendemos, sí, o que pasa é que estamos falando de cousas diferentes.

Sr. Alcalde: Non, é que estás falando do fondo, e non tes dereito a falar do fondo sen votar primeiro a urxencia.

Sr. Rodríguez Doval: Ben, pero alcalde o fondo é importante

Sr. Alcalde: Pero non se pode falar se non votamos a urxencia

SR. Rodríguez Doval: Ah!, ¿non pódese falar?

SR. Alcalde: Son ás regras que temos aquí

Sr. Rodríguez Doval: Bueno, pois o lamento

Sr. Alcalde: Primerio hai que falar da urxencia e logo falamos do fondo

Sr. Rodríguez Doval: Alcalde, lamento que poñamos por diante as matemáticas que o sentido común.

Sr. Alcalde: Non, non. Sempre poñemos diante a lei, pero ti pola detrás ou diante ou onde che vaia.

Sr. Rodríguez Doval: O Secretario

Sr. Alcalde: Pero o Secretario pode dicir misa

Sr. Rodríguez Doval: Non a Lei, Real Decreto

Sr. Alcalde: Pero o que decide son eu, perdoa, o Secretario pode facer un informe que considere oportuno e eu pódoo compartir ou non, e eu podo separarme das decisións que tome o Secretario.



Sr. Rodríguez Doval: Pero dun real Decreto non ¿Verdade? ¿Que foi primeiro o Real Decreto ou a decisión do Concello?.

Sr. Alcalde: Estouche a dicir que hai un recurso presentado que teño que resolver eu e teño que asumir eu a responsabilidade, por iso non procede a urxencia, porque o teño que decidir eu.

SR. Rodríguez Doval: Esa é unha impresión túa, pero o Pleno pode pensar que é mellor aplicar...

Sr. Alcalde: Precisamente, estamos a falar da urxencia, só da urxencia, cingámonos á urxencia, non podemos discutir primeiro o fondo sen votar primeiro a urxencia. Entón ¿como facemos?

SR. Manuel Cendán : Eu quería...

Julio: Xa interviñeches dúas veces Manuel

SR. Manuel Cendán: Non, non unha soa,

Sr. Alcalde: Non que vai, interviñeches dúas veces

Sr. Manuel Cendán: Non, nada máis que 15 segundos, mira Julio é que sei que tes que responder, pero é que mira.

Sr. Alcalde: Eu falo no meu grupo da situación e se calquera do meu grupo, abandona o grupo e vai cos adscritos e é voceiro. ¿Como vou dicir eu "e no meu grupo non"?, no meu grupo exactamente igual.

Sr. Manuel Cendán : Julio non vou falar dese tema, é que non vou falar dese tema, vou falar de legalidade, para que quede claro, porque parece que non. Ti, tes que resolver o recurso pero o Secretario da Corporación é un funcionario a nivel nacional que estamos obrigados a telo para non tomar acordos ilegais, para que as corporacións non tomen acordos ilegais. Precisamente está aquí, non está aquí de óinte, non por nada, obrígnanos a telo para que as corporacións non tomen decisións ilegais, arbitrarias e que non se axusten a dereito e neste caso está para iso.

Sr. Alcalde: Moi ben, estupendo, vale, listo.

Sr. Manuel Cendán : Advirte, fai un informe do acordo que se tomou é ilegal.

SR. Alcalde: Moi ben.

Sr. Manuel Cendán: E temos que facerlle caso



Sr. Alcalde: Vale, dacordo

Sr. Manuel Cendán: Que para iso está e para iso cobra

Sr. Alcalde: A mi paréceme moi ben. A pena é que hoxe veña a sentenza a Pleno da nulidade do PNC-15 que tí no seu día pasácheste polo forro ese informe, esa é a pena.

Sr. Manuel Cendán: Iso non é certo.

Sr. Alcalde: Acabamos de falar da nulidade do PNC-15 e ¿sabes porque o anularon?, porque te pasaches polo forro o informe do Secretario e agora vés a min a darme leccións.

Sr. Manuel Cendán: Douche unha explicación

Sr. Alcalde: Tes unha cara, pero imos de campeonato.

Sr. Manuel Cendán: Eso tí. Tí sí que tes cara porque non sabes a que esa licenza, voucho aclarar, non estaba suxeita a estudio de detalle, non estaba, era licenza directa, entón meteuse, tróuxoa a empresa e meteuse a Pleno.

Sr. Alcalde: Auto do Tribunal Supremo que anula o Estudio de Detalle do PNC-15

Sr. Manuel Cendán: Pero non facía falta levar Estudio de Detalle

Sr. Alcalde: Pois agora tampouco fai falla o que diga él, hai que resolver o recurso como considere oportuno e despois debatemos.

Sr. Manuel Cendán: Bueno, pois xa está. Fai o que queiras

Sr. Alcalde: Evidentemente, claro que sí

Acto seguinte sometese a votación a urxencia e o Pleno do Concello por 6 votos a favor (2 BNG e 4 PP) 6 votos en contra ( 5 PSdeG-PSOE e 1 NAL ) e 1 abstención do Concelleiro non adscrito. O non alcanzar a maioría absoluta do número legal de concelleiros, queda rechazada a urxencia.

Acto seguinte seguinte polo Sr. Alcalde, pregunta se hai algunha outra moción pola vía de urxencia, non presentándose máis polo que se pasa o turno de rogos e preguntas.

#### **PUNTO NÚM. 6.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: A ver Alcalde, eu dada a hora que é teño unhas preguntas para facer, pero dame igual que mas contestes aquí ou noutro Pleno, ou por escrito como queiras. Dígo porque son os 14:20 e se nos estendemos moito no tema vannos dar as quimbambas aquí.



A primeira é respecto ás obras da avenida da Paz, que non sei para cando está previsto que se remate definitivamente a obra, porque eu xa fixen bastantes rogos nese sentido, e a verdade é que está intransitable.

Resposta o SR. Alcalde: eu non o sabía pero pregunteino a Pepe, parece ser que únicamente falla o asfaltado, entón depende do bó tempo porque necesitamos que seque para poder asfaltar.

O Sr. Luis Cendán: xa, e ¿o acceso que estaba sin abrir? segue coa valla, segue alí

Resposta o Sr. Alcalde: Non está recepcionada a obra por parte de SAR non sei que pasa ahí que nos ten que entregar os viais entón o Concello aínda non recepcionou a urbanización. Mentres non estea recepcionada a urbanización non podemos abrila ao público porque se pasa cuaquier accidente, esa urbanización non está recepcionada por parte do Concello

E na Avda. da Paz que só falla o asfaltado, imos reforzar a subministración de auga cun by-pass que se vai facer polo Mazote, dende a traída que entra por Pedrós para aproveitar con ese by-pass os 6 kg de presión que entran no pobo, e non o levar aos Castros onde o descompresor os baixa a 3. Con eses 6 kg de presión a través dese by-pass imos levar a auga á cota 42 que é case a Os Galgos.

A Avda. da Paz falla que seque para o asfaltado e falla complementar a presión da auga có by-pass dende o Mazote. Ou sexa, que imos volver abrir o Mazote outra vez

O Sr. Luis Cendán: Ao fío da pregunta que che facía, porque agora estou a darlle voltas ao que me contestou Pepe. Independentemente, Pepe que o tempo non o permita, botar un pouco de zavorra e sobre todo esixir ao contratista e sobre todo cando hai enterros, non creo que iso sexa traballo de ninguén, o problema é que está intransitable

O SR. Alcalde: O problema é que a zavorra chove e se vai

Sr. Luis Cendán : Alcalde, se xa o sei, pero sabes que é unha avenida bastante transitada e sobre todo cando hai enterros, a xente pon perdida á empresa esixirlle un mínimo, que eu sei que as cousas hai que facelas. Pero eu creo que botarlle un pouco de zavorra alí,

SR. Alcalde: Pódeselle botar zavorra, pero se chove como onte e se vai.

Sr. Luis Cendán: Ben, eu non me refería a iso, se que o tempo ten que permitilo para o asfaltado pero bueno.

O tema do centro de saúde a día de hoxe ¿como está este tema?



SR. Alcalde: Redactouse un proxecto en marzo do ano pasado, é dicir, en marzo de 2009 remata o proxecto e entrégase en consecuencia proxéctase esta disposición da Xunta de Galicia para a súa execución. A nova Administración non ten un bó concepto dese proxecto, eu creo que é que o ano pasado non quixo executar ese proxecto. Como non quixo executar o ano pasado o centro de saúde escudouse en que ese proxecto podía ser revisado e que podía ser mellorado. Entonces, sorprendentemente encargaron outro proxecto, ese proxecto teóricamente ten que ser entregado este ano e entregado este ano, tense que acometer a construción do Centro de Saúde, o que pasa é que a construción, no presuposto da Xunta non vén consignada na súa totalidade porque espera que a construción sexa complementada por investimento privado. A inversión privada xa sabemos quen a pon, empresas de servizos, unha empresa está interesada nesa inversión porque logo queda coa limpeza, queda con mantemento e demais o problema é que en centros de saúde tan pequenos como o de Ares iso é impensable, entón a Xunta está a pensar en sacar lotes, en sacar de 8 ou 10 centros de saúde para facer apetecible esa inversión por parte de empresas, pero dende logo, o feito de que o proxecto redactado non lles valla, o feito de que queren outro proxecto e o feito de que non saben como quitalo, pinta mal. Eu estou pendente dunha última reunión coa Conselleira de Sanidade aos efectos de iniciar as correspondentes reivindicacións, denuncias ou mobilizacións porque dende logo o do centro de saúde, a pesar de ter un proxecto redactado porque para construílos necesitan fondos privados ou quitan lotes ou os fondos privados non van vir.

Sr. Luis Cendán : A curto prazo ¿téñense pensado algunhas actuacións a través da demarcación de Costas de Galicia?

Sr. Alcalde: Sí, a curto prazo vaise actuar nos Castros mellorando o acceso á praia, sabes que alí hai unhas escaleiras de cemento moi mal, nos Castros, xusto alí, vaise mellorar tanto o acceso rodado, como o acceso ás escaleiras. Sabes que converxen alí 2 vías, vaise axeitar todo con madeira e vaise facer ese acceso a praia dende os Castros. Despois vaise facer un acceso á cova dos mouros, á que se lle vai dotar de condicións de seguridade, vaise pechar e vaise poñer unha varanda para poder visitar o ámbito. Despois hai un proxecto para a rehabilitación integral da fachada marítima en Chanteiro que vai sacar a información pública. É un proxecto de Costas que pasa dos 3 millóns de euros e que vai acometer a rehabilitación integral da fachada marítima en Chanteiro, mellorando o acceso á praia, peatonalizando o acceso rodado de diante, salvo para residentes, abrindo unha estrada por detrás para dar servizo aos camións e sobre todo ao camión do lixo; vaise dotar de aparcamento público. Entón, sí hai un proxecto, pero a curto prazo non é porque aínda vai saír agora a información pública.

SR. Luis Cendán : En qué fase atopa a senda peonil do parque Rosalía ao Raso, o paseo a Seselle. Había un proxecto pero dixeches que a situación agora co novo proxecto

SR. Alcalde: A situación agora está en que o proxecto é moi invasivo, é un proxecto que se fixo cunha filosofía totalmente libre e ese proxecto resulta moi invasivo na zona dos Castros e en



consecuencia, Costas están a reformularse a reformulación dese proxecto porque recupera toda a zona de tránsito, toda a zona de servidume e Costas é consciente, de que é un proxecto que vai rematar xudicializado porque está claro que Costas teñen moitos problemas ao longo do litoral español e sabe que a oposición dun particular, e a xudicialización leva como medida preventiva a paralización. Entón, estalle a dar unha volta de rosca ao paseo peonil do Parque Rosalía de Castro a Seselle pola zona máis próxima á zona de tránsito, entón iso implicaría facer un proxecto pola zona de servidume da costa e non loxicamente atravesando os Castros pero é unha reformulación que está a facer Costas, que é quen ten que decidir se sobre as obras que están baixo a súa protección nós non temos competencia nin na zona de tránsito nin na zona de protección que eles utilizan para facer estas infraestruturas.

SR. Luis Cendán : Outra pregunta ao fío de Costas, se se ten pensado canalizar a recollida de augas pluviais ás praias, que iso é importante, agora que estamos co saneamento, iso é creo o que máis impacta.

Sr. Alcalde: O que se está a facer é canalizándoas en torno a 2 eixes que é o río da Cachorra e o río Junquera. Tódalas augas pluviais que baixan das zonas altas de Papellas, do cemiterio e de Prados Vellos están canalizadas ao río da Cachorra e saen polo río da Cachorra e logo todas as augas pluviais da zona do Mazote, e do ámbito incluído Besoxo, Chanteiro, Cervás e a zona esa da Avenida de Mugaridos, próxima ao Mazote e a rúa Real e as augas que veñen de Concepción Areal están todas canalizadas ao río Junquera, falta canalizar a pluviais da rúa Maria que sabeis que imos acometer agora.

SR. Luis Cendán : Sí pero eu non me refería a esa canalización, eu referíame á canalización dos areais.

SR. Alcalde: Só hai 2 puntos de vertedura

SR. Luis Cendán: Non, en Seselle por exemplo hai 3 ou 4

Sr. Alcalde: Non ahí non temos nada feito

SR. Luis Cendán : Non, por iso dicíache que iso é importante non o esquecer, porque agora estamos co Saneamento da Ría.

Sr. Alcalde: As pluviais da zona de Seselle son zonas complicadas que arrastran area cara ao mar e as praias, ahí non temos nada preparado, pero podiamos intentar facer un proxecto.

Sr. Luis Cendán: Porque iso é fundamental, para as praias canalizar as verteduras ás praias, iso é fundamental. Despois, está a controversia, ao mellor acertaches de cualificalo de controversia da nota de prensa que fai referencia ás verteduras do río Sandeo por parte de Fene.



Sr. Alcalde: Ahí hai unha canalización, un emisario de 25 metros que está mesto, seguramente leva moito tempo mesto o que pasa é que levamos invernos de moitas choivas. Como as pluviais non están separadas das fecais, as pluviais saturan as fecais se non chovese tanto, aínda que estivese mesto non pasaba nada, pero ao chover tanto as pluviais saturan as fecais e saen por un vertedoiro entón o vertedoiro está previsto precisamente para situacións extraordinarias onde chove e pode saír a choiva polo vertedoiro o problema é que con todo o que choveu, leva 3 semanas saíndo polo vertedoiro; o tema é que teñen que meter unha máquina que sobre pola canalización para intentar desconxestionar o emisario, pero a gran probabilidade é que o emisario coa presión vaia romper. Están a buscar en Costas unha solución provisional con Aquagest, falei có Alcalde de Fene e en 2 ou 3 semanas aínda que rompesen o emisario teríano reparado, pero claro, levamos mes e medio saíndo porcallada polo vertedoiro é xaneiro e febreiro, se chega a ser xullo e agosto, home ao mellor non chovía tanto, o problema son as choivas.

Ten a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval.

Unha primeira cuestión ten que ver con a moción de urxencia que presentamos antes e non se aprobou, entón é un aviso para o Concelleiro non adscrito, é unha encargada para o Secretario. No Pleno do día 30 cando se vota a petición de señor Echevarría Lage integrarse nas comisións e nas xuntas de voceiros, leo textualmente: "sometida a votación a solicitude, o señor Echevarría Lage, o cal non vota, porque considera que é un tema que lle afecta." ¿Lle afectaba outro día e non lle afecta hoxe? Hoxe votou.

SR. Alcalde: Pero as preguntas teñen que facerlas a min, non a el

Sr. Rodríguez Doval: Non, non eu creo nos órganos da corporación

SR. Alcalde: Pero para o que ti crees

Sr. Rodríguez Doval: Non, non, pero entón non nos enganen, empezou vostede moi mal, se non lle afectaba ou outro día.

SR. Alcalde: A ver Manuel, os Rogos e Preguntas son para a Corporación

Sr. Rodríguez Doval: Isto non é unha inxuria, bueno, pois ¿lle preguntás a el?

Sr. Alcalde: Pregúntasmo a mi e logo pregúntollo a él se quero

SR. Rodríguez Doval: Pregunte vostede e dígalle ao Secretario que escriba se ou outro día era legal ou non era legal e hoxe é legal. O de hoxe lle afecta, claro que lle afecta, vostede pode estar incurrindo nun delito. ¿Dase de conta?



Sr. Alcalde: Non está incurrindo en ningún delito

SR. Rodríguez Doval: Pode, pode, e os que votaron a favor tamén

Sr. Alcalde: Non está incurrindo en ningún delito

SR. Rodríguez Doval: Sí Alcalde, sí. Sigo coas preguntas

Sr Alcalde: Vouche contestar dun nun. ¿Remataches con esta?

Sr. Rodríguez Doval: Sí

Sr. Alcalde: Pois vouche contestar. A Luis tamén lle contestei dun nun, entón vouche contestar. Non se comete ningún delito porque o tipo da prevaricación está perfectamente definido no código penal, perfectamente definida, e aquí non se trata de ningunha decisión arbitraria, o arbitrario é o que non está motivado e está perfectamente motivado, por transparencia, por democracia, por participación porque a Xunta de Voceiros non é un órgano consultivo; se eu como funcionario público que vivo dun soldo da Administración e que se me inhabilitan o perdo, como comprenderás parvo non son. En consecuencia, eu sei o que fago e o fago polas razóns que estou a dicir non hai nada máis e o que se vaia dos grupos terá os mesmos dereitos. terá os mesmos dereitos.

Sr. Rodríguez Doval: Sería a administración de Pancho Villa

Sr. Alcalde: Non, Pancho Villa es tí e grazas a deus hai dous anos rematou a túa revolución

Sr. Rodríguez Doval: A administración de Pancho Villa, sería

Sr. Alcalde: Esa é a túa Manuel, que Pancho Villa estaba só como estabas ti. Entón, a situación é que cada grupo vota o que considera oportuno, non fagamos interpretacións en Rogos e Preguntas que non vaia dirixidas á Alcaldía.

Sr. Rodríguez Doval: Perdón eh! ao mellor lle interesaba a vostede tamén

Sr. Alcalde: Non se eu a contesto, sen ningún problema pero eu non son nin mellor nin peor que tí e podemos ver os Plenos e ver nos 20 anos que levas de concelleiro tí votaches respectando a lei ou non votaches respectando a lei. Non teño tempo para facer ese exercicio

Sr. Rodríguez Doval: Xa o farei eu

Sr. Alcalde: Non teño tempo, pero ¿asumíchelo con responsabilidade Manuel?,

Sr. Rodríguez Doval: Sí

Sr. Alcalde: Pois eu tamén, ¿que diferenza hai? ¿que non che gusta o que eu decido? e a mín tampouco me gusta o que ti decides.



Sr. Rodríguez Doval: Nunca me advertiu ou Secretario de que ía tomar un acordo ilegal e seguíñ votando a favor, nunca.

SR. Alcalde: ¿Nunca? iso é mentira ¿nunca?, iso é mentira

Sr. Rodríguez Doval: Traeme a Acta

Sr. Alcalde: E non é certo, estou a dicir que o Secretario non advertiu de que íamos tomar un acordo ilegal.

Sr. Rodríguez Doval: E por escrito

SR. Alcalde: Non perdoa no informe para resolver o recurso dirá o que queira e advírteme a mi, non a Kiko, nin a Victoria, nin a Pepe, advírteme a min, eu farei o que considere oportuno e asumo eu a responsabilidade, asúmoa eu, ninguén máis.

SR. Rodríguez Doval : Non é certo iso.

Sr. Alclade: Mira é un tema máis que recorrente, pídoche por favor, diríxame a seguinte pregunta e eu contéstochas, pero non interpeles membros da corporación

SR. Rodríguez Doval: Coma se non quere contestalas

O Sr. Luis Cendán: A ver Alcalde, pero imos ver, rematamos o tema porque senón, eu pregaríalle que lle dixese que non asistise ás comisións ou que vaia no meu sitio, eu facilítolle o meu sitio, pero rematar o tema que, dadeslle importancia a algo que non ten importancia. Eu bríndoche unha solución se o alcalde lle prega que non vaia á comisión de goberno, eu cédolle o meu sitio. Estadés a buscar o lio por onde non o hai, por unha asitencia.

Sr. Alcalde: Atendede, mirade, ¿sabedes quen convoca as xuntas de voceiros? eu

SR. Rodríguez Doval: Sí, o Alcalde

Sr. Alcalde: Pois eu convoco a quen considero oportuno

SR. Rodríguez Doval: ¿Ves? claro

Sr. Alcalde: E rematouse

Sr. Rodríguez Doval: Pois que conste en Acta, Secretario, a afirmación que remata de facer.

Sr. Alcalde: Eu convoco á xunta de voceiros a quen considero oportuno

Sr. Roidríguez Doval: Pasamos ao tema seguinte por min



Sr. Alcalde: Entón, na xunta de voceiros hai un acordo plenario e eu respéctoo, e punto.

Sr. Rodríguez Doval: Correcto

SR. Alcalde: E ese acordo plenario tivo os votos do partido socialista e de NAL e eu respéctoo e en consecuencia fago.

SR. Rodríguez Doval: Me vale

Sr. Alcalde: Ademais considéroo totalmente oportuno porque o votei e pido que conste toda esta explicación miña na Acta, non só o que el quere.

Sr. Rodríguez Doval: Non, non; eu súpome, que conste ao de Alcalde e máis a miña

Sr. Alcalde: Segue preguntando

Sr. Rodríguez Doval: Esta era unha pregunta de comunicacións ¿sábese a razón de porque os correos electrónicos, canto menos o que ten o BNG, que temos asinados cunha crave na páxina web do Concello, non funcionan? A min, cónstame que a min e ao meu grupo estánseme a mandar correos electrónicos e eu non podo abri-lo correo electrónico.

SR. Alcalde: Pois, eu non o sei

SR. Rodríguez Doval: E preocupárame que alguén estivera abrindo ou meu correo electrónico, supoño que non ¿verdade?

SR. Alcalde: Supón o que queiras

Sr. Rodríguez Doval: Normalmente, supoño que me escribirían por temas do Concello e non teño ningún problema, pero ao mellor ti imaxínate que é unha moza que me quere ou un mozo que me quere, entón gustárame manter a miña intimidade, pero pasada a coña, como xa dixen paréceme que tíñamos un correo asinado que, por certo, admite vos correos pero eu non pódovos abrir, eu mando un correo e non me ou devolve

SR. Alcalde: Non te entendo

Sr. Rodríguez Doval: Eu mando un correo ao correo que ten ou BNG no Concello a [bngconcelodeares.com](mailto:bngconcelodeares.com) e eu mando, e non o devolve

SR. Alcalde: Ou sexa, que se recibe

SR. Rodríguez Doval: Sí se recibe, a miña pregunta é ¿sábese que o recibe?

SR. Alcalde: Pois a túa conta



Sr. Rodríguez Doval Non, que non se pode abrir

Sr. Alcalde: Unha cousa é que non se poida abrir e outra cousa é que se reciba noutra conta que non podes abrir.

SR. Rodríguez Doval: Home sí, pero eu teño un correo de hoxe e dinme que se remata ou mundo e me enteiro ou ano que ben.

Sr. Alcalde: Pero estoute a dicir

SR. Rodríguez Doval: Non, non é serio Alcalde

Alcalde estame dicindo ou voceiro do grupo popular que non funcionan

SR. Alcalde: A ver, remítenche correos, entran na túa conta e non podes abri-la ¿iso é o que pasa?.

SR. Rodríguez Doval: Claro

Sr. Alcalde: Pois xa está, pero iso non significa que cha abran outros.

Sr. Srodríguez Doval: Que, non home, non, estou preguntando se se sabe cal é o problema. Supoño que non a abra ninguén.

SR. Alcalde: Hai que miralo

SR. Rodríguez Doval: Ben, pois hai que miralo

Sr. Alcalde: Ademais iso é moi sinxelo de ver, énanche correos na túa conta e a túa conta non podes abri-la, iso non significa que non o recibas na túa conta. Seguramente recíbelos, pero non podes abrilos.

SR. Rodríguez Doval: Alcalde, pero non o recibo

Sr. Alcalde: Non porque non podes abri-lo

Sr. Rodríguez Doval: Pero imos ver, Alcalde

SR. Alcalde: Non me veñen a mi os teus correos, irán á túa conta

Sr. Rodríguez Doval: Ben, Alcalde o do correo electrónico leva funcionando un ano e pico longo, case dous. Se eu teño correos acumulados, que terán unha certa actualidade, se vou lel-os e se se soluciona ou problema técnico...

SR. Alcalde: Eu entendo, se ese é o problema, para situarnos, para situar ao informático da túa demanda, tí non podes abri-lo teu correo.



Sr. Rodríguez Doval: Non, ábrese, teño unha crave e non se abre

Sr. Alcalde: Pois xa está, e ese é o problema ¿Quen leva isto?

Sr. Rodríguez Doval: Non sei si será Ruben ou o administrador da páxina, non o sei, en todo caso pregúntade porque si dí o Pp que tampouco non lle funciona, a min sobre todo, eu teño un correo particular, pero en moitos casos a xente cando se pon en contacto cos grupos, vai ao directorio do concello que dice hai unhas correos dos grupos e supoño que enviará aos correos dos grupos. Si non é o meu solo, tampouco é que me satisfaga. mal de moitos, consuelo de tontos. Si é un problema xenérico que se solucione.

Outra pregunta é si sabemos algo sobre a ampliación do colexio, como é sabido o tema das expropiación dos terreos e toda a historia.

E despois unha pregunta final, que era máis que nada un rogo, que lles incluíra na próxima comisión de urbanismo o tema do plan de ordenación do litoral . A min é un tema que me preocupa profundamente

Sr. Alcalde: Telo á túa disposición

Sr. Rodríguez Doval: Non, pero que se inclúa para debate na comisión.

Sr. Alcalde: As cousas hai que dicilas como son. O plan de ordenación do litoral envíase nun formato onde o pdf non o entende ninguén.

Sr. Rodríguez Doval: Eu o entendín

Sr. Alcalde: E as cores, ¿víche-la mancha de cores que é moi difícil discriminar?

Sr. Rodríguez Doval: Sí, pero eu a entendín, A ver Alcalde, non é un tema técnico, eu lle vin a filosofía, a min gustaríame que a comisión de urbanismo, o único que pido é que se traslade a comisión de urbanismo e que abramos un debate.

Sr. Alcalde: Pero dígoche, perdoa que che interrompa, que non foi aínda á comisión de urbanismo porque eu lle reclamei persoalmente ao Director Xeral un pdf máis claro, porque o que temos non a vé. Podémolo levar á comisión de urbanismo

Sr. Rodríguez Doval ¿E cando estea pdf se leva?

Sr. Alcalde: Exactamente, o problema é que o podíamos levar á comisión de urbanismo e ninguén nos sabería dicir nada do plan porque a escala de cores é tan confusa que nin nós mesmos podemos facer alegacións porque non o entendemos. Entón reclamamos unha



cartografía máis clara. Están pendentes de enviala porque se reclamou dende máis concellos por iso non foi a comisión de urbanismo o POL

E logo a outra non me acordo

Sr. Rodríguez Doval: A dos terreos do colexio

Sr. Alcalde: Séguese tramitando a modificación puntual para incorporar o terreo de arriba ao colexio pero xa se baralla como solución inmediata a construción da aula de infantil no actual aparcamento, onde aparcan os profesores. Onde agora mesmo aparcan os profesores hai unha parcela que está incluída na parcela do colexio de acordo co que vimos no seu momento no catastro e con data de 1976 que é cando se fai a cesión, vai a parcela na súa totalidade, pero logo no peche do colexio esa déixase fóra, pero non obstante tamén forma parte da parcela de colexio e está cedida. Entón, a solución que se lle propuxo a educación é construír o novo edificio de infantil onde agora mesmo aparcan os profesores que é urbano; mesmo coas normas subsidiarias é urbano e levar o aparcamento dos profesores ao terreo de arriba que imos expropiar, que de acordo coas normas subsidiarias puxo.

Esa é a solución que está enriba da mesa nestes momentos e que esperamos que educación acepte.

Sr. Manuel Cendán Fernández: Eu, ollo con iso, porque xa tanto cemento alí xa...

Sr. Alcalde: O cemento puxéchelo tí carayo, no terreo de abaixo que ahí nunca debiches de urbanizar. Home o colexio podía conectarse coa avenida de Mugar dos neses terreos que había ahí abaixo e mira que licéncia, que edificios se están a construír

Sr. Manuel Cendán: E se teñen dereito pois...

Sr. Alcalde: Pois pensalo o pensarás tí

Sr. Manuel Cendán: Eu pensaba que non...eu che digo que

Sr. Alcalde: Ata lle da sombra á pista do colexio

Sr. Manuel Cendán: Eu dígoche que agora os cativos a ver onde van ter espaxamento, os rapaces.

Sr. Alcalde: Claro, pero iso tíñas que pensa-lo tí cando eras Alcalde e non agora có colexio totalmente circuncidado entre edificios

Sr. Manuel Cendán: Hai outras alternativas, hay outras alternativas

Sr. Alcalde: ¿SÍ, cales?

Sr. Manuel Cendán : A casa do conserxe



SR. Alcalde: Non hai posibilidade

SR. Manuel Cendán: Sí, pódese dar alternativa e pódense facer para arriba 4 ou 5 aulas. Hai que estudar e non se tirar ao tolo, e non amolamos iso. Ahí pódense facer 4 ou 5 aulas.

SR. Alcalde: A ver, a casa do conserxe ten 97 m<sup>2</sup>

Sr. Manuel Cendán : Pois un baixo máis dous

Sr. AlcaldeJulio: ¿Un baixo máis dous? Sí, máis un ascensor e necesítanse 4 aulas de infantil Manuel.

Sr. Manuel Cendán: Pódese saír do paso

Sr. Alcalde: Hai que construír 4 aulas de infantil, 4, iso significa construír un edificio de planta baixa e primeiro e onde caben bien, o edificio de planta baixa e primeiro pois eu creo que esixen cada aula preto dos 100 metros, cada aula. Esixe 200 metros cadrados, pero logo hai que meterlle escaleiras e ascensor máis os corredores e os baños así que te vas tranquilamente a 225, 250 metros por planta. Entón feixes a planta baixa e o primeiro, máis as 4 aulas de infantil, máis as escaleiras, máis os baños, máis o ascensor. A casa do conserxe non da, por iso hai que buscar a parcela do aparcamento que é urbano por certo, e levar o aparcamento para a parte de arriba e a ver se educación o acepta porque, ¿que se esixe?, pasta para dotar o proxecto, que o Partido Popular ao gañar as eleccións o quitou da programación iso non significa que non o faga, pero en programación non o ten, e logo edificar, entón Nuñez Feijoo o desmantelador pois está a acabar con todo.

Sr. Manuel Cendán : Iso é insultar

Sr. Alcalde: O desmantelador porque o desmantelador é o que desmantela

Sr. Manuel Cendán : Tí si que insultas, home, tí si que insultas

Sr. Alcalde: Entón o ano pasado no orzamento do 2009 había 100.000 € para facer un proxecto e neste ano, no 2011 quitan, xa non só non fixeron o proxecto, porque gañaron en marzo as eleccións, non só non fixeron o proxecto, senón que aínda por riba non o programaron este ano, pero moverémonos Manuel, creeme que dende o colexio con todos os implicados nos moveremos.

Sr. Manuel Cendán : Pero se non fixeches nada joder, que cando che deixei eu a modificación puntual xa dixeches que non había nada

Sr Alcalde: Pero se se anulou o plan de urbanismo home!

Sr. Manuel Cendán : Pero que ten que ver iso, que dicías que non había nada, cando nós demos os primeiros pasos para iso, para a expropiación do sector, e cho dixen no Pleno.



Sr. Alcalde: Está ben

SR. Manuel Cendán :E díxencho non queren, que hai que ir á expropiación e díxeches, non que eu vou negociar e vou pagar e che dixen que non queren que esa negociación xa a fixera eu

Sr. Alcalde: Pero se non se pode expropiar

Sr. Manuel Cendán: ¿Que?

Sr. Alcalde: Que non se pode expropiar

Sr. Manuel Cendán: Agora, pero díxencho daquela

Sr. Alcalde: Que non se podía expropiar, que no plan de urbanismo non figuraba como equipamento.

Sr. Manuel Cendán: Pero que ten que ver

Sr. Alcalde: Que non se pode expropiar

Sr. Manuel Cendán I: Non recibimos ningún informe da modificación para expropiar

Sr. Alcalde: Que non se pode expropiar sen equipamento

Sr. Manuel Cendán: Coño, dicindo que estabamos estou a facerche a modificación e chegásenos o informe.

Sr. Alcalde: E non a remataches e continueina eu

Sr. Manuel Cendán: Porque eu xa non era Alcalde e ti lo negaches á mayor e pillábanos o touro.

Sr. Alcalde: Pero se nese momento estabas coa modificación

SR. Manuel Cendán: Pero Julio, Van 3 anos e pico, joder!

Sr. Alcalde: Sí, home sí, agora a culpa é miña

SR. Manuel Cendán : Eu xa iniciara iso e deixáchelo ahí morrer

Sr. Alcalde: Pois sí Manuel, pois estupendo

Sr. Alcalde: Iso xa o empezara eu



SR. Alcalde: Xa explicaremos porqué a Xunta non fixo o proxecto o ano pasado tendo 100,000 € para facelo e porque este ano non está programado o edificio de infantil, xa o explicarás no Parlamento por suposto. Xa o explicaredes no Parlamento.

Sr. Manuel Cendán : As cousas son como son iso xa deixei no eu iniciado e había que seguir con él para adiante porque no tema era de expropiación que non querían.

Sr Alcalde: Bueno, Manuel

Sr. Manuel Cendan : Recibimos dous informes desa modificación, un de educación e outro de Impacto Medio Ambiental.

Sr. Alcalde: Dende logo vaia Pleno hoxe eh!

Tes preguntas que facer Manuel?

Non unha soa

¿que pasa co camiño de estacas, da casa de Pubul a Estacas que está alí cortado e está feito unha porqueria aquilo.

SR. Alcalde: Non sei

Están os de R alí, creo que están a meter unhas canalizacións, están facendo unhas obras de urbanización.

O Sr. Manuel Cendan: outra pregunta, agora que estades falando, onde vive Manolo, que viñeron veciños a min a preguntarme se ían alí a colocar a instalación de R, xa llo dixen a Pepe, non sei se están ou non.

Sr. Alcalde: ¿Onde, na Ramón Pimentel?

SR. Manuel Cendán: Sí,

Eles fan o núcleo e buscan as conexións con edificios, pois, iso un edificio de 30 ou 40 ou 50 pisos que son x usuarios, entón eles deseñaron un proxecto sobre a base dos grandes edificios e loxicamente logo os unen. O que pasa é que tamén unha vez que empezaron as obras decidiron conectarse na avenida da Paz, e na avenida da Paz tampouco ían, e alí hai 2 urbanizacións, e non obstante decidiron ampliar esas urbanizacións. E cada vez que van executando, porque estes para non pagar a fianza. A fianza do levantamento de todas as rúas é moi cara, entón R para non ter que pagar toda a fianza no concello vai por tramos, entón ímonos decatando segundo vai avanzando, e de súpeto, por exemplo ou tramo da avida da



Paz, que non contabamos con el o fixeron. Pero claro, van por tramos porque a fianza que se lles pide é moi cara. Entón van por tramos.

O Sr. Manuel Cendán : Nada, eu con respecto ao tema do Mazote, onte fixeron algo, pero hai que tomar medidas, que iso non pode estar así. Hai que meter un abastecemento de auga, có que o Mazote hai que voltar a abrilo

Pero ábreño 50.000 veces, joder. Pero que teñan unha pisona alí desas pequenas e onte fixérono e quedou ben e choveu a mazo.

Sr. Alcalde: Claro, ese é o tema

SR. Manuel Cendán : Pero quedou ben, Julio

Sr. Alcalde: Xa, pero como chova rematouse,

Sr. Manuel Cendán : Pero non, porque está ben pisárono botáronlle a zahorra, pisárono e aínda que se faga lama, pasas, pero non todo é fochas, que teñan o pisón alí e logo páseno de aluguer.

SR. Alcalde: Esto é igual, xa está o lio

Sr. Manuel Cendán : Pero non lles custa nada, que lles leva 10 minutos, pasar o pisón, é se o deixas, imaxínate como estaba, es que ía ver unha hostia de cara porque todo o mundo vén polo anaco que queda de asfalto.

SR. Alcalde: Hai un sinal, hai que ir a 30 por alí. Pero bo, hai un sinal ben clarita

E non habendo máis asuntos para tratar e sendo catorce horas e cincuenta e sete minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,